

MEMORIA

CURSO 2022/2023

CEIP. WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ
CAMBRE

Introdución

A presente memoria reflexa o grao de consecución dos obxectivos expostos na Programación Xeral Anual do curso 2022/2023 e engade propostas para acadar a continua mellora da calidade educativa e dos procesos de ensino aprendizaxe de cara o próximo curso escolar.

Enuméranse cada un dos obxectivos coas actuacións e nivel de logro acadado e refírense propostas de mellora para o próximo curso.

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE MELLORA

Obxectivo 1: Traballar cara a unha educación comprensiva e sensible ás diferenzas individuais, desenvolvendo as potencialidades de cada persoa e favorecendo a integración de todos os alumnos e alumnas.

1. O Departamento de Orientación analizou as necesidades do alumnado detectadas e as referidas polo profesorado ao longo do curso. Os horarios de apoio e reforzo polo profesorado especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe foron elaborados de acordo á prioridade das necesidades do alumnado. Ao longo do curso atendéronse na medida do posible as necesidades que foron xurdindo así como as novas incorporacións. Ademais atendeuse ao alumnado que precisou reforzos e apoios e ao alumnado repetidor contando coas horas do profesorado que non completa horario na súa titoría ou especialidade.
2. Contamos cunha praza de PT de atención preferente para dar continuidade e mellorar así a atención ao alumnado con NEE, especialmente ao alumnado con TEA.
3. Contamos con Persoal Auxiliar Coidador dúas a tempo completo, e unha terceira compartida con outro centro educativo para o tempo de comedor escolar.
4. A formación dos grupos tivo en conta a equilibrada distribución do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
5. Continuamos co protocolo establecido para a intervención, estudo e valoración psicopedagóxica do alumnado con necesidades específicas

detectado polo profesorado e que non tiña valoración psicopedagóxica por parte do Departamento de orientación.

6. Revisáronse as adaptacións curriculares individuais autorizadas para este curso segundo o establecido nas mesmas. No curso actual foron autorizadas 4 AC para alumnado de educación primaria, no nivel de 6º de educación primaria.
7. Á hora de organizar os horarios do alumnado de primaria con NEAE (necesidades específicas de apoio educativo) escolarizado en modalidade combinada, tívose en conta a necesidade de garantir a asistencia deste alumnado a tódalas materias do currículo.
8. O alumnado escolarizado en modalidade combinada con outros centros específicos foi tido en conta á hora de programar as distintas conmemoracións e algunha saída educativa.
9. Resultados académicos: Considéranse polo xeral satisfactorios en canto á promoción do alumnado. Promocionan a práctica totalidade do alumnado tanto na etapa de educación infantil como na de primaria.
10. O alumnado que repetiu curso contou cun plan de reforzo nas materias suspensas.
11. O equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares seguiu o Plan de actividades complementarias, tendo en conta e promovendo a participación de todo o alumnado con NEAE.
12. O departamento de orientación non puido promover a organización de actividades lúdicas nos momentos de recreo na iniciativa “Patios dinámicos”, como se fixera outros anos, para favorecer a integración do alumnado con NEAE, en especial dedicado a mellorar a integración do alumnado con TEA.
13. O programa que se levaba a cabo e que comprende varias accións encamiñadas a coñecer as instalacións do IES Afonso X O Sabio, e recibir información dos estudos de secundaria e do funcionamento xeral do instituto, púidose realizar de xeito presencial neste curso acudindo o noso alumnado de 6º de EP acompañadas polas súas titoras e a Orientadora do centro ao IES.
14. O equipo de educación infantil, deseñou e levou á práctica actividades para acollida e adaptación do alumnado de nova escolarización nas reunións colectivas, deuse a coñecer o documento de normas de organización e funcionamento do centro ás familias.

15. Nas titorías ao longo do curso traballáronse os contidos de convivencia e igualdade.
16. Unha vez iniciado o curso incorporáronse un total de 6 alumnos e alumnas en distintos niveis educativos: 6º de Educación Infantil, 1º, 2º, 3º, 4º de Educación Primaria. Algún deste alumnado precisou medidas de reforzo educativo impartidas por profesorado con dispoñibilidade horaria.
17. Concedeuse a exención da cualificación en lingua galega a aquel alumnado de 5º e 6º de primaria que o solicitou e cumpría os requisitos esixidos pola normativa.

Neste curso 22/23 foron dúas alumnas: unha procedente de Comunidade Autónoma de Canarias sendo este o seu segundo ano de exención; e, outra procedente da Comunidade Autónoma de Madrid, sendo o seu primeiro ano de exención, ambas as dúas cursaron este ano 6º de Educación Primaria.
18. Non se puido desenvolver o programa de Mediación que poñía en marcha o departamento de orientación. Pero traballouse este aspecto desde a acción tutorial e en todas as actividades e conmemoracións.
19. Participamos igual que en anos anteriores na carreira solidaria da ONG “Save The Children”, organizada polo profesorado de educación física, enmarcada nas actividades do día da Paz, coa participación de todo o alumnado do centro do profesorado, do persoal non docente e das familias.
20. A situación da convivencia no centro e as propostas de actuación para melloralas en todos os ámbitos da vida escolar foi analizada na Comisión de Convivencia.

- **Proxecto “O bosque animado”** proposto pola Biblioteca Escolar (BE) para realizar por todo o alumnado do centro.
- **Actividades para todos os niveis organizadas polo EDLG** que se detallan na memoria do equipo.
- **Actividades organizadas polo EACE** que se detallan na memoria do equipo.
- **Charlas da garda civil** para o alumnado de 6º de Ed. Primaria sobre o uso das redes sociais, **no marco do Plan Director.**
- **Saídas escolares no entorno do Concello.**

Do grao de cumprimento deste obxectivo dáse conta nas memorias dos distintos equipos.

Propostas

1. Optimización dos horarios do profesorado para aproveitar a dispoñibilidade distribuíndo horas de apoio e reforzo nas aulas que escolarizan alumnado con NEAE. Aproveitar xa creada unidade de atención preferente para a mellora da atención do alumnado con TEA.
2. Na elaboración dos horarios deberemos ter en conta, en primeiro lugar, ao alumnado con NEAE escolarizado en modalidade combinada en educación primaria para que poida asistir a clase de todas as materias da etapa, procurárase ter en conta as súas necesidades específicas para distribuír as 5 materias ao longo da xornada nos grupos de referencia destes alumnos.
3. Favorecer o traballo e a coordinación do profesorado encargado do equipo docente e de traballo.
4. Favorecer maiores niveis de integración ao alumnado con dificultades neste eido.
5. Fomentar a autoavaliación do centro tomando como referencias os resultados das avaliacións internas (xuntas de avaliación, actas de avaliación, actas da CCP...)
6. Revisión e divulgación do protocolo de detección e valoración do alumnado con NEAE, na procura de que todo o alumnado que o precise teña un informe psicopedagóxico no que se especifiquen as necesidades de atención por profesorado especialista de PT ou AL ou polo profesorado titor e de apoio.

Obxectivo 2: Fomentar a participación activa das familias na vida do centro.

Mantívose, como é habitual, unha comunicación fluída coas familias a través de diversas canles:

1. Representantes das familias e da ANPA “Fendetestas” no Consello Escolar.
2. Reunións do Equipo Directivo con representantes da ANPA “Fendetestas”.
3. Reunións de pais e nais coas titoras e titores.
4. Continuamos este curso coa app **AbalarMóbil** como canle de comunicación coas familias para achegar informacións de interese tanto dende o Equipo Directivo coma dende as titorías. Comunicáronse tamén as cualificacións das distintas avaliacións.
5. Colaboración das familias en actividades propostas polo centro.

6. Recollida de queixas e suxestións presentadas polas familias ou polos seus representantes a través do consello escolar e da ANPA.
7. Os representantes das familias do alumnado de 5º de EP foron informados do proxecto E-Dixgal por parte do coordinador e do funcionamento do equipamento do alumnado cedido pola Consellería ao comezo do curso.
8. Todas as familias que quixeron coñecer o centro antes de que se abrixa o prazo de admisión de alumnado puideron facer unha visita presencial nas xornadas de portas abertas desenvoltas os días: 15, 16, 23 e 24 de febreiro de 2023.
9. Mantemento e actualización da páxina web do centro como canle de comunicación con toda a comunidade educativa.
10. Mantivéronse as aulas virtuais dentro da páxina web, nas que o alumnado seguiu o proceso de ensinanza-aprendizaxe durante o todo o curso.
11. Facilitouse un correo electrónico para manter unha comunicación fluída coas familias por parte de cada mestre titor e especialistas.
12. Mantívose comunicación telefónica coas familias para tratar temas relacionados coa educación dos seus fillos.
13. Activouse cada mes no espazo Abalar a posibilidade de descarga dos recibos de comedor para facilitar ás familias usuarias deste servizo o acceso aos recibos mensuais.
14. Mantemento das bitácoras de diferentes cursos e especialidades.
15. Informouse as familias do alumnado de 6º de primaria sobre a transición á etapa da ESO.
16. Informouse a toda a comunidade educativa a través da páxina web sobre a nova composición do consello escolar.
17. Solicitamos a colaboración do Concello para difundir información sobre os prazos de admisión do alumnado novo e dos servizos complementarios (comedor e transporte)
18. As reunións dos órganos colexiados convocáronse na súa maioría con carácter ordinario para favorecer a participación de todos os sectores, se ben houbo diversas convocatorias con carácter extraordinario e urxente atendendo ás necesidades do centro en cada momento.

Hai que destacar:

1. A acción titorial como complemento da acción docente dos mestres e mestras, o traballo dos equipos de coordinación docente, equipo de Biblioteca, equipo de TIC, EDLG e equipo de actividades complementarias e extraescolares.
2. Seguimos detectando entrega de solicitudes e/ou documentación incompleta ou fóra de prazo pese aos esforzos do centro de mellorar a comunicación por diferentes

vías (páxina web, Abalarmóbil, difusión a través da nosa bitácora e a través do Concello)

Propostas

1. Seguir a convocar as reunións con carácter ordinario para favorecer a información e a participación.
2. Informar ás familias a través das titorías e reunións xerais sobre os documentos pedagóxicos e de xestión do centro.
3. Promover a participación, implicación e colaboración das familias no proceso educativo.
4. Promover o uso da aplicación ABALAR móbil.
5. Continuar solicitando a colaboración do Concello para a difusión de información de prazos de solicitude.
6. Promocionar e difundir o coñecemento do consello escolar como principal órgano de participación das familias na xestión do centro.
7. Divulgar a necesidade de que os pais e nais se presenten voluntarios/as para colaborar no comedor.
8. Promover a participación das familias a través do consello escolar.

Obxectivo 3: Xestionar os recursos humanos do xeito máis racional posible.

A adscrición do persoal docente e non docente fíxose atendendo á normativa vixente. O profesorado completou o seu horario con sesións de reforzo educativo para o alumnado que determinou o departamento de orientación previa solicitude dos mestres/as.

Neste curso seguimos a ter unha gran proporción de alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Consideramos que o profesorado especialista de PT por enriba do catálogo é imprescindible. Este curso contamos cunha mestra de PT de atención preferente e consideramos que deberá manterse esta praza para o vindeiro curso 23/24; a mestra que ocupa esta praza obtivo outro destino no Concurso Xeral de Traslados e non foi convocado o concurso de atención preferente. Vemos a necesidade de solicitar á Consellería, ante esta situación, 1 mestre/a desta especialidade para cubrir esta praza e outra máis a tempo completo dado o elevado número de alumnado NEAE.

A formación dos grupos tivo en conta a equilibrada distribución do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Atendendo ás instrucións da inspección educativa, axustouse ao máximo o horario das especialistas de PT e AL para poder atender ao maior número posible de alumnado con NEAE, aínda así non se chegou a cubrir completamente as necesidades do alumnado.

Continuamos cunha praza de atención preferente para a mellora da atención do alumnado con TEA. Esta praza favorece a atención a ese alumnado de forma continua.

Na medida do posible dotouse ás persoas responsables dos equipos de traballo de horas para a coordinación e dinamización, en especial aos coordinadores/as dos equipos de BE, TIC e E-DIXGAL, responsables da atención e xestión do comedor escolar, profesorado das seccións bilingües...

Seguimos a reclamar o recoñecemento de horas de dedicación para os responsables de Biblioteca e do equipo de TIC/ E-dixgal que non se recoñecen nos regulamentos vixentes e que consideramos un agravante con respecto aos que si están recoñecidos.

No presente curso contamos cunha auxiliar de conversa para as seccións bilingües. O achegamento á lingua e á cultura inglesas supón para o alumnado das seccións bilingües e máis para o profesorado un enriquecemento a todos os niveis, nomeadamente na competencia lingüística en lingua estranxeira.

En canto ao persoal non docente, presentáronse algunhas dificultades que veñen sendo informadas neste documento desde hai varios cursos:

- Horario do conserxe non suficiente para cubrir as necesidades do centro (aberto desde as sete e media da mañá ata as 18:30h. de martes a venres e os luns ata as 19:00h.).
- O persoal administrativo do centro (incorporado en novembro de 2022, por concurso de traslados) non cumpre o horario de atención á comunidade educativa.
- Seguiuse coa dotación de persoal de limpeza durante a mañá derivado da situación de pandemia acontecida nos últimos cursos escolares, consideramos imprescindible seguir tendo esa figura polas mañás dado o elevado número de alumnado que temos no centro.
- Este curso dispoñemos dende xaneiro de tres profesionais: Persoal Auxiliar Coidador, dúas a tempo completo e a terceira compartida con outro centro estando no noso no tempo de comedor, para atender a alumnado con necesidades educativas específicas. Consideramos que este persoal é esencial e debe incrementarse nun/nunha profesional máis a tempo completo dado o aumento de alumnado que necesita este tipo de atención específica.

- Falta de formación e experiencia do persoal colaborador de comedor, dado que a normativa vixente non permite que as persoas colaboradoras poidan repetir dous cursos consecutivos co que non se pode aproveitar a experiencia e formación adquiridas. Ademais deberían contar con formación en manipulación de alimentos, actividades para o tempo de lecer e técnicas básicas de primeiros auxilios, o que non se lles esixe para acceder a colaboración.
- Con respecto á atención do comedor escolar temos o problema da falta de persoal colaborador. A meirande parte dos usuarios son fillos de familias que acreditan a incompatibilidade do horario laboral co horario do centro co que é imposible a asistencia de pais ou nais en horario de comedor para labores de colaboración.

Esta contradición na programación do funcionamento do comedor segue a causar problemas á hora de conseguir colaboradores suficientes para garantir o funcionamento deste servizo, aínda que este ano como o curso pasado, permitiuse a colaboración doutras persoas convivinte co alumnado que non fosen os propios proxenitores ou titores. Demandamos que se poda seguir contando con colaboradores con este tipo de parentesco.

- O profesorado adscrito ao 5º e 6º nivel de educación primaria traballou co proxecto E-Dixgal. Ademais participou en diferentes cursos sobre o funcionamento da plataforma EVA E-dixgal.
- De cara ao próximo curso, aproveitarase a gran estabilidade do claustro, na súa meirande parte formado por profesorado con destino definitivo o que contribúe a unha mellora na calidade educativa do centro.

Propostas

1. Optimización dos horarios do profesorado para aproveitar a dispoñibilidade distribuíndo horas de apoio e reforzo nas aulas que escolarizan alumnado con NEAE.
2. Ante a imposibilidade de optimizar máis os horarios das especialistas de PT e AL ao máximo para atender ao maior número de alumnado con NEAE, seguir solicitando á administración o incremento de profesorado das especialidades de PT/AL.
3. Formación do persoal administrativo no uso dalgunhas aplicacións informáticas.
4. Mellorar a distribución de tarefas administrativas.

5. No deseño dos horarios do próximo curso seguir dotando de horas para coordinación aos responsables dos equipos de BE, E-dixgal, comedor, seccións bilingües, ...
6. Aumentar o horario do persoal de limpeza coincidindo co horario escolar para favorecer o protocolo de sanidade sobre as medidas de limpeza recomendadas nos centros educativos.

Obxectivo 4: Facer as xestións necesarias para a mellora e mantemento das instalacións e do recinto escolar.

Fixéronse diversas solicitudes ao Concello e á Consellería que atenderon gran parte das nosas demandas e outras melloras fixéronse con cargo aos fondos das contas de funcionamento (colexio) e de comedor do centro (cociña e comedor).

Melloráronse as seguintes instalacións:

- Reposición por deterioro de mobiliario e material diverso (colexio).
- Substitución do depósito da calefacción do centro (consellería).
- Cambio da tubaxe do recorrido da calefacción e revisión da instalación para que chegue a todos os edificios do colexio (consellería – concello).
- Acondicionamento e mantemento dos patios de infantil: Mantemento dos xogos coa súa reparación, substitución do caucho da zona de 3 anos e pintado de xogos. (Concello).
- Reposición de diversos materiais informáticos (colexio).
- Dotacións de paneis interactivos de 75 pulgadas para Educación Infantil e primeiro ciclo de Educación Primaria (consellería)
- Dotación de fondos e adquisición de mobiliario específico para a biblioteca do centro.
- Pequenas reparacións a cargo do Concello e outras que se fixeron con cargo á conta dos fondos do colexio.
- Reparación e mantemento dos equipos informáticos e das fotocopiadoras por una empresa a cargo dos gastos de funcionamento do centro (colexio).
- Reparacións varias e mantemento do equipamento da cociña (colexio).
- Reparación armario aula de educación infantil (colexio).

- Cambio da billas dos aseos de Ed. Infantil e do edificio principal e de premedores da cisterna (colexio).
- Mantemento da substitución da luminaria dos edificios por luces de baixo consumo (concello).
- Revisión da megafonía do centro (colexio).
- Mantemento da substitución de estores deteriorados de determinadas aulas do centro (colexio).
- Acondicionamento de dúas aulas do centro para desenvolver o espazo de Polos Creativos concedido neste curso escolar: instalación eléctrica, pintado de aula. (colexio – concello)
- Mantemento do equipo de megafonía do centro (colexio).
- Dotación da estrutura industrial de papel e deshumificador para a sala de mestres (colexio).

No verán está previsto realizar a seguinte obras:

- Pintado de aulas dos edificios que compoñen o centro (Concello).

Propostas

1. Solicitar de novo a rehabilitación enerxética da fachada de todo o edificio escolar (Consellería).
2. Revisión da cuberta por desprendementos da pintura do tellado (Consellería).
3. Instalación dun tellado exterior na entrada do edificio de administración e do edificio da Biblioteca (Concello).
4. Remodelación da zona que está detrás do patio cuberto para ampliar a entrada ao pavillón (Concello).
5. Acondicionamento das zonas axardinadas e plantación dalgunha especie arbórea perenne (Concello).
6. Poda anual das árbores de todo o centro (Concello).
7. Repintado dos xogos da entrada (Concello).
8. Renovación de equipos informáticos que o requiran (colexio).
9. Substituír a zona de pedras do patio de 3 anos por outra menos perigosa para o alumnado.

10. Atender, na medida do posible, as peticións de recursos e materiais dos distintos equipos de coordinación e especialidades (colexio).

Obxectivo 5: Revisar e actualizar os documentos base do Centro.

Os documentos de organización pedagóxica e de funcionamento do centro están publicados na páxina web.

A revisión anual das programacións didácticas organízase desde a CCP e lévase a cabo no seo dos equipos de coordinación docente para logo volver á CCP e así garantir a coherencia en cada unha das etapas educativas que se imparten no centro. Nas reunións deste órgano colexiado, con competencias fundamentalmente no eido pedagóxico e didáctico, tratáronse temas relacionados coa revisión das programacións didácticas e demais documentos do centro.

Durante este curso, na CCP actualizáronse o Proxecto Lingüístico de Centro e o Plan Lector de centro, e informouse da elaboración do Plan Estratéxico de Mellora que elaborou o equipo impulsor do mesmo.

Propostas

1. Acadar unha mellor eficiencia no seo da CCP como órgano de cohesión no ámbito pedagóxico do centro.
2. Promover a coordinación dos equipos e o traballo de colaboración do profesorado, tendo como referencia de unidade mínima de coordinación o mesmo nivel ou curso.
3. Dinamizar a CCP, como órgano innovador e promotor de propostas didácticas que impliquen enfoques novos do proceso ensino aprendizaxe. Revisar o Plan de Acción Titorial.
4. Revisar e actualizar o Plan de Atención á diversidade.
5. Revisar e actualizar o Proxecto Educativo de Centro.
6. Diseñar un calendario de revisión e actualización dos documentos do centro.
7. Diseñar documentos para o profesorado que sirvan de guía na toma de decisións en relación á avaliación e promoción do alumnado.

8. Adaptar as programacións didácticas do curso 2023/24 de cordo á normativa vixente, seguindo o calendario de implantación da LOMLOE.

Obxectivo 6: Impulsar o traballo cooperativo entre os diferentes equipos.

Programáronse e leváronse a cabo as reunións preceptivas e todas as necesarias co fin de tratar temas puntuais que afectaban a toda a comunidade educativa e que trataron temas diversos:

- Fixar obxectivos comúns.
- Manter a coherencia entre as etapas de educación infantil e primaria e entre os niveis de educación primaria.
- Establecer conxuntamente obxectivos mínimos e criterios de avaliación no ciclo de Ed. Infantil ou en cada nivel.
- Traballo cooperativo dos equipos de profesorado no deseño, programación e desenvolvemento das actividades complementarias e actividades extraescolares do centro.
- A coordinación xeral mantívose nas reunións da CCP, onde están representados os niveis de primaria e o 2º ciclo de infantil. Nas reunións deste órgano colexiado tratáronse temas propios da coordinación pedagóxica do centro. Neste aspecto valóranse de gran importancia as reunións do profesorado nos diferentes equipos docentes e de coordinación co fin de tratar temas de interese xeral e reflexionar conxuntamente sobre a problemática propia do centro e as posibles solucións así como posibilitar a presentación de ideas e proxectos de innovación e propostas de mellora.

Como indicadores da consecución deste obxectivo podemos citar:

- A implicación de todo o profesorado na proposta, programación e execución de actividades e proxectos comúns para todo o centro: actividades e conmemoracións especiais (Nadal, Día da Paz, Entroido...) e proxecto documental da Biblioteca.
- A participación de xeito individual de parte do profesorado en diversas actividades de formación para a actualización no uso das TIC, na atención á diversidade e distintas temáticas relacionadas coa mellora da calidade educativa.
- Este ano continuaron formándose os mestres/as con cursos específicos ofertados no Plan de Formación Permanente do Profesorado: Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes , participamos nun PFPP relacionado

cos POLOS CREATIVOS, despois de solicitálo a finais do curso pasado (21/22) no verán do 2022 saímos seleccionados na primeira quenda de participación.

- A participación do centro a través da implicación do profesorado en diferentes programas de innovación e éxito educativo: Programa Edixgal en 5º e 6º de EP, Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, Seccións Bilingües, Plan Proxecta, Recupérase-t (PROA+), Polos creativos e centro Plurilingüe.
- As reunións dos responsables dos departamentos de orientación do centro e do IES Afonso X O Sabio ao que estamos adscritos para promover a coordinación na transición á educación secundaria do noso alumnado.

Propostas

1. Favorecer o funcionamento dos equipos de traballo e a coordinación docente.
2. Continuar co PFPP engadindo novas liñas de formación segundo os intereses do claustro de profesorado.
3. Continuar coa comisión de ciencia para organizar e coordinar a participación do colexio na feira de ciencia de Cambre “Openscience”.
4. Continuar e promover a participación do centro en programas de innovación e a continuidade nos que xa están en marcha.
5. Promover un plan de tránsito de educación infantil a educación primaria que contemple reunións coas familias ao finalizar 6º EI e reunións do profesorado de 6º de EI e 1º de EP ao comezo do 1º curso.
6. Promover reunións ao comezo de curso entre o profesorado que rematou un ciclo e o profesorado do ciclo seguinte para comentar os aspectos máis relevantes do alumnado e establecer así unha liña de base para o inicio do curso escolar.

Obxectivo 7: Sensibilizar á comunidade educativa na necesidade de erradicar da nosa sociedade a discriminación de xénero.

Entendendo a comunidade educativa como o conxunto de todos os sectores implicados no proceso de ensino-aprendizaxe este obxectivo forma parte das prioridades de actuación no PE e está presente en tódalas concrecións deste documento, nas programacións e no Plan de Igualdade. No curso que agora remata traballouse neste senso programando actividades desde:

- Acción tutorial.

- Departamento de orientación.
- Equipo de actividades complementarias.
- Participación do centro en actividades con temas relacionados coa igualdade programadas por institucións como o Concello ou polo propio centro.
- Organización polo profesorado de educación física de actividades de promoción de deportes minoritarios ou menos practicados.
- Programa anual do comedor.

Propostas

1. Continuidade da promoción e difusión de actividades e proxectos.
2. Reforzar desde o DO a acción titorial, revisar o Plan de Acción Titorial.
3. Promover todas aquelas propostas sobre convivencia, igualdade e inclusión que saian dos equipos de coordinación e da comisión de convivencia para incluílas nas Programacións Didácticas e na PXA do próximo curso.
4. Partir da situación de convivencia referida no informe final da Comisión de convivencia e na memoria do Plan de Igualdade para programar accións de mellora de cara ao próximo curso. Dar continuidade ao plan de Igualdade.

Obxectivo 8: Integrar as tecnoloxías da comunicación nas propostas educativas, a través dun ensino supervisado e guiado para maior aproveitamento dos diferentes programas documentais en soporte multimedia, de programas informáticos e do uso de páxinas web, webquests, entornos virtuais de aprendizaxe, recursos dixitais, aulas virtuais...

Traballouse para acadar este obxectivo nos grupos de E. Primaria e de E. Infantil. A aula de informática foi utilizada polas titorías dentro do horario lectivo (sobre todo de 1º a 4º de Educación Primaria, xa que 5º e 6º de Educación Primaria son aulas E- dixgal). Esta aula e o seu equipamento foi utilizada tamén pola ANPA en horario extraescolar. O centro segue a formar parte da rede de centros E-dixgal.

En xeral valórase positivamente a iniciativa E- dixgal por todo o profesorado, mellorou a conectividade Wi-Fi en todas as dependencias do centro.

A nivel de dotación de recursos, o centro conta en liñas xerais cun equipamento TIC moi completo en tódalas aulas. Todas elas tanto en primaria como en infantil contan con equipo informático e de proxección, así como conexión a internet e contan con encerado dixital. Tamén contan con equipamento TIC as aulas de Música e de Inglés. Se ben, a Consellería coa elaboración do Plan Dixital de Centro e a súa implantación está a dotar de paneis interactivos os colexios, e neste curso, dotouse deste recurso as aulas de Educación Infantil e Primeiro ciclo de Primaria, ao comezo do vindeiro curso 2023/2024 seguirase dotando de ditos medios ás aulas de segundo e terceiro ciclo de Primaria (3º, 4º, 5º e 6º).

Contamos con moitos equipos ABALAR e co seu armario de carga correspondente que foron revisados e postos a punto polo equipo TIC para poder ser utilizados polo alumnado de distintos niveis de EI e de EP dende o curso 20/21. Neste curso 22/23 a través do material que achegou a Consellería pola participación no proxecto de Polos Creativos, dotáronnos con 11 ordenadores máis.

As avarías e incidencias nos equipamentos foron resoltos pola unidade de atención a centros no caso dos equipamentos E-Dixgal e pola empresa contratada no caso do resto de equipos.

Mantivéronse actualizadas as bitácoras que xa estaban creadas.

Continúase usando a aula virtual a través da páxina web para o alumnado, os titores e os especialistas.

En todos os ciclos utilizáronse as TIC para investigar en proxectos deseñados nas distintas áreas e no proxecto documental promovido pola biblioteca escolar.

Está xeneralizado o uso da aplicación XADE por parte de todas as titoras e titores dos grupos de E. Primaria e de E. Infantil para a xestión académica dos alumnos/as.

Este curso migrouse a outro sistema de xestión da biblioteca escolar deixando de empregarse o programa MEIGA e sendo agora o programa de xestión KOHA. De momento só o equipo de biblioteca está empregando o programa, nos vindeiros cursos darase a formación ao resto de profesorado do centro para que poidan facer as labores de empréstito e devolución e demais xestións como se desenvolvía co programa MEIGA.

Propostas

1. Facilitar o desenvolvemento do Plan TIC e impulsar o uso de recursos dixitais nas aulas.
2. Continuar o proxecto E-dixgal en 5º e 6º de Educación Primaria.
3. Seguir coa realización de proxectos de formación no eido das TIC a través do PFFP co que xa contamos neste curso no centro, tanto para grupos E-dixgal como para o resto de niveis.
4. Continuar coa renovación gradual dos equipos da aula de informática na medida que se poida.
5. Incrementar o número de equipos TIC na Biblioteca escolar.
6. Promover a participación do centro nos programas de innovación educativa e éxito educativo a través do: Plan Proxecta + e do Plan Recupera-t ou outros que poidan xurdir.

Obxectivo 9: Converter a biblioteca escolar nun centro de recursos e servizos para a comunidade educativa poñendo á súa disposición os fondos de ficción e documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual ou multimedia.

Este ano o proxecto de investigación para os alumnos e alumnas proposto desde a biblioteca foi sobre “ O bosque animado”.

Retomáronse neste curso actividades da biblioteca que quedarán en suspenso a raíz da COVID- 19, como foron a apertura da biblioteca en dúas xornadas do recreo de mañá (xoves e venres de 12:00 a 12:30h.), o club de lectura, aumento ao 100% do aforo da biblioteca na actividade de tarde que se fai de luns a xoves de 16:00 a 17:15h.

Continuamos coa participación no PLAMBE, proxecto de innovación e mellora da calidade educativa que vimos desenvolvendo desde o curso 2005/06, cumprindo os obxectivos marcados. Asemade o centro aportou fondos da conta de gastos de funcionamento para o funcionamento da biblioteca escolar, contemplados estes fondos no proxecto de distribución do orzamento anual aprobado.

Como parte do PLAMBE, continuouse coa adquisición de fondos para mellorar a dotación bibliográfica e coa actualización da xestión e organización dos mesmos mediante o programa KOAH, co que se comezou a funcionar neste curso en detrimento do MEIGA.

A xestión do préstamo puido levarse a cabo polos titores/as utilizando o programa MEIGA. Se ben, co cambio ao emprego do programa KOHA de momento este traballo estano a facer o equipo de biblioteca, co tempo formarase ao resto do profesorado do centro para que poida seguir a realizar esa labor. Adquiriuse mobiliario para a biblioteca para completar as instalacións deste espazo. Ademais dos fondos destinados pola Consellería, o centro investiu unha parte dos fondos presupostados para a biblioteca en melloras no mobiliario, recursos e fondos.

Este ano a asistencia aos encontros organizados pola Asesoría de Bibliotecas escolares como parte da formación continuada e actualización no ámbito das bibliotecas escolares e do fomento da lectura fíxose presencialmente e asistiu a responsable da Biblioteca.

Do grao de consecución dos obxectivos programados no plan de traballo da biblioteca infórmase na Memoria da Biblioteca escolar.

Propostas

1. Promover a participación no Proxecto anual proposto desde a biblioteca escolar para o curso 2023-24.
2. Dar continuidade ao proxecto PLAMBE 23/24 segundo o acordado polo claustro e polo consello escolar.
3. Continuar coa mellora dos fondos da biblioteca e máis do mobiliario e equipos TIC.

Obxectivo 10: Promover e dinamizar o uso da lingua galega nunha comunidade predominantemente castelanfalante.

Deuse cumprimento ao Decreto 79/2010 na distribución de horas nas dúas linguas cooficiais.

O equipo de dinamización da lingua galega acadou a maior parte dos obxectivos propostos no seu plan para este curso segundo informa na súa memoria.

Participouse no Proxecto de Fomento do Galego. Puxéronse a disposición do profesorado e da comunidade educativa do centro recursos educativos diversos de cara a fomentar o uso da lingua galega seguindo as directrices do Proxecto Lingüístico do centro.

O EDLG desenvolveu campañas de sensibilización, motivación e promoción do uso do galego organizando numerosas actividades dentro das aulas.

Propostas

1. Promover a participación nas actividades propostas polo EDLG e no Proxecto de fomento do uso do galego.
2. Mellorar a difusión entre a comunidade educativa e uso da bitácora “Quer Que lle Quer”
3. Promover o uso cotián do galego entre o alumnado e o profesorado en contornos fóra da aula.

Equipo directivo
Cambre, 21 de xuño de 2023

ANEXOS

1. MEMORIA DE EDUCACIÓN INFANTIL
2. MEMORIA DE 1º E 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
3. MEMORIA DE 3º E 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
4. MEMORIA DE 5º E 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
5. MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)
6. MEMORIA SECCIÓNS BILINGÜES
7. MEMORIA DE TICS
8. MEMORIA E-DIXGAL
9. MEMORIA PLAN DIXITAL
10. MEMORIA POLOS CREATIVOS
11. MEMORIA DO EQUIPO DE BIBLIOTECA ESCOLAR (EBE)
12. MEMORIA DO PLAN ANUAL DE LECTURA
13. MEMORIA DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (EACE).
14. MEMORIA DO OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA
15. MEMORIA DO PLAN DE IGUALDADE
16. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
17. MEMORIA DO PROGRAMA PROA+
18. MEMORIA VOZ NATURA
19. MEMORIA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR
20. MEMORIA ANPA FENDETETAS

1- MEMORIA DE EDUCACIÓN INFANTIL CURSO 2022/2023.

1.- EQUIPO DOCENTE

Ademais dos seis titores, contamos con tres mestras de apoio, debido a que unha delas ten redución de xornada e coa intervención dos seguintes especialistas:

L. Inglesa: Dúas sesións de vinte e cinco minutos en cada aula.

Audición e Linguaxe: As mestras atenderon a 15 alumnos/as de E.I. distribuindo o tempo segundo os horarios.

Pedagogía Terapéutica: A mestra atendeu a 5 alumnos de E.I. distribuindo o tempo segundo os horarios.

Relixión: Unha sesión semanal para o alumnado que escolleu esta opción.

Atención Educativa: Unha sesión semanal para o alumnado que o solicitou.

Apoio: Encargáronse de impartir as sesións de taller de linguaxe e Psicomotricidade. Ademais apoiaron o traballo en todas as aulas segundo o horario aprobado para o curso.

A coordinación entre o profesorado foi fluída e constante ao longo do curso.

2.- ALUMNADO

Este curso contamos con 82 alumnos/as distribuídos en 6 aulas:

- Aula de 4º EI A: 14
- Aula de 4º EI B: 11
- Aula de 5º EI A: 15
- Aula de 5º EI B: 14
- Aula de 6º EI A: 14
- Aula de 6º EI B: 14

Recibiron atención por parte da especialista de **A.L.**

- 4º EI A: Dous alumnos/as.
- 4º EI B: Un alumno/a.
- 5º EI A: Dous alumnos/as.
- 5º EI B: Dous alumnos/as
- 6º EI A: Catro alumnos/as
- 6º EI B: Catro alumnos/as

Recibiron atención por parte da especialista en **P.T.**

- 4º EI A: Dous alumnos/as.
- 4º EI B: Un alumno/a.
- 5º EI A: Un alumno/a.
- 5º EI B: Un alumno/a.

Hai nenos/as que aínda están pendentes de valorar. Non se están atendendo a todos os alumnos/as por falta de horario das especialistas.

Promocionan todos os alumnos/as.

3.-OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais, expostos na programación anual, acadáronse tanto a nivel xeral da etapa como en cada unha das aulas, alcanzando, como é lóxico, diferentes niveis de consecución por parte dos alumnos, en función das súas características individuais.

O proceso de adaptación do alumnado de nova incorporación foi satisfactorio en xeral. A adaptación e integración dos alumnos e alumnas que se incorporaron ao longo do curso foi gradual e positiva.

4.- ACTIVIDADES

Durante este curso tendo en conta as conmemoracións recollidas na Orde do 20 de maio de 2022, pola que se regula o calendario escolar para este curso, e as actividades complementarias propostas polos diferentes equipos leváronse a cabo diversas actividades, entre as que destacamos:

Plan de acollida para os alumnos con NEAE proposto polo D.O.

Open Science. Participamos na exposición de ciencia en Cambre os días 16, 17 e 18 de setembro.

Visitas do Moucho Leroucho e da Curuxa Catuxa (dentro da campaña de animación á lectura do Concello). Neste curso o Moucho veu visitarnos no primeiro trimestre e a Curuxa veu a escola no terceiro trimestre.

Contacontos: Grazas a colaboración da editorial Santillana, o alumnado disfrutou dunha sesión de contacontos no centro no segundo trimestre.

Proxecto de biblioteca: Este ano a temática foi “O bosque animado” e participamos en todas as propostas do equipo.

Todas as aulas participaron no proxecto de préstamo de contos da biblioteca escolar.

Celebración do Samaín: Fixemos unha manualidade para conmemorar esta data. Decoráronse os corredores, fíxose a ruta do sentidos coa pisa da uva (a vendima) e alumnado de 6º E.P foi as aulas de infantil cantar ao alumnado.

Día Internacional contra a violencia de xénero: Para a súa conmemoración cada aula realizou un lazo violeta que colgamos nas xanelas.

Conmemoración do Nadal: Este ano fixemos postais para os comercios do concello e degustamos unha merenda especial con batidos e roscón. Ademais tivemos unha sesión de cinema, onde o alumnado puido degustar flocos de millo e desfrutou do visionado de curtos de Disney relacionados co Nadal. Por último, tivemos a visita de Papa Noel e os Reis Magos e realizouse unha visita ao poboado de Nadal no corredor de Primaria.

Día da Paz: Realizouse unha carreira solidaria o día 27 de xaneiro. O día 28 cunha pomba de cartolina na man cantamos con todo o alumnado do centro unha canción relacionada con esta temática.

Conmemoración Rosalía de Castro. Participamos nun trivial con preguntas de Rosalía para conseguir a acreditación de Aula Rosaliana. Realizouse un marcapáxinas e algúns alumnos/as de 5º de E.P baixaron ás aulas de E.I a falar da vida de Rosalía.

O Entroido: Ao longo da semana tivemos os “Mandadiños do Meco”. Contamos coa colaboración das familias para mercar ou elaborar os disfraces. Este ano a temática foi os animais do Bosque Animado e realizamos un pasarrúas pola vila de Cambre.

Semana do libro: Para conmemorar o día do libro realizamos co alumnado un intercambio de libros.

Celebración do día da Familia: O alumnado elaborou un agasallo para a familia co fin de celebrar a data sinalada.

Voz Natura. Algunhas aulas fixeron pequenos cultivos nas propias aulas, e tres titorías participaron no proxecto con diversas plantacións no horto.

Semana das Letras Galegas: O 23 de maio realizamos a visita á casa Wenceslao, onde o alumnado de Primaria leu contos ao alumnado de Infantil.

Visionado da película “Valentina”: Todo o alumnado de E.I, puido ver esta película no salón de actos do centro.

Saída o Palacio da Ópera: O alumnado de 5º e 6º E.I foi ao concerto didáctico “Caperucita”.

Excursións fin de curso: A granxa de Marcelle para o alumnado de 6º de E.I. e A Casa do Queixo para os nenos/as de 5º de E.I.

Visita ao Aquarium: o alumnado de 6º de E.I. visitou o Aquarium da Coruña.

Visita ao parque de bombeiros de A Coruña: o alumnado de 5º de E.I. visitou o parque de bombeiros.

Festa de Fin de Curso: O alumnado de infantil realizou distintos xogos.

Festa de fin de ciclo: o alumnado de 6º de E.I. celebrou a súa graduación de remate de ciclo.

Teatro 6º de Primaria: o alumnado de Educación Infantil acudiu ao salón de actos para ver unha obra de teatro realizada por algún alumnado de 6º de E.P.

5.- INSTALACIÓNS

Seguen existindo deficiencias en canto ás instalacións, tendo en conta que os alumnos/as implicados son os máis pequenos do Centro, e polo tanto, os que teñen unha menor autonomía e os que precisan contornos máis seguros e adaptados as súas características.

Propostas de mellora e deficiencias a ter en conta:

AULA DE PSICOMOTRICIDADE:

Forrado do radiador

AULAS:

Algunha das aulas precisan de mantemento e retoques de pintura.

BAÑOS:

Observamos que os baños de E.I. están deteriorados. Os atascos son frecuentes provocando inundacións e inutilizando deste xeito o único baño do que dispoñen cinco aulas.

Por outro lado, só unha das 6 aulas conta cun baño no seu interior, tendo que compartir o outro baño as cinco aulas restantes o que dificulta o traballo a desenvolver cos nenos. Precisamos acceso directo da aula ao baño.

PATIO:

Na zona de baños-valado fanse grandes charcos que dificultan a entrada aos baños. En canto ao patio de tres anos tamén se forman charcos, a pesar de que se fixeron obras de mellora nos dous patios e no caucho.

Necesidade dun valado para diferenciar e limitar o patio de infantil do de primaria.

Tamén se observan as seguintes deficiencias

- Substituír os elementos de xogo por outros novos.
- Necesidade dun patio cuberto.

6.- RECURSOS

- Dispoñemos de dous ordenadores na titoría de infantil.
- Todas as aulas están dotadas de pizarras dixitais novas.
- Dispoñemos de 8 ordenadores portátiles, algúns deles están obsoletos e precisan renovarse.

7.-RELACIÓNS COAS FAMILIAS

A comunicación cos pais e nais foi fluída e constante. As canles utilizadas foron as reunións xerais en cada titoría e outras puntuais por diversos motivos, circulares e avisos a través de Abalar.

Durante todo o curso foron constantes as entrevistas persoais na hora de visitas, e tamén foron informados ao remate de cada avaliación mediante os boletíns informativos trimestrais. A comezo de curso, todas as clases fixeron unha reunión grupal.

Valoramos positivamente a participación xeral das familias nas actividades que se lles propuxeron así como a súa axuda na realización de moitas delas (disfraces, materiais diversos para actividades, proxectos, etc.)

8.-INDICADORES DE LOGRO NA AVALIACIÓN Ó PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación sobre a práctica docente e o proceso de ensino que nos permitiu coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos, a adecuación da metodoloxía, contidos e actividades así como dos recursos empregados reflíctese a través dos seguintes **indicadores de logro**

VALORACIÓN DO DESEÑO DIDÁCTICO E COHESIÓN CO PROCESO DE ENSEÑANZA/APRENDIZAXE	
INDICADORES	VALORACIÓN (0-4)
Os obxectivos seleccionados están ben definidos e adecúanse ás características do alumnado.	4
A selección e secuenciación dos contidos faise cunha distribución e progresión axeitada ás características de cada grupo de alumnos/as.	4
Concrétanse os contidos baixo un prisma globalizador.	4
O deseño das unidades didácticas contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas.	4
Os criterios de avaliación elabóranse a partir dos obxectivos programados	4
As aprendizaxes plantexadas para acadar unha avaliación positiva son congruentes cos obxectivos de ciclo.	4
Tívoise en conta a existencia de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a hora de tomar decisións curriculares.	4
Planificouse a actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (nivel, ciclo, profesorado de apoio,... etc).	3
As decisións tomadas para a ensinanza e aprendizaxe da lectura contribúe o seu desenvolvemento.	4
Obsérvase coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.	4

Realizouse un seguimento do progreso do alumando e comprobouse o grao en que alcanzan as aprendizaxes	4
Os resultados obtidos, indican que se conseguiron os obxectivos propostos.	4
METODOLOXÍA E ACTIVIDADES	
INDICADORES	VALORACIÓN (0-4)
A metodoloxía utilizada favorece a aprendizaxe do alumnado e responde a criterios pedagóxicos.	4
Prevíronse actividades, respectando os distintos ritmos de aprendizaxe, con actividades de reforzo e de ampliación.	4
As actividades expostas foron variadas e seguen unha orde lóxica para lograr unha aprendizaxe significativa.	4
Potenciase a aprendizaxe autónoma e a iniciativa do alumnado	4
Adoptáronse distintos agrupamentos en función da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar etc.	4
Utilizáronse as medidas de atención á diversidade necesarias	3
Utilizáronse as TIC no traballo da aula.	4
Os recursos materias permitiron un uso colectivo, son variados e estimuladores.	4

1. – En desacordo co cumprimento do indicador
2. - O indicador cúmprese parcialmente.
3. - O indicador cúmprese suficientemente.
4. - Estase de acordo co cumprimento do indicador.

Para establecer esta avaliación utilizamos diversos **INSTRUMENTOS DE RECOLLIDA DE DATOS:**

- A observación directa e sistemática.
- As follas de rexistro ou diario de aula
- O contraste de experiencias con todo o equipo docente.

O equipo docente do 2º ciclo de Educación Infantil

2- MEMORIA DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2022/2023.

1. EQUIPO DOCENTE

TITORA DE 1ºA	ROCÍO IGLESIAS ARGÜELLES
TITORA DE 1ºB	Mª JOSÉ RODRÍGUEZ RAMOS
TITORA DE 2ºA	Mª TERESA MORENTE BELLÓN
TITORA DE 2º B	VANESA DEL RÍO RÍOS
MESTRE DE EDUCACIÓN RELIXIOSA	ÁNGEL RAIMUNDO VILLAVERDE MARIÑO
MESTRA DE EDUCACIÓN MUSICAL/ MÚSICA E DANZA	Mª SOL BARREIRA LÓPEZ
MESTRES DE EDUCACIÓN FÍSICA	RICARDO RUIBAL ARMESTO FRANCISCO SUÁREZ GÓMEZ
MESTRAS DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLES)	Mª TERESA MIRA GARCÍA MONTSERRAT DOMÍNGUEZ GARCÍA
MESTRAS DE PEDAGOXÍA TERAPEUTICA	LUCÍA VÉREZ VIVERO ANA Mª FERNÁNDEZ SÁNCHEZ
MESTRA DE AUDICIÓN E LINGUAXE	PATRICIA COEDO LODEIRO
APOIOS POR DIFICULTADES CONDUTUAIS NAS AULAS 2ºA- 2ºB	LAURA CASAL BERDEAL/ LORENA MOSQUERA GÓMEZ /Mª SOL BARREIRA LÓPEZ/ LUCÍA VÉREZ VIVERO/ MÓNICA RODRÍGUEZ LONGUEIRA
APOIOS DE PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA	ROCÍO GASALLA DÍAZ/ JOSÉ ANTONIO PEDREIRA GONZÁLEZ/ ROCÍO IGLESIAS ARGÜELLES/ TERESA CORRAL VÁZQUEZ
COORDINADORA DE 1º CICLO	Mª JOSÉ RODRÍGUEZ RAMOS

En substitución de Vanesa del Río estiveron en diferentes épocas do curso : Miguel Gundín Rodríguez, Carlos Calvar Martínez e Mª Antonia del Río García.

2.- ALUMNADO

O número de alumnos e alumnas é de 103, distribuídos do seguinte xeito:

GRUPO 1ºA: 22 (houbo unha incorporación durante o curso).

GRUPO 1ºB: 21 (houbo unha incorporación durante o curso)

GRUPO 2ºA: 24 (houbo unha baixa e unha incorporación durante o curso)

GRUPO 2ºB: 24

ALUMNADO CON ATENCIÓN POR PARTE DO DEP. ORIENTACIÓN

	PT	AL	Profesorado con dispoñibilidade horaria
1ºA	0	2	2
1ºB	0	2	6
	PT	AL	Apoios polos problemas condutuais
2ºA		2	1
2ºB	3	3	1

3. - ACTIVIDADES DOS EQUIPOS DE TRABAJO

- Actividade conxunta coas Bibliotecas Municipais de contacontos co “Moucho Leroucho” e a “Curuxa Catuxa” para os grupos de 1º.
- En 2ºA e 2ºB, recibimos a visita do escritor infantil Miguel López, “O Hematocrítico”.

Durante o curso escolar os alumnos dalgúns grupos adicaron a hora semanal ás actividades de biblioteca, onde está incluído o préstamo de libros para casa. Tamén participamos todos os grupos no proxecto Mochilas viaxeiras.

O proxecto de Biblioteca deste curso levou por título: “O bosque animado”.

Tamén, en colaboración co resto dos equipos de traballo, preparamos as seguintes actividades:

- Festa do outono, con postos de produtos propios da estación.
- Samaín: decoración dos corredores e exposición de cabazas.
- Nadal: Decoración do centro. Elaboración de postais navideñas que o concello repartiu entre os comerciantes para agasallar á clientela.
- Día da Paz: , carreira solidaria e canción conxunta escenificada con corazóns elaborados polo alumnado.

- Día de Rosalía de Castro: Algúns alumnos e alumnas prepararon poemas que foron declamados a través da radio do cole. Cada aula podía facer un concurso sobre Rosalía para conseguir ser aula rosaliana se coñecían as respostas sobre a súa vida.
- Entroido: Decoración de portas, Meco e pasarrúas polo concello con disfraces coa temática xeral do Bosque Animado (árbores).
- Día da Muller: Decoración das ventás con lazos morados. Visualización dun PowerPoint sobre mulleres importantes da Historia.
- Día das Letras Galegas: Todo o alumnado foi á Casa Museo de Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre para facer alí unha merenda e escoitar contos por parte dos alumnos/as de 3º ciclo.

4.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Segundo as propostas da programación xeral anual, este curso fixemos algunhas actividades complementarias, dentro e fóra do centro.

Durante a semana do 7 ao 11 de novembro, a Policía Local de Cambre fixo actividades de Educación Viaria por aulas, tanto teóricas como prácticas, en colaboración cos mestres de Educación Física.

O alumnado do ciclo visitou as instalacións do Centro Ecuestre Pinteño, onde realizaron diversas actividades relacionadas cos cabalos: 1º o día 20 de xuño e 2º o día 24 de marzo.

O día 21 de abril o alumnado de 1º fixo unha visita á Granxa Ecolóxica “Casa Grande de Xanceda”.

O día 6 de xuño foi o alumnado de 2º o que visitou a Casa do Queixo – Grixalba.

O día 31 de marzo, o alumnado do ciclo xunto co resto de colexio, asistiu no salón de actos á proxección da película Valentina en conmemoración do día internacional do Síndrome de Down.

5.- CONMEMORACIÓNS

De acordo co disposto na orde do 20 de maio de 2022, conmemoráronse tanto a nivel de aulas, como en actividades conxuntas no centro, según as seguintes datas:

20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.

25 de novembro de 202: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.

30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.

8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.

Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa.

15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.

7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.

Entre o 17 e o 21 de abril de 2023: Semana do Libro.

2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

9 de maio de 2023: Día de Europa.

Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.

5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.

6.- REUNIÓN COAS FAMILIAS

No primeiro trimestre realizáronse as reunións colectivas das familias coas titoras de 1º e 2º. En 1º tamén houbo unha reunión a principio do segundo trimestre.

Ao longo do curso, fixéronse entrevistas individuais entre as titoras e nais e pais do alumnado.

7.- VALORACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

	1º NIVEL	2º NIVEL
Promocionan con todos Os obxectivos acadados	36	41
Promocionan con algún obxectivo pendente.	7	5
Non promocionan	0	2

8.- NECESIDADES URXENTES DO CICLO

O equipo docente **SOLICITA** o persoal preciso para cubrir as necesidades tanto de conduta coma de aprendizaxe que tivemos durante este curso e que continuarán no vindeiro ano académico.

En Cambre, a 23 de xuño de 2023.

A COORDINADORA DE 1º ciclo: Mª José Rodríguez Ramos.

3-MEMORIA DO 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2022/2023

1. MEMBROS DO EQUIPO

TITORA DE 3ºA Mª Teresa Corral Vázquez

TITORA DE 3º B Pilar Rilo Otero (coordinadora de ciclo)

TITOR DE 3ºC José Antonio Pedreira González (coordinador Horto escolar)

TITORA DE 4ºA Mónica Rodríguez Longueira (coordinadora Tic)

TITORA DE 4ºB Mª Luz Castelo Espiñeira

MESTRA DE MÚSICA Mª Sol Barreira López

MESTRA DE PT Lucía Vérez Vivero

MESTRA DE AL Patricia Coedo Lodeiro e Eva Valdés Aymerich.

Ademais, imparten docencia no ciclo, os seguintes mestres/as do centro:

- Montserrat Domínguez García , Inglés en 4º.
- Mª Teresa Mira García, Inglés en 3º e Plástica bilingüe en 3º e 4º
- Ángel Raimundo Villaverde Mariño, Relixión ao alumnado de 3º e 4º.
- Ricardo Ruibal Armesto, Educación física en 3º e 4º.

2. EQUIPOS DE TRABALLO

- Biblioteca: José Antonio Pedreira González e Pilar Rilo Otero.
- Dinamización e Normalización Lingüística: Mª Teresa Mira García (coordinadora) e Ángel Raimundo Villaverde Mariño.
- Actividades complementarias e extraescolares: Mª Sol Barreira López(coordinadora) e Mª Luz Castelo Espiñeira.
- Tic: Mónica Rodríguez Longueira (coordinadora) e Mª Teresa Corral Vázquez.

3. ALUMNADO

O número de alumnos e alumnas é de 107, distribuídos do seguinte xeito:

- NIVEL 3º A: 19, NIVEL 3º B: 19 (un deles incorporouse no mes de abril) e NIVEL 3º C:19
- NIVEL 4º A: 25, NIVEL 4ºB: 25 (un deles incorporouse no segundo trimestre)

Nos dous niveis tiveron como sección bilingüe a materia de Plástica.

Aula virtual: Nas titorías de 3º empregouse a Aula virtual para reforzar e ampliar os contidos das materias do curso.

ALUMNADO QUE RECIBIU ATENCIÓN ESPECÍFICA

No terceiro nivel 12 alumnos/as recibiron reforzo educativo por parte do mestre titor. No cuarto nivel, 15 reciben reforzo educativo por parte do mestre titor.

Os mestres especialistas e mestres con dispoñibilidade horaria que realizaron o reforzo educativo foron:

- **Jessica Casal Aras**, mestra do programa PROA, realizou reforzo educativo no curso de 3º A a cinco alumnos, unha sesión á semana. No curso de 3º B, realizou reforzo educativo a 6 alumnos, dúas sesións á semana. En 3º C realizou reforzo educativo a 3 alumnos, unha sesión á semana. En 4º A realizou reforzo educativo a unha alumna, unha sesión á semana. En 4º B realizou reforzo educativo a todo o alumnado con necesidades, unha sesión á semana.
- **Patricia Coedo Lodeiro**, mestra de AL realizou reforzo educativo no curso de 3º A a unha alumna, unha sesión á semana. No curso de 3º C realizou reforzo educativo a 3 alumnos dúas sesións á semana.
- **Lucía Vérez Vivero**, mestra de PT realizou reforzo educativo no curso de 3º B a dous alumnos, unha sesión á semana. No curso de 4º A realizou reforzo educativo a dous alumnos, dúas sesións á semana. No curso de 4º B realizou reforzo educativo a dous alumnos, dúas sesións á semana.
- **Eva Valdés Aymerich**, mestra de AL realizou reforzo educativo no curso de 3º B a dous alumnos, unha sesión á semana. No curso de 4º A realizou reforzo educativo a un alumno unha sesión á semana. No curso de 4º B realizou reforzo educativo a un alumno, unha sesión á semana.
- **Pilar Rilo Otero**, titora de 3º B realizou reforzo educativo a unha alumna no curso de 4º A, unha sesión á semana.
- **Mª Luz Castelo Espiñeira**, titora de 4º A realizou reforzo educativo no terceiro trimestre a un alumno no curso de 3º B, unha sesión á semana.
- **Mª Sol Barreira López**, mestra de Música realizou reforzo educativo da área de Música a dous alumnos de 3º B e 4º B, unha sesión á semana.

Foron valorados pola xefatura de orientación: 2 alumnos de 4º A, pendente de informe un deles.

Quedan pendentes de valoración:

- 3 alumnos en 3º A
- 2 alumnos en 3º B

- 1 alumno en 3º C
- 3 alumnos en 4º A
- 2 alumnos en 4º B

4. RESULTADOS ACADÉMICOS.

En 3º A , 3º B e 3º C promocionan todos os alumnos/as, segundo o establecido na orde do 25 de xaneiro de avaliación. En 3º A, 18 alumnos superaron a avaliación en todas as materias e un alumno suspendeu tres materias. En 3º B 15 alumnos superaron a avaliación en todas as materias e 4 alumnos suspenderon algunha materia. En 3º C 16 alumnos superaron todas as materias e 3 alumnos suspenderon algunha materia.

En 4º A non promocionan dous alumnos. En 4º B promocionan todos. En 4º A 23 alumnos superaron a avaliación en todas as materias e dous alumnos suspenderon 6 materias. En 4º B os 25 alumnos superaron a avaliación en todas as materias.

Os resultados da 3º avaliación e ordinaria, tomando como referencia o número de aprobados, é a seguinte:

TERCEIRO (A: 19, B: 19, C:19) Nº ALUMNADO 57	%	CUARTO (A:25, B:25) Nº ALUMNADO 50	%
C. NATURAIS	96%	C. NATURAIS	96%
C.SOCIAIS	96%	C.SOCIAIS	96%
MÚSICA	100%	MÚSICA	100%
PLÁSTICA	100%	PLÁSTICA	100%
E. FÍSICA	100%	E. FÍSICA	100%
L. CASTELÁ	96%	L. CASTELÁ	96%
L. GALEGA	94%	L. GALEGA	96%
MATEMÁTICAS	96%	MATEMÁTICAS	96%
INGLÉS	96%	INGLÉS	96%
RELIXIÓN/ PC	100%	RELIXIÓN/ PC	100%

	3º NIVEL	4º NIVEL
Promocionan con todas as materias aprobadas	86%	96%
Promocionan con algunha materia pendente	14%	4%
Promocionan	100%	96%

5. RELACIÓNS COS PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS.

No mes de setembro celebráronse as reunións coas familias do alumnado de cada nivel para ofrecer información da organización do curso escolar e do proceso de ensino aprendizaxe.

As comunicacións durante o curso realizáronse a través de reunións individuais (ben por chamamento do mestre tutor/a ou por solicitude da familia).

Valoramos positivamente a participación xeral das familias nas actividades que se lles propuxeron así como a súa axuda na realización de moitas delas (materiais diversos para actividades, proxectos...)

6. REUNIÓNS ORDINARIAS DO EQUIPO.

As reunións ordinarias do equipo docente tiveron lugar o 2º luns de cada mes, levantouse acta de cada unha delas coa orde do día e os acordos tomados. Todos os mestres contribuíron co seu traballo na creación e planificación das actividades coas que cada equipo dinamizou a vida do centro.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O alumnado de 3º e 4º nivel participou e realizou as conmemoracións recollidas na Orde do 20 de maio de 2022 (DOG 2 de xuño de 2022) pola que se regula o calendario escolar para este curso. Estas actividades foron realizadas a nivel de aula, internivel ou a nivel de centro; segundo estableceron os diferentes equipos de Normalización Lingüística, Biblioteca escolar e EACE.

Leváronse a cabo as seguintes actividades complementarias, propostas polos diferentes equipos:

-Actividades principio de curso, 8 e 9 de setembro. Circuito de xogos. Visionado de “O Bosque Animado” nas aulas. Elaboración de chanclas.

-Ruta dos sentidos, 2ª quincena de outubro. Elaboración de postos relacionados co outono. Degustación de produtos de outono. Decoración do Centro como se fora unha fraga, acorde co tema da Biblioteca para este curso “O Bosque Animado.”

-Samaín, 26 -28 de outubro. Exposición de Cabazas.

-Semana de ed. vial, do 7 ao 15 de novembro, dirixido a todo o alumnado de Primaria e impartido pola Policía Local de Cambre.

-Visita dun entomólogo, 15 de novembro (4º de Primaria)

- Día universal da infancia, 20 de novembro. Exposición dos Dereitos e deberes dos nenos/as.
- Día internacional contra a violencia de xénero, 25 de novembro. Proxecto “Nin un cristal sen un lazo Violeta.”
- Nadal, mes de nadal. Sesión de Cine de Nadal na última Semana lectiva de decembro. Visita ao Poboado de Nadal. Felicitacións navideñas.
- Día da paz, 30 de xaneiro. Carreira Solidaria “Kilos De Paz”. Campaña de recollida de alimentos.
- Entroido, 17 de febreiro.
- Día da muller traballadora 8 de marzo.
- Sesión de cine:“Valentina” 31 de marzo, dirixida a todo o alumnado.
- Fin de curso 21 de xuño -Xogos no patio.

Realizáronse as seguintes saídas:

3º de Primaria

- Ruta polo Río Mero, 30 de setembro.
- Visita ao Aquarium, 13 de decembro.
- Visita á Fundación María José Jove, 3 de marzo.
- Concierto didáctico , 29 de marzo.
- Saída á casa Wenceslao, 23 de maio.
- Visita a Pinteño, 16 de xuño.

4º de Primaria

- Ruta polo Río Mero, 30 de setembro.
- Visita á Fundación María José Jove,14 de marzo.
- Concierto didáctico, 29 de marzo.
- Saída á casa Wenceslao, 23 de maio.
- Ruta dos Muíños, 14 de xuño.

Durante este curso escolar estableceuse unha hora semanal en cada nivel para asistir á Biblioteca. Así mesmo cada titoría acudiu á aula de informática unha ou dúas horas cada semana.

8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DOCENTE.

	ACADADO	EN PROCESO	NON CONSEGUIDO
Desenvolver as programacións didácticas e coordinalas entre os distintos niveis de 3 e 4º de Educación Primaria en todas as vertentes que conforman o currículo.		X	
Fomentar os hábitos de traballo.	X		
Colaborar co Departamento de Orientación na detección de dificultades no proceso de aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e adoptar as medidas de atención necesarias.		X	
Informar ás familias da evolución escolar dos seus fillos/as, así como das actividades que se propoñen neste ciclo para facilitar a súa participación no proceso educativo.	X		
Utilizar a tecnoloxía dixital para facilitar o acceso á información, ás aulas virtuais, blogs de mestres/as especialistas e o uso dos ordenadores Abalar.	X		
Participar nas actividades/celebracións programadas dende o centro, entre os niveis ou entre os cursos, sinaladas no calendario escolar 2022-2023.	X		
Revisar os criterios de avaliación e de promoción, axeitándoos a realidade escolar e social.	X		
Colaborar co equipo de biblioteca escolar para o fomento da lectura, así como co equipo de Dinamización lingüística para o fomento do uso da lingua galega.	X		
Programar as actividades complementarias a realizar, integrándoas nas unidades didácticas e fomentándoas entre o alumnado.	X		
Participar na organización de conmemoracións segundo a proposta do equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.	X		

9. PROPOSTAS DE MELLORA

As propostas de mellora para o vindeiro curso para un maior desenvolvemento da labor docente:

- Realizar o reforzo educativo do alumnado que o precise no mesmo ciclo.
- Solicitar pautas de actuación concretas dende o DO para o alumnado con neae do noso ciclo.

- Avaliación do alumnado pendente por parte do DO.
- Maior planificación nas reunións mensuais para recibir, organizar e trasladar a información dos distintos equipos e se os coordinadores están de baixa, que se nomee a outro membro para asumir esa función.
- Maior concreción na información proporcionada nas reunións da CCP e claustros para ser tratada nas reunións de ciclo.
- Respetar o calendario de reunións de equipos e ciclos para que a información chegue puntual aos mestres do ciclo.
- Informar ás familias que as dúbidas/ problemas que poidan xurdir no horario de comedor deben transmitilas á dirección do centro ou mestre/a responsable do comedor.
- Ante o maior número de condutas contrarias á convivencia que xurdiron no tempo do comedor e que se trasladan a xornada da mañá, establecer pautas de corrección comúns entre a titoría e dirección/mestre responsable do comedor, así como informar ao mestre/a titor para ofrecer unha resposta axeitada ás familias.

A coordinadora do 2º Ciclo de EP:

Pilar Rilo Otero

4-MEMORIA DO 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2022/2023

1. EQUIPO DOCENTE.

O Equipo Docente de Coordinación de 5º e 6º curso de Educación Primaria estivo formado polo seguinte profesorado:

- **Mónica Carneiro Varela**, titora de 5º A, grupo ao que impartiu todas as materias xeneralistas agás Plástica Bilingüe. Realizou apoios en 6º A e en 6º C. Foi a coordinadora do Plan Dixital e responsable do proxecto “Polos Creativos”.
- **Carmen Mejuto Blanco**, titora de 5º B, ao que deu clase de todas as materias xeneralistas agás Plástica Bilingüe. Foi a coordinadora do Equipo de Biblioteca Escolar.
- **Francisco Suárez Gómez**, titor de 6º A, impartiu as materias de Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Educación Física nese grupo. Ademais deu Ed. Física aos dous grupos restantes de 6º de E.P. e aos dous de 2º de E.P. Coordinou o “Plan Proxecta”.
- **Rocío Gasalla Díaz**, titora de 6º B, deu clase de todas as materias xeneralistas agás Plástica Bilingüe. Realizou apoios en 5º B de E.I., nos dous grupos de 1º de E.P. e en 6º C de E.P.
- **Alexandra Campos Vázquez**, titora de 6º C, impartiu todas as materias xeneralistas agás Ciencias Sociais e Plástica Bilingüe. Tamén deu apoio a un alumno TEA de Ed. Infantil.
- **Laura Casal Berdeal**, xefa de estudos, impartiu apoio a un alumno de 6º A de E.P. (un alumno). Tamén realizou apoios en 2º de E.P. (un alumno)
- **Isabel García Bruzos**, orientadora do centro.
- **Rafael Martínez Pozas**, deu clase de Inglés a todos os grupos de 5º e 6º de E.P. e Plástica Bilingüe aos tres grupos de 6º de E.P. Asimesmo, foi o coordinador do proxecto EDIXGAL.
- **Lorena Mosquera Gómez**, secretaria do centro, impartiu Matemáticas en 6º A. Tamén deu docencia compartida en 2º de E.P. e apoios en 4º B de E.I. (ao grupo) e 6º B de E.P. (Lingua Galega a tres alumnos)
- **Ricardo Ruibal Armesto**, impartiu Educación Física nos dous grupos de 5º de E.P. e Valores Cívicos e Sociais a 6º A. Tamén deu E.F. aos grupos de 1º, 3º e 4º de E.P. Foi o coordinador do Equipo Docente de 3º Ciclo.

Ademais, impartiron docencia no ciclo, os seguintes profesores do centro:

- **M^a Sol Barreira López**, Música a todo o alumnado do ciclo.
- **Ángel Raimundo Villaverde Mariño**, a todo o alumnado de Relixión do ciclo.
- **Montserrat Domínguez García**, Plástica Bilingüe aos dous grupos de 5º de E.P. e Ciencias Sociais en 6º C.
- **Ana M^a Fernández Sánchez**, mestra de Atención Preferente de Pedagogía Terapéutica con afín de Audición e Linguaxe.
- **Lucía Vérez Vivero**, Pedagogía Terapéutica.

2. EQUIPOS DE TRABAJO.

A distribución dos mestres nos diferentes equipos realizouse como segue:

- **Biblioteca**: Carmen Mejuto Blanco, que foi a coordinadora do equipo, e Rocío Gasalla Díaz.
- **Dinamización e Normalización Lingüística**: Alexandra Campos Vázquez.
- **Actividades Complementarias e Extraescolares**: Ricardo Ruibal Armesto.
- **TICs**: Francisco Suárez Gómez, Mónica Carneiro Varela e Rafael Martínez Pozas.

3. RESULTADOS ACADÉMICOS.

En 5º A, promocionan os 25 (100%) alumnos. 19 deles superaron a avaliación de todas as materias (78%). Seis alumnos (22%) suspenderon algunha materia: dous suspenderon unha soa: Lingua Galega e Lingua Inglesa, respectivamente; un alumno non superou dúas: Ciencias Sociais e Lingua Galega, e un total de tres alumnos non superaron catro ou máis materias. A nota media do grupo foi de 7,38.

En 5º B, promocionan os 25 alumnos (100%). 23 alumnos (96%) obtiveron avaliación positiva en todas as asignaturas. Dous alumnos suspenderon algunha materia (4%). Unha alumna suspendeu unha soa materia (Lingua Galega) e un alumno suspendeu máis de catro materias). A media das calificacións do grupo foi de 7,58.

Polo tanto, promocionan os 50 alumnos de 5º. O 84% acadaron os obxectivos en todas as materias.

En 6º A promocionan dos total de 24 alumnos, un alumno non promociona, mentres que os 23 restantes ningún promociona obrigatoriamente. 19 alumnos (79%) superaron a avaliación de todas as asignaturas. Un total de 5 alumnos (21%) non superaron todas as materias. Dous alumnos suspenderon unha soa materia (Inglés en ambos casos). Outros dous alumnos non superaron dúas materias (Ciencias Sociais e Inglés e Música e Inglés respectivamente). Outro alumno, o que non promociona, non superou máis de catro asignaturas. Unha alumna e un alumno recibiron a Mención Honorífica de final de etapa. A nota media do alumnado que promociona foi de 7,44.

En 6º B promocionan os 24 alumnos do grupo, un faíno de maneira obrigatoria. 18 alumnos (75%) superaron a avaliación de todas as asignaturas. Un total de 6 alumnos (25%) non superaron todas as materias. Unha alumna suspendeu unha soa materia (Inglés). Outra alumna non acadou os obxectivos en dúas (Ciencias Naturais e Inglés). Dous alumnos suspenderon tres materias (Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Inglés e Lingua Castelá, Lingua Galega e Inglés respectivamente). Por último, un alumno, que promociona obrigatoria, non superou máis de catro asignaturas. Un alumno recibiu a Mención Honorífica. A nota media do grupo foi de 7,22.

En 6º C, promocionan os 24 alumnos, tres deles de maneira obrigatoria. Do total, 16 (67%) superaron a avaliación de todas as asignaturas. Catro alumnos (17%) non acadaron avaliación positiva nunha soa materia (dous en Matemáticas e dous en Inglés). Un alumno suspendeu tres materias (Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Inglés). Os tres alumnos que promocionan de maneira obrigatoria non superaron catro ou máis materias. Dúas alumnas e un alumno recibiron a Mención Honorífica. A nota media do grupo foi de 6,95.

Dos 72 alumnos de 6º de E.P., promocionan 71 (98,6%), sendo unicamente un alumno o que non promociona. Un 73,6 % superaron todas as materias.

Os resultados da avaliación ordinaria do alumnado resúmense no seguintes cadros:

NÚMERO DE MATERIAS SUSPENSAS E NOTAS MEDIAS

	NÚMERO DE ALUMNOS	ALUMNADO QUE SUPEROU TODAS AS MATERIAS		ALUMNADO QUE NON SUPEROU ALGUNHA MATERIA		ALUMNADO QUE NON SUPEROU UNHA MATERIA	ALUMNADO QUE NON SUPEROU DÚAS MATERIAS	ALUMNADO QUE NON SUPEROU TRES MATERIAS	ALUMNADO QUE NON SUPEROU CATRO OU MÁIS MATERIAS	NOTA MEDIA
5º A E.P.	25	19		6		2	1	0	3	7,38
5º B E.P.	25	23		2		1	0	0	1	7,58
TOTAL 5º E.P.	50	42	84 %	8	16 %					
6º A E.P.	24	19		5		2	2	0	1	7,44
6º B E.P.	24	18		6		1	1	2	2	7,22
6º C E.P.	24	16		8		4	0	1	3	6,95
TOTAL 6º E.P.	72	53	74 %	19	26 %					
TOTAL 5º E 6º	122	95	78 %	27	22 %					

ALUMNADO QUE SUPEROU E NON SUPEROU CADA UNHA DAS MATERIAS E PORCENTAXE**DE APROBADOS POR NIVEIS.****5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

	M.D.	C.N.	C.S.	E.P.V.	E.F.	L.C.	L.G.	MAT.	ING.	V./R.
5º A (25)	24-1	23-2	21-4	25-0	25-0	25-0	20-5	22-3	21-4	25-0
5º B (25)	24-1	24-1	24-1	25-0	25-0	24-1	23-2	24-1	24-1	25-0
5º E.P. (50)	48-2 96%	47-3 94%	45-5 90%	50-0 100%	50-0 100%	49-1 98%	43-7 86%	46-4 92%	45-0 90%	50-0 100%

6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

	C.N.	C.S.	E.A.	E.F.	L.C.	L.G.	MAT.	ING.	V./R.
6º A (24)	23-1	22-2	22-2	244-0	23-1	21-1*	23-1	20-4	24-0
6º B (24)	20-4	21-3	24-0	24-0	22-2	22-2	22-2	20-4	24-0
6º C (24)	20-4	20-4	20-4	24-0	22-2	22-2	20-4	18-6	24-0
6º E.P. (72)	63-9 88%	63-9 88%	66-6 92%	72-0 100%	67-5 93%	65-5* 93%	65-7 90%	58-14 81%	72-0 100%

- Dúas alumnas exentas de Lingua Galega

ALUMNADO QUE PROMOCIONA (QUE PROMOCIONA OBRIGATORIAMENTE) E QUE NON PROMOCIONA Á E.S.O.

	6º A	6º B	6º C	6º E.P.
TOTAL ALUMNADO	24	24	24	72
PROMOCIONAN	23	24	24	71
PROMOCIÓN OBRIGATORIA	0	1	3	4
NON PROMOCIONAN	1	0	0	1

Promocionan 71 (98,6%) e non promociona 1 (1,4%).

4. ATENCIÓN ESPECÍFICA A ALUMNADO DO CICLO.

- Lucía Vérez Vivero, mestra de P.T., apoiou a dous alumnos de 6º B.
- Ana María Fernández Sánchez, mestra de Atención Preferente (PT afín AL), apoiou a un alumno de 6º A.
- Jessica Casal Arcas, mestra de PROA+, ao longo de todo o curso, desenvolveu reforzo nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas con un total de cinco alumnas/os de 5º e sete de 6º.
- O seguinte profesorado, con dispoñibilidade horaria, realizou reforzo educativo a alumnado do ciclo:
 - Mª Sol Barreira López, de Música, a dous alumnos de 5º de E.P. e a cinco de 6º.
 - Mónica Carneiro Varela, a un alumno de 6º A e outro de 6º C.

- Laura Casal Berdeal, a un alumno de 6º A.
- María Luz Castelo Espiñeira, a unha alumna de 6º B.
- María Teresa Corral Vázquez, a un alumno de 6º C.
- Rocío Gasalla Díaz, a dous alumnos de 6º C.
- Lorena Mosquera Gómez, Lingua Galega a tres alumnos de 6º B.

5. REUNIÓN ORDINARIAS.

As reunións ordinarias do equipo docente tiveron lugar o 2º luns de cada mes. Dos acordos tomados e dos temas tratados queda constancia nas actas que se engaden no Libro de Actas do Equipo de 3º Ciclo de E.P.

7. CELEBRACIÓN E SAÍDAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

O alumnado de 5º e 6º participou nas diferentes conmemoracións organizadas a distintos niveis:

- Magosto, celebrouse o 5 de novembro.
- Día Universal da Infancia, o 19 de novembro.
- Día Internacional contra a Violencia de Xénero, 25 de novembro.
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía, entre o 30 de novembro e o 7 de decembro.
- Día Internacional das Persoas con Discapacidade, 3 de decembro.
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, o 10 de decembro.
- Nadal, do 15 ao 21 de decembro.
- Día da Educación, 24 de xaneiro.
- Día da Paz, 27 e 28 de xaneiro.
- Día de Rosalía de Castro, 24 de febreiro.
- Entroido, 25 de febreiro.
- Día da Internacional da Muller Traballadora, 8 de marzo.
- Día Internacional Contra o Acoso Escolar, 2 de maio.
- Día Internacional do Medio Ambiente, 5 de maio.
- Día das Letras Galegas, 17 de maio.
- Festa de Fin de Curso, 22 de xuño.

Realizáronse as seguintes actividades complementarias e saídas que estaban programadas:

- Visita á Casa de Wenceslao Fernández Flórez para todo o alumnado do ciclo.
- Ruta polo Río Mero para todo o alumnado do ciclo.
- Charla e saída sobre micoloxía da Asociación "Andoa" para o alumnado de 5º de E.P.

- Charla sobre “O acoso escolar, os perigos de Internet e das drogas” dentro do programa “Plan Director” do Ministerio de Interior para o alumnado de 6º de E.P.
- Visita á Casa das Ciencias e sesión de Planetario para o alumnado de 5º de E.P.
- Visita á Domus de A Coruña para o alumnado de 6º de E.P.
- Asistencia a un concerto didáctico dentro do programa correspondente da Orquestra Sinfónica de Galicia. (Todo o alumnado do ciclo).
- Actividades de sensibilización sobre as dificultades das persoas con diversidade funcional organizadas por “Enki”. Aínda que se programou para todo o alumnado do ciclo, finalmente só participaron (porque así o establece a entidade organizadora) o alumnado de 5º de E.P. que recibiu unha charla na biblioteca e, posteriormente, participou na Xornada de Deporte Inclusivo realizada no estadio do Campus de Elviña.
- Saídas incluídas no “Plan Proxecta” (Todo o alumnado do ciclo): Cross en Cambre e Campionato Escolar de Campo a Través.
- Programa de Transición á E.S.O., organizado polo IES “Afonso X, o Sabio”. (Alumnado de 6º de E.P.)
- Excursión ao parque multiaventura “Ecopark” en Marín, en substitución da visita a “Aldea das formigas”, como saída de fin de curso para 6º.
- Festa de Graduación do alumnado de 6º.

Non se realizaron por diversos motivos:

- Visita á Biblioteca Central de Cambre para o alumnado de 5º de E.P.
- Visita a Estación de Tratamento de Auga Potable de A Telva para o alumnado de 6º de E.P.
- Formación no uso seguro de internet do programa “Ciberexpert@” da Policía Nacional.
- Formación en Reanimación Cardio Pulmonar para todo o alumnado do ciclo.
- Visita a un dos museos de arte de A Coruña.
- Asistencia a unha función teatral no Fórum Metropolitano ou no Teatro Colón correspondente á programación de teatro para escolares que organiza o Concello de A Coruña. (Todo o alumnado do ciclo).
- Actividade de lectura asistida con cans R.E.A.D. (Todo o alumnado do ciclo)
- Participación no programa “Inspiringirls”. (Todo o alumnado do ciclo)
- Xornada no Centro Ecuéstre Pinteño para o alumnado de 5º de E.P.
- Visita a “A aldea das formigas” e ao Mosteiro de San Clodio para o alumnado de 6º de E.P.

7. RELACIÓN CON NAIS E PAIS.

No primeiro mes do curso, celebráronse as reunións coas familias para ofrecer información fundamental do calendario e dos horarios lectivos, da organización do centro, dos requirimentos para a promoción do alumnado, das avaliacións e dos mecanismos para o seguimento da aprendizaxe do alumnado.

As comunicacións coas familias realizándose polas canles habituais: reunión a principio de curso de cada grupo, reunións individuais coas familias ben por solicitude da familia ou ben por chamamento dende a titoría, reunións coa orientadora, etc. Tamén se utilizou ABALAR para comunicar circunstancias relacionadas coas actividades programadas.

8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DOCENTE.

En cumprimento do acordado no “Proxecto de Traballo do Equipo Docente de 3º Ciclo para o curso 2022-23”, na reunión ordinaria do día 23 de xuño avalíouse a consecución dos obxectivos plantexados cos resultados que figuran no seguinte cadro:

	GRAO DE CONSECUCCIÓN DOS OBXECTIVOS	TOTALMENTE	PARCIALMENTE	NON SE CONSEGUIU
1.	Desenvolver as programacións didácticas e adaptacións curriculares e coordina-las entre os distintos niveis do ciclo, solicitando instrucións á Inspección Educativa para a súa elaboración.		X	
2.	Poñer en conexión liñas metodolóxicas na búsqueda das mellores estratexias segundo as distintas unidades didácticas, contando co labor dos equipos EDIXGAL e TIC. Fomentar os xogos de mesa (de estratexia, cooperativos, de razoamento lóxico, etc.), limitando o uso dos ordenadores portátiles para xogar.	X		
3.	Revisar os criterios de avaliación e de promoción, axeitándoos a realidade escolar e social.	X		
4.	Buscar un modelo de rexistro tanto para a observación como para a avaliación do alumnado do ciclo./ Coordinar o rexistro de observacións para a avaliación do alumnado do ciclo.			X
5.	Colaborar co Departamento de Orientación na detección de dificultades no proceso da aprendizaxe e de necesidades educativas especiais e nas actuacións do mesmo con respecto a todo o relativo á convivencia escolar. Asimesmo, colaborar co correspondente do I.E.S. “Afonso X, O Sabio” no Programa de Transición á E.S.O.	X		
6.	Colaborar co Equipo de Biblioteca Escolar e cos organismos (Concello, Consellería) que propongan iniciativas tendentes ao fomento da lectura, así como co Equipo de Dinamización Lingüística no fomento do uso da lingua galega.	X		

7.	Unificar criterios con respecto ás relacións a establecer entre o centro e as familias.		X	
8.	Programar as actividades complementarias a realizar, integrándoas nas unidades didácticas e fomentándoas entre o alumnado.	X		
9.	Secuenciar as saídas ao entorno ao longo da etapa educativa.	X		
10.	Participar na organización de conmemoracións segundo proposta do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.	X		

O resultado desta avaliación resúmese nos seguintes datos:

- Obxectivos conseguidos totalmente: 7.
- Obxectivos conseguidos parcialmente: 2.
- Obxectivos non conseguidos: 1.

9. PROPOSTAS DE MELLORA.

Para tratar de mellorar os aspectos que non se cumpriron, acórdase facer as seguintes propostas de mellora:

- Que se contemple nos horarios unha hora semanal para a coordinación das titorías de nivel.
- Que se manteñan nas tres primeiras sesións, na medida do posible, as materias instrumentais, dado que espérase contar co apoio do programa PROA.
- Que se realicen apoios de Lingua Inglesa.
- Que se siga traballando na limitación do uso dos ordenadores portátiles do alumnado no referente a xogos, fomentando os xogos de mesa.
- Que se soliciten instrucións precisas á Inspección Educativa antes da elaboración das programacións didácticas e das adaptacións curriculares.
- Que os apoios que realiza o profesorado con dispoñibilidade horario se realicen no mesmo ciclo no que se imparte clase.

En Cambre, a 26 de xuño de 2023

O COORDINADOR:

Asdo. Ricardo Ruibal Armesto.

5- MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG) CURSO 2022/2023.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

COMPOÑENTES:

- M^aTeresa Mira García(coordinadora)(mestra inglés)
- Ana María Fernández Sánchez (PT preferente/AL)
- Álvaro Castro Lago (6º EI)
- Vanessa del Río Ríos /Miguel Gundín Rodríguez (substituto)/Carlos Calvar Martínez (substituto)/María Antonia del Río García (substituta) (2ºB EP)
- Alexandra Campos Vázquez (titora 6º C EP)
- Ángel Raimundo Villaverde Mariño (mestre especialista en Relixión)

RESUMO DO CURSO

O Equipo de Dinamización Lingüística reuniuse nas datas sinaladas polo centro coa finalidade de dinamizar e programar as actividades a levar a cabo durante o curso propostas no proxecto de fomento do uso do galego. Asemade, cada trimestre había unha reunión previa de coordinadores cos doutros equipos para facer propostas comúns evitando duplicidade de actividades para as titorías, ou no mellor dos casos, simplificalas.

Traballouse máis estreitamente co equipo de actividades extraescolares e biblioteca, sen deixar de estar presentes en todas as actividades todos os equipos.

As actividades quedan recollidas no “Plan anual de actividades” e na Programación Xeral Anual do centro e están baseadas nos criterios fixados asemade nas actividades descritas no “Proxecto de fomento do uso do galego” aprobado polos órganos correspondentes desta comunidade educativa.

As actividades están pensadas para visibilizar e dar a coñecer a lingua e cultura galega así como a fomentar a propia lingua tanto no seu uso oral como na escrita.

Dende o equipo de normalización lingüística intentamos romper a dicotomía galego=antigo e todo os tópicos que rodean a nosa lingua procurando empregar todos os medios modernos ao noso alcance dando a coñecer a imaxe máis real da nosa lingua viva e da nosa cultura.

A castelanización do profesorado, dos pais e dos alumnos é e será unhas das loitas á que enfrontarse en anos , unha labor complicada mais que a poucos e logros

acadados, converterase en satisfactoria.

Nas reunións de claustros, equipos, ciclos e demais actividades, o profesorado está a empregar a poucos o galego na lingua oral minoritariamente, aínda que se vai gañando terreo ao interferir voces en galego (non hai descoñecemento da lingua, senón falla de costume en empregala), notamos melloría co ano anterior, ata en reunións informais (sala de mestres, corredores...).

A incorporación durante o ano escolar de chegada de alumnado estranxeiro co descoñecemento absoluto da nosa lingua e da nosa cultura tamén está a ser minimizada pola incorporación deses novos alumnos en actividades que impliquen o carácter máis lúdico e cultural da nosa lingua. Temos moi presente que debemos aumentar o esforzo e concienciar que a comunicación lingüística nace da propia comunidade educativa da que ten que partir o meirande esforzo, por iso estamos a matinar en actividades que impliquen a toda a comunidade un grado máis para o vindeiro curso porque a labor ten que continuar para acadar esa máxima : o galego somos todos e cada un de nós.

Hai actividades programas que consideramos moi importantes para que a situación da fala nos alumnos varíe pero por mor de falta de fondos tiveron que quedar sen realizar, o que pensamos vai en prexuízo da nosa labor. O Centro non pode cubrir todas as nosas propostas e os importes que a administración outorga son ínfimos para os costes que conleva algunha actividade, como aquelas nas que precisamos de transporte o que encarece en gran parte esa actividade. Aínda con esas, acadamos unha saída do centro ao completo a Casa de Wenceslao Fernández Flórez, onde unimos a actividade do día do libro, das letras galegas, e algo tan cultural como unha romaría; unha actividade que acadou éxito facendo partícipe ao centro completo conlevando un enorme gasto pero que consideramos moi frutífera. Algunha das actividades que non se puideron levar a termo este ano e matinamos retomar son: a obra de teatro no teatro do Centro da Xuventude de Cecebre, lugar significativo para o autor que marca o noso nome como centro: Wenceslao Fernández Flórez; a celebración das letras galegas cun maio e un festival.

Elaboráronse por parte de membros da comunidade educativa vídeos para colaborar con nós en diferentes conmemoracións o que nos achegou a todos os membros e aos rapaces porque todos somos UN.

Colaboramos co centro de día de Cecebre "Os Olivos", onde os rapaces do coro do centro foron recibidos con entusiasmo como se pode observar nos vídeos e fotografías tomadas que figuran no súa páxina de Facebook, así como na do Concello.

Tivemos unha colaboración cos centros da contorna: Unitaria de San Bartolomeu en Pravio, CEIP Portofaro, IES Afonso X o Sabio no Nadal, e esperamos continuar en vindeiros cursos con outras colaboracións.

Colaborou o concello de Cambre con nós para facer chegar á meirande parte da poboación algunha das actividades que se describen, tanto en publicación da súas páxinas en redes, como facendo a recollida no Nadal das postais feitas por nenos dos diferentes centros para ser repartidas pola asociación de empresarios de Cambre, outra colaboración esta última que se prestaron así como moitas empresas de diferentes ámbitos a colaborar desinteresadamente no reparto das nosas felicitacións de Nadal para chegar á maior poboación da contorna posible.

Colaborouse co Seminario Galán pois no noso equipo un membro forma parte do mesmo, e as súas actividades propostas foron o centro da celebración do Día das Letras Galegas.

En chegando o fin do terceiro trimestre baixou o ritmo de participación da titorías pois a cantidade de traballo titorial e outros diminuían o tempo para traballar propostas suxeridas, ao igual que o ano anterior, ao non ter fondos suficientes para actividades máis motivadoras que implicasen menos labor titorial, sempre repercute en que é un fin de curso máis esgotados e menos motivados, o que teremos que ter en conta para o ano vindeiro e posteriores.

Continuouse co blog "quer que lle quer" e coa campaña de animación á lectura do Concello Moucho Leroucho e A Curuxa Catuxa no primeiro ciclo de EP.

Toda a comunidade educativa foi invitada a participar nas actividades e vai colaborando cada vez máis o persoal non docente implicándose con nós no fomento da nosa lingua.

O claustro escollemos un único tema para levar a cabo actividades durante todo o curso tomándoo como referencia que é " O bosque animado, noso bosque" tanto a obra do autor do que levamos o nome como centro, mais o autor mesmo e a nosa contorna.

RESUMO DE ACTIVIDADES:

Tendo en conta o tema elixido como proxecto para todo o centro, preparouse unha ala do andar superior do centro para decorar e construímos o noso propio bosque animado, que iría cambiando segundo estacións e con visitantes diferentes segundo as celebracións. Serviunos de referencia e os rapaces visitaron o bosque a miúdo.

- Ruta dos sentidos (o outono e as actividades típicas galegas da estación):

Elaboráronse por ciclos diferentes murais que se colocaron en stands formando unha ruta dos sentidos polo colexio onde os rapaces observaban, degustaban, cheiraban, escoitaban sons... Aínda que cada ciclo elaborou un stand, todos os alumnos do centro, mestres e persoal docente pasamos por todos os postos, un traballo colaborativo para unha gran actividade que foi valorada positivamente.

Vendima: El elaborou os carteis para a explicación do desenrolo da uva, súa recollida , seu aproveitamento, e os produtos que se elaboran a posterior. Se degustou a maiores mosto e uvas. Os alumnos de todas as aulas pisaron uvas para facer o mosto e ver como saía ese zume cos seus propios pés.

A horta do outono: EP 1º ciclo preparou os produtos do outono, carnosos, non carnosos e aprendemos cales son os de procedencia galega e de onde foron chegándonos outros dos que hoxe forman parte da nosa horta. Degustouse mandarina, améndoas, noces, castañas ...

A esfolia: EP 2º ciclo ensinounos o proceso de crecemento do millo, aquel traballo das esfollas nos campos coas súas costumes, seus bailes, seus contos, outras anécdotas sobre bonecas e vestidos, moito que aprendemos!. Observamos millo, fariña e outros produtos elaborados a partires do millo, esfollaron e debullaron, degustamos flocos de millo e pans de diferentes cereais.

O mel: EP 5º curso investigou sobre a apicultura, as abellas, o mel, as diferentes plantas que fan deste produtos diferentes variedades. Podemos degustar meles moi variadas e saber cales nos gustaban máis: de brezo, de eucalipto, de milflores, de azahar, de montaña... comprobamos as súas características de cor, olor, sabor , endulzándonos.

As plantas e o mundo celta: EP 6º curso mostrounos as diferentes plantas que forman, o calendario celta , aprendemos do seu cheiro, da súa forma, de seu valor, e un calendario diferente onde o Samaín forma parte pescudando así de onde provén preparándonos

A matanza do porco: o EDLG preparou esta parte para non ferir sensibilidades dos alumnos. Tomamos como referencia o debuxo do porco e aprendemos sobre as partes do mesmo, a época na que hai moitos produtos que obtemos del e seus nomes, asemade no propio debuxo e noutras imaxes aqueles produtos máis populares. Degustamos chourizo, xamóns (cocido e curado) e salchichón.

- *Samaín*: O noso bosque animado particular foi o escenario da representación do Samaín celta, o camiño iluminado que transporta as almas cara o poboado dos vivos para celebrar toda esta colleita do outono. Ademais da nova decoración, a iluminación dese camiño fíxose con cabazas que os rapaces trouxeron dende as súas casas decoradas ao seu antollo.

- *Día Internacional contra a violencia de xénero* : vídeos que foron visionados na titorías. Se prepararon lazos violeta que cubriron os ventás. No tempo de lecer o coro cantou unhas cancións alusivas ao tema. O bosque tamén está contra a violencia de xénero.

- *Nadal*: O bosque vestiuse de inverno, a decoración foi un poboado de nadal. Os alumnos recompilaron panxoliñas e cancións de nadal que se decoraron como pergamiños que se introduciron en postais decoradas por nenos de diferentes niveis dos cursos de EP. Esas felicitacións xunto coas de outros centros do concello aos que lle presentamos a proposta e se uniron a ela, foron recollidas por persoal do Concello de Cambre e entregadas á Asociación de Empresarios do mesmo Concello, quen as repartiu entre as empresas voluntarias para ter nos seus locais onde todo visitante (sen consumir, nin interese comercial algún) podería levar unha. Desexábamnos que todo Cambre fose felicitado en galego e que sobre todo un colectivo que viviu o tempo de pandemia en soidade como os avós que entenden menos de tecnoloxías tivesen unha felicitación. Asemade o coro do noso centro acudiu ao centro de día Os Olivos en Cecebre, onde eles xunto cos avós cantaron e celebraron o Nadal, unha experiencia moi emotiva na que quedamos emprazados para posteriores colaboracións. Os vídeos poden verse na nosa páxina web no apartado de o son de Cecebre (espazo da aula de música) e na páxina de facebook do Concello.

A visita ao centro de día tamén figura en vídeos no blog da aula de música do noso centro:
<https://osondafraga.blogspot.com/>

- Día da Paz: Celebramos en conxunto con toda a comunidade educativa cunha carreira solidaria para recoller alimentos e varias actuacións musicais así como un manifesto no patio.

- *Día de Rosalía de Castro*: Dende o equipo de EDLG elaborouse un mural sobre Rosalía e as súas obras, e un cuestionario (diferente para EI e EP) para puntuar e converterse en aula rosaliana. Obtivemos todas as aulas de EI e EP o noso distintivo para por na porta de aula rosaliana.

Os alumnos fixeron poemas e creamos o noso xigante libro "As nosas follas novas" que estiveron expostos para o resto do curso.

Alumnas de quinto de EP prepararon o resumo da biografía e obra de Rosalía de Castro e foron polas aulas dramatizando como se elas fosen a autora, contándolles en primeira persoa ese resumo, antes de que fixeran o cuestionario.

- Entroido: O meco foinos indicando que por a diario durante a semana do entroido. Elaboramos unha pancarta para facer un pasarrúas polo noso pobo. A temática dos disfraces foi o bosque animado polo que atopamos :

EI animais do bosque

EP 1º ciclo: as árbores do bosque.

EP 2º ciclo: as fadas, os druídas, os trasnos e outros seres mitolóxicos do bosque.

EP 3º ciclo, 5º curso: os labradores, os agricultores, os gandeiros, os leñadores... os oficios do bosque.

6º curso: a santa compañía e outros personaxes do libro " O bosque animado" (Fendetestas, Fiz de Cotovelo, as señoritas madrileñas...).

- *Día Internacional da Muller Traballadora*: completouse o mural do ano anterior con biografías de mulleres relevantes no campo da ciencia, resaltando as galegas. Fíxose traballo titorial.

- *Letras Galegas e Día do Libro*: Reducimos as propostas pois chegada esta altura do curso as titorías tendo moito traballo e o tempo esgótase impide que se sintan motivados a participar en proxectos que o EDLG e outros equipos suxerimos, así pois, intentamos abreviar e cumprimentar varias actividades para que nunha soa completemos o proxecto . Realizouse unha actividade conxunta de EDLG e Equipo de Biblioteca indo a celebrar un día de Romaría na casa museo de Wenceslao Fernández Flórez. Todo o centro acudiu á casa museo onde en círculos merendamos e escoitamos a un padriño lector (alumnos de 5º de primaria) que nos lían diferentes pasaxes en galego do Bosque Animado

enmarcados no lugar onde o escritor elaborou esa obra. Os alumnos de 3º ciclo fixeron o tramo dende o centro ata Cecebre a pé polo sendeiro do río, os de 5º de EP visitaron a casa museo a posterior da lectura e merenda e os de 6º unha exposición fotográfica no mesmo lugar dos cambios nos últimos 100 anos da comarca e o vestido da contorna de Cecebre. Aínda que a actividade é motivadora o custo da mesma tendo en conta que para desprazar o centro ao completo son moitos autobuses os que hai que contratar é moi cara e non asumible para realizar todos os anos.

Traballáronse nas titorías actividades que nos propoñía o Seminario Galán co que se colaboraba como se nomea no proxecto presentado, e outras actividades dos enlaces que figuran no blogue do centro. Elaborouse mural conmemorativo ao autor homenaxeado este ano Francisco Fernández del Riego.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- O emprego do galego oral nas reunións do centro (claustro, equipos, ciclos, e outras reunións), así como con outros membros da Comunidade Educativa.
- Representación da cultura popular galega. Recuperación dos maios.
- Procurar a participación nalgún proxecto de innovación lingüística.
- Colaborar coa Radio escolar.
- Recoller material escolar en galego (redaccións, poemas, etc) para elaborar unha posible revista.
- Continuar co bo traballo da páxina web "QUER QUE LLE QUER" no que se fan visibles moitas actividades lúdicas así como labores dos alumnos.
- Propor actividades en común con centros da contorna coordinando cos seus EDLG.

Asdo: A coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega

6- MEMORIA DE SECCIÓNS BILINGÜES CURSO 2022/2023.

O **EQUIPO DE SECCIÓNS BILINGÜES** estivo formado durante o curso 2022-2023 por:

M^a Teresa Mira García (coordinadora de seccións bilingües)

Rafael Martínez Pozas (coordinador da auxiliar de conversa)

Montserrat Domínguez García (mestra de inglés)

As seccións bilingües autorizadas na área de Educación Artística, Plástica, comprenderon os seguintes niveis: 3^o A, B e C EP, 4^o A e B EP, 5^o A e B EP e 6^o A, B e C EP

O horario do auxiliar de conversa elaborouse de xeito que todos os alumnos de Primaria tivesen un mínimo dunha hora semanal de contacto cunha persoa nativa nun país de fala inglesa facilitando a inmersión lingüística e a posibilidade de escoitar diferentes variantes dunha lingua tan universal.

A labor do auxiliar foi óptima, tanto no profesional e pedagóxico como docente, no social como persoa e na súa capacidade de traballo, preparación, anticipación, creatividade... na área. Empregou o vocabulario adquirido na área de Lingua Estranxeira ampliando na medida do alumnado e súas capacidades ademais de procurar que fose unha clase práctica e motivadora.

A elección desta área demostrou facilitar a **METODOLOXÍA AICLE** grazas a:

- Facilitade para introducir temáticas que promoven o traballo da interculturalidade.
- Idoneidade da área pola cantidade de recursos que conteñen reforzos visuais que facilitan a comprensión de explicacións e instrucións.
- Facilitade para desvincular a comprensión lingüística en lingua estranxeira da avaliación do alumnado polas súas producións.

MELLORAS :

- Atopar ou crear materiais axeitados para o alumnado con necesidades específicas de aprendizaxe.
- Inclusión en actividades (e-twinning e outras contornas) que posibiliten a comunicación do noso alumnado con iguais de outras nacionalidades onde o uso do idioma se faga imprescindible e ao mesmo tempo útil.
- Promover novas situacións lingüísticas como unha pequena obra teatral en inglés onde os decorados sexan parte de un pequeno proxecto el área de Plástica.

O programa cumpriu positivamente cos obxectivos marcados en relación ao fomento da interculturalidade, o incremento do contacto coa lingua inglesa e a presenza de modelos lingüísticos nativos nas aulas do centro.

Asdo: A coordinadora das Seccións Bilingües

7- MEMORIA DO EQUIPO TICS CURSO 2022/2023.

Un curso máis, desde o equipo de TIC reconécese o valor de empregar as tecnoloxías das que dispón o centro para mellorar e actualizar os procesos de ensino-aprendizaxe.

O **Equipo de Dinamización das TIC** no presente curso 22-23 estivo formado polos seguintes membros:

- Silvia Maroño Boedo (mestra de apoio Equipo de EI)
- Tatiana Galán Dopico (mestra de apoio Equipo de EI)
- M^a Teresa Corral Vázquez (titora 3^oA)
- Mónica Rodríguez Longueira (titora de 4^o B e coordinadora do equipo TIC)
- Mónica Carneiro Varela (titora 5^oA e coordinadora do Plan Dixital e Polos Creativos)
- Francisco Suárez Gómez (especialista de E.F e titor 6^oA)
- Rafael Martínez Pozas (especialista de inglés e coordinador de E-Dixgal)
- Lucía Vérez Vivero (especialista PT)

O equipo renovouse en dous membros respecto ao ano anterior. A mestra Silvia Maroño Boedo solicitou un permiso de xornada reducida e foi completada coa mestra Iria Zaera Suárez desde o mes de setembro.

1.- ACTUACIÓNS DO EQUIPO:

Ao longo do curso 2022-23 os membros do Equipo TIC levaron a cabo varias liñas de actuación, entre as que cabe destacar as seguintes:

- Ao comezo do curso, adxudicación ao profesorado do material informático dispoñible no armario blindado do almacén da aula de Informática.
- Mantívose actualizado o inventario do almacén da aula de informática, retirando os materiais que se van deteriorando ou quedan obsoletos, dándoos de baixa e trasladándoos ao almacén exterior para levalos ao punto limpo cando o autorice a inspección educativa.
- Actualización dentro da páxina web de permisos para que os novos mestres/as poidan identificar as incidencias informáticas da súa aula ou das zonas comúns.
- Reparto das claves de acceso ás aplicacións nas que estamos dados de alta.
- Resolución dalgunhas incidencias de carácter tecnolóxico.
- Traslado das incidencias tecnolóxicas recibidas dalgúns mestres e doutros membros da comunidade educativa á zona do profesorado dentro da páxina web.
- Incorporación do blogue de inglés, Octopus´s garden, na web do centro.

- Coordinación das tarefas de mantemento levadas a cabo por polo servizo técnico da empresa Galitelco.
- Compra de varios materiais e soporte informático:
 - 1 monitor para aula 106 (setembro 2022)
 - 1 Encerado Dixital Stardboard para a aula de infantil 002 (outubro 2022)
 - 1 CPU para a aula 105 (marzo 2023)
 - 4 unidades de multiplicadores de puertos USB para aulas de infantil (abril 2023)
 - 1 cargador múltiple de puerto USB para Polos (maio 2023)
 - 10 ratos con cable (abril 2023)
 - Material para a limpeza dos Paneis Dixitais novos (maio 2023)
 - 1 pendrive para os documentos TIC (xuño 2023)
- Facilitar á Consellería a información sobre as aulas implicadas na instalación dos 10 paneis dixitais (E. Infantil e 1º Ciclo de Primaria) introducindo os datos requeridos na aplicación: <http://centros.edu.xunta.es/paneisdixitais>
- Recepción e catalogación de 11 ordenadores portátiles co obxecto de ser prestados a estudantes en situación de risco de fenda social tecnolóxica e así garantir a igualdade nas condicións de acceso a Internet do alumnado galego enmarcada dentro do programa “Educa en Dixital Galicia”
- Colaboración co proxecto E-Dixgal.
- Reparto dos ordenadores Abalar nas aulas de E. Infantil que o solicitaron.
- Elaboración das presentacións do Inicio do curso, Andaina polo Mero, Día da Violencia de Xénero-25N, Samaín, Nadal, Entroido e fin de curso para incluír no blogue Celebrandeslao.
- Seguimento das actividades seleccionadas polos distintos niveis educativos para a mellora da competencia dixital recollidas no panel da aula de Informática.
- Revisión dos obxectivos plantexados no Plan Dixital por parte da coordinadora e toma de decisións de cara ao vindeiro curso.
- Revisión e actualización ao final do curso do inventario informático xeral coa axuda da empresa Galitelco contratada para o mantemento informático.

2.- PROPOSTAS DE MELLORA

O equipo propón varias actuacións para o vindeiro curso escolar:

- Revisión e actualización do Plan Dixital.
- Colaborar para que os obxectivos non acadados do Plan Dixital se leven a cabo o vindeiro curso na temporalización prevista.

- Fomentar desde o Equipo a participación da maior parte do profesorado no Proxecto Polos Creativos.
- Promover o uso da aula de Informática polo menos 1 día á semana nos cursos inferiores a 5º de Primaria, organizando, na medida do posible, un horario fixo de xeito que sexa factible a formación do alumnado no manexo de procesadores de texto básicos, para a mellora da súa competencia dixital, permitíndolle chegar a 5º curso cunhas nocións básicas para enfrontarse ao proxecto E-Dixgal.
- Potenciar o uso dos 28 ordenadores portátiles para o alumnado de 3º e 4º creando un recuncho TIC para sacarlle o máximo partido.
- Promover o uso do carro con 25 ordenadores Abalar antigos nas aulas de Primaria.
- Crear un recuncho informático en todas as aulas de Ed. Infantil cos ordenadores Abalar antigos.
- Promover o mantemento e uso das aulas virtuais por parte de todo o Claustro e crear un banco de recursos.
- Buscar, seleccionar e presentar á comunidade educativa aplicacións, software, actividades online, etc... que resulten de interese para o desenvolvemento tecnolóxico.
- Promover o emprego das tablets e Ipads, tanto para o alumnado como para o profesorado, actualizando as aplicacións educativas instaladas.
- Continuar colaborando nas montaxes audiovisuais para aquelas actividades nas que participa todo o centro por mor de celebracións ou conmemoracións colgándoas no blogue “Celebrandeslao”.
- Comunicar ao Equipo Directivo as necesidades de compra de material informático necesario tendo en conta as demandas do profesorado.
- Renovar os dous ordenadores da sala de Mestres.
- Valorar a dotación de tablets para mestres nas aulas con pantallas dixitais novas.
- Continuar mantendo separadas as coordinacións de TIC e E-Dixgal por ser máis operativas e eficaces. O coordinador/a de E-Dixgal e o coordinador/a de Polos Creativos pertencerán ao equipo TIC para facilitar a comunicación entre eles. Ambos requiren de horas de liberación horaria para poder desenrolar o seu traballo:

supervisión e resolución de incidencias, actualización, coordinación do proxecto,
coordinación do equipo...

3.- CONCLUSIONES

A pesar do traballo realizado este curso, os compoñentes do equipo somos ben conscientes de todo o que nos queda por acadar para chegar a un mellor nivel de formación, de práctica e de normalización no uso das tecnoloxías coas que conta o noso centro.

A coordinadora do equipo TICS

8- MEMORIA E- DIXGAL CURSO 2022/2023.

Este curso 2022-2023 o Proxecto E-dixgal continuou desenvolvéndose no terceiro ciclo de Educación Primaria (5º e 6º) e para un total de 122 alumnos. Neste curso a clonación dos equipos para as aulas de 5º realizouno persoal da UAC e para o alumnado de 6º o propio centro.

O emprego da plataforma educativa e os recursos tecnolóxicos foi desigual dependendo dos niveis e grupos.

Ao longo do curso afrontáronse algunhas deficiencias atopadas o curso anterior:

- **Falta de equipamento de son apropiado nas aulas E-dixgal.**

Instaláronse altofalantes apropiados nas aulas que o precisaban.

- **Erros na entrega de equipos ao alumnado.**

Etiquetado sistemático a primeiros de curso no que figure: num de serie, aula e nome do alumno, tanto no equipo como no cargador. Se o equipo é substituído durante o curso debe etiquetarse novamente.

- **Deterioro das bolsas de transporte.**

Solicitouse a Consellería a renovación das mesmas, sen resposta. Mercáronse 50 fundas de transporte para o alumnado de 6º curso, sendo suficientes para todo o alumnado que sube para 5º no vindeiro curso.

- **Pouca contratación por parte das familias do seguro opcional.**

Neste curso foron moitas máis as avarías detectadas para as que os equipos tiñan seguro.

- **Detección de avarías e danos nos equipos do alumnado ao final de curso.**

A presenza do coordinador en todas as aulas facilitou o contacto co alumnado e polo tanto a solución de incidencias. Aparecendo moitas menos sen arranxar ao rematar o curso.

Asdo: O coordinador de E-dixgal

9- MEMORIA DO PLAN DIXITAL CURSO 2022/2023.

O Plan Dixital foi o primeiro documento do centro en ser elaborado na plataforma *Educalidade* e alí pode ser consultado integramente de forma pública. Resúmense aquí os aspectos máis salientables.

AVALIACIÓN:

En xeral deseñamos un plan realista e práctico sendo quen de cumprir grande parte dos obxectivos. Os motivos de non acadar todo o que nos propuxemos teñen que ver, fundamentalmente coa **falta de tempo para explorar** a competencia dixital, coordinarse e preparar actividades e coa **falta dos equipamentos solicitados**.

Obxectivo 1: robótica. Parcialmente acadado. O indicador de logro era realizar unha experiencia mensual en todos os niveis. Non foi acadado por falta de tempo para explorar as posibilidades dos materiais e para coordinarse e deseñar actividades conxuntas. As prácticas de programación e robótica seguen sendo irregulares tendo algunha presenza esporádica en 5º, 1º e infantil. O volume de material chegado para Polos Creativos fixo que fose moi difícil exploralo e organizalo todo este curso. O curso que vén esperamos tirar todo o partido aos novos materiais.

Obxectivo 2: dotación de portátiles ás aulas de cuarto. O obxectivo foi acadado nas primeiras semanas de curso utilizando os ordenadores que viñeran da *red.es* e que non estaban sendo utilizados. Chegan 11 máis e un carro de carga. Esténdese a entrega a 3º de EP. A valoración da súa utilidade e frecuencia de uso por parte das titoras é moi positiva.

Obxectivo 3: formación. O obxectivo foi acadado. No primeiro mes de curso e queda solicitada unha formación para desenvolver o Polo Creativo á que se apuntan 21 persoas do claustro (o 60%). No PFPP, ademais de poñer en funcionamento o Polo Creativo, recibimos docencias sobre impresión 3D, plotter de corte, robótica e monitor interactivo. Con todo, consideramos as horas de docencia insuficientes, queda moito por facer a nivel de exploración persoal e pouco tempo para coordinarse e practicar.

Obxectivo 4: banco de recursos dixitais. Estúdanse opcións e consúltase co asesor ADIX a mellor delas, elixindo un aula virtual na web do centro na que esteamos matriculados todos os docentes e poidamos compartir e descargar recursos organizados por ciclos. Con todo, posponse a súa realización por falta de tempo para difundilo e dinamizalo propiamente, por mor da carga de traballo deste curso.

Obxectivo 5: Optimizar os espazos informáticos do centro. Parcialmente acadado. Tras realizar unha enquisa inicial e revisala, detéctanse necesidades de material que son comunicadas ao asesor ADIX e que non chegaron en todo o curso. Con todo, a aula de

informática incrementou a súa frecuencia de uso, acudindo a ela todas as clases de 3º e 4º con frecuencia semanal.

PROPOSTAS DE MELLORA

- **Aunar** os equipos TICS/PLAN DIXITAL/POLOS e definir claramente as súas funcións.
- **Aunar** Plan Dixital e plan TICS.
- Acadar mellores **horarios** para a atención ao desenvolvemento do Plan Dixital e dos Polos Creativos que permitan a coordinación e a dinamización efectiva e real. Contar a lo menos cunha hora de **liberación horaria** para explorar a competencia dixital e os polos creativos, para cada docente ou, cando menos, para cada membro do equipo de TICS (coincidindo varios do equipo para poderse coordinar). Tamén pode ser útil reorganizar as **reunións** de equipos de traballo dos luns polas tardes para liberar unha tarde ao mes para estas tarefas e para formacións (Edixgal, materiais de polos creativos, plan de mellora de bibliotecas, etc...). Desde o equipo do PFPP envíase unha proposta á CCP e ao equipo directivo para solicitar cobertura horaria para a atención ao Polo Creativo (liberación horaria para dúas persoas do centro que actúen como dinamizadoras e apoios en aula).
- Adquirir tabletas actualizadas para o seu uso nas aulas.
- Poder imprimir desde os equipos de cada aula a unha impresora ou fotocopiadora no edificio principal.
- Adquirir un equipo de son para o centro.
- Completar a aula de informática ata 25 postos.
- Estudar a compra de recursos dixitais interesantes, como un editor de vídeo ou o Kahoot, sempre e cando non poidan ser utilizadas as ferramentas corporativas para eses fins.
- Recibir formación en protección de datos.
- Na redacción do plan dixital do vindeiro curso, redactar de forma máis clara os valores dos indicadores.

A coordinadora do Plan Dixital

10- MEMORIA POLOS CREATIVOS CURSO 2022/2023.

O noso centro foi admitido na primeira convocatoria do proxecto Polos Creativos, con data de xullo do 2023. Recóllense nesta memoria o desenvolvemento dos avances e a situación actual así como as propostas de mellora para continuar co funcionamento satisfactorio do Polo.

1. EQUIPO DINAMIZADOR

Tal e como establecía a convocatoria, os Polos creativos foron xestionados por un equipo dinamizador:

CARNEIRO VARELA, MÓNICA (Coordinadora Polos e Plan Dixital)

CASAL BERDEAL, LAURA

CASTELO ESPIÑEIRA, MARÍA LUZ

COEDO LODEIRO, PATRICIA

CORRAL VÁZQUEZ, MARÍA TERESA

DOMÍNGUEZ GARCÍA, MONTSERRAT

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, ANA MARÍA

GALÁN DOPICO, TATIANA

GARCÍA BRUZOS, MARÍA ISABEL

GASALLA DÍAZ, ROCÍO

MARTÍNEZ POZAS, RAFAEL (Coordinador Edixgal)

MEJUTO BLANCO, MARÍA CARMEN

MOSQUERA GÓMEZ, LORENA

RIAL GRILLE, TAMARA

RILO OTERO, PILAR

RÍO RÍOS, VANESA DEL

RODRÍGUEZ LONGUEIRA, MÓNICA (Coordinadora TIC)

RODRÍGUEZ RAMOS, MARÍA JOSÉ

SOUTO PEREIRA, MARÍA JESÚS

SUÁREZ GÓMEZ, FRANCISCO

VÉREZ VIVERO, LUCÍA

2. FORMACIÓN

2.1. Proxecto de formación en centros:

Co obxectivo de recibir formación e asesoramento e crear un grupo de traballo para levar adiante o proxecto, solicitamos un PFPP de **20 horas**, no que participaron **21 docentes**, (entre elas as persoas do equipo dinamizador).

Nel desenvolvéronse as tarefas de posta en funcionamento do Polo e recibíronse 6 horas de **formación** sobre monitor interactivo, robótica, deseño e impresión 3D e deseño e corte co plotter.

2.2. A persoa coordinadora recibiu, á súa vez, formación en:

- Introducción á metodoloxías activas.
- Difusión de contidos.
- Protección de datos.
- Aplicación didáctica dos robots.

3. ESPAZOS

Aínda que as recomendacións piden centralizar todo o relativo a Polos Creativos nun só espazo, no equipo de traballo pensamos que, diversificando espazos a utilización podería ser simultánea e, polo tanto máis frecuente. Polo tanto, organizamos os materiais e equipamentos en tres lugares do centro: unha aula central e dúas satélite.

- A aula principal de Polos Creativos situouse na antiga aula de música, que leva varios anos sen uso e se atopa nun edificio afastado do principal. Requiriu melloras de electricidade (posto que so había un enchufe), contratadas a unha empresa externa (Dismedia). As obras de electricidade consistiron na colocación dun cuadro diferencial propio da aula e 6 puntos de electricidade, dous deles preparados para o acceso a Internet (pendente UAC) e un punto de electricidade na aula do lado (pintura) polo deterioro do que había nela.

Solicitouse que a unidade técnica asuma a contía da obra. Estamos á espera de resolución.

Tamén se solicitou ao concello o pintado e o cambio das pranchas do teito técnico, moi deterioradas, así como a substitución dos puntos de luz. Seguimos á espera.

A colocación de vinilos nas ventás e retirada de cortizas foi realizada polo equipo do PFPP.

O pintado e algunhas outras pequenas melloras quedaron ao cargo do noso ben disposto conserxe.

- Polas necesidades especiais dun espazo de radio, esta situouse nunha pequena aula do edificio principal (antiga aula COVID). Queda pendente, unha vez probado o funcionamento, decidir se é necesario un mellor acondicionamento acústico.
- Dada a infrautilización da aula de psicomotricidade (6 sesións semanais) pensouse en empregala para o traballo con robótica e construcións do alumnado de infantil e primeiro ciclo, situando alí un dos armarios baixos con chave co material deste tipo (robots BeeBot e True True e construcións magnéticas).

4. ORGANIZACIÓN DO POLO CREATIVO.

- Creáronse horarios para que os distintos grupos se apunten segundo a súa preferencia para acceder aos distintos espazos. Entrarán en funcionamento o vindeiro curso.
- Situáronse plantillas para apuntar os materiais que se sacan para traballar con eles noutros lugares co obxectivo de saber en todo momento onde están.
- Baralláronse diferentes opcións de organización para a súa dinamización, seleccionando algunhas que se levaron como proposta á CCP e se detallan no apartado 'Propostas de mellora'.
- Queda pendente para inicios do curso que vén a dinamización e difusión do Polo entre o profesorado e a comunidade educativa.

5. MATERIAIS E EQUIPAMENTOS.

Chegaron ao centro o último día de novembro do 2022, coa excepción do equipo de iluminación que chegou en maio. Polo tanto, o traballo durante este curso consistiu en desembalar, montar, situar nas aulas e familiarizarse coa maior parte do material, ben fora a través da formación recibida no PFPP, ben a través da exploración individual dos distintos mestres e mestras.

5.1. Relativo ao mobiliario:

Todo se situou na aula principal de Polos Creativos, agás as tres mesas modulares que foron situadas na radio, o armario baixo branco, na aula de psicomotricidade, e dúas mesas de ordenador, na aula de informática.

5.2. Relativo aos equipos informáticos:

- A torre queda situada na aula principal de Polos para acceder con ela de maneira áxil á impresora, o plotter (licencia do programa activada) e a impresora 3D. Está conectada á rede WIFI edu.xunta.gal.
- O monitor dixital interactivo foi situado nunha aula de 4º para aprender o seu manexo e sacarlle rendemento mentres non se poñía en marcha o Polo.
- Os tres portátiles recibidos foron organizados da seguinte maneira:
- Un deles para radio, instalando nel a maqueta abalar libre e conectándoo á WIFI edu.xunta.gal.
- Dous para a aula de Polos, con Windows para poder instalar os drivers do plotter e practicar con eles o deseño no programa de corte. Un destes foi prestado no último trimestre á mestra de música por problemas co seu equipo.

5.3. Contas de usuario

- Creouse unha **conta de dispositivo** para conectar as tablets e ordenadores á rede edu.xunta.gal. Polo momento, funcionan todos os dispositivos con este único usuario.
Usuario: wifi.polowff.ceip.wenceslao@edu.xunta.gal
Contrasinal: EquipoPollos2223
- Creouse unha **conta de usuario de Google** para os momentos en que se requira e para iniciar as tablets:
Usuario: polocreativowff@gmail.com
Contrasinal: Montandounpollo22
- Creouse unha conta na plataforma iVoox para subir os podcast da radio.
Usuario: Radio WFF
Correo electrónico: polocreativowff@gmail.com
Contrasinal: Montandounpollo22

5.4. Realización de inventariado:

Con data de xuño do 2023 realizouse un inventario en dirección de todos os elementos relativos a Polos Creativos e unha copia do inventariado dos elementos informáticos á empresa *Galitelco*.

5.5. Compra de materiais funxibles:

Aproveitamos a dotación de orzamento para o PFPP (600 €) para adquirir materiais funxibles para os distintos elementos que os requiren: tóner, PLC para os bolígrafos 3D, bases para o plotter, chapas...

6. DIFUSIÓN E CONTINUIDADE.

6.1. Difusión:

Acóllense na web do centro:

- Presentación en percorrido 360º das aulas de Polos (en elaboración).
- Taboleiro colaborativo con recursos (en elaboración).
<https://padlet.com/polocreativowff/recursos-polos-creativos-wff-ltmqnjrcx2fxemed>

6.2. Propostas de continuidade:

- Solicitud na CCP do 29/05/23 do horario de atención ao Polo en diferentes modalidades:
 - Liberación horaria suficiente para dúas persoas do centro (a lo menos tres sesións cada unha) encargadas de dinamizar e formar.

- Unha sesión SEMANAL de apoio POR AULA (con profesorado con dispoñibilidade) para poder acudir ás aulas de polos a realizar actividades co alumnado.
- Propostas de pímulas formativas para o claustro e a comunidade educativa no primeiro trimestre do vindeiro curso.
- Solicitude de formación, especialmente sobre os recursos audiovisuais (radio e televisión).

Asdo: A coordinadora do Polo Creativo

11- MEMORIA DO EQUIPO DE BIBLIOTECA ESCOLAR CURSO 2022/2023.

1.1. Marco legal

Esta Memoria acóllese ao regulamentado no punto 3, artigo 14 da ORDE do 11 de maio de 2022 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 202/23, e conta co visto e praxe da Dirección do Centro.

Incluirase na Memoria final do curso que se remitirá ao Servizo Provincial de Inspección.

Asemade, o aquí exposto intenta reflectir os principios de fomento da lectura e a adquisición das competencias básicas que se recollen na Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (BOE, 10/12/13), modificada pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro así como no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 26/09/22)

O Colexio de Educación Infantil e Primaria “Wenceslao Fernández Flórez” está ubicado no casco urbano da localidade de Cambre, no Concello do mesmo nome, dentro da bisbarra da cidade da Coruña.

O Colexio escolariza alumnado de Educación Infantil, distribuídos en seis aulas e alumnado de Educación Primaria, agrupados en catorce unidades.

O Centro conta con varios edificios destinados a aulas e outro de administración. A Biblioteca está situada nun edificio de planta baixa xunto a dúas aulas de primaria, a aula de música e o despacho de orientación.

O profesorado está formado por mestres e mestras de Educación Infantil, Educación Primaria e os correspondentes especialistas. O ambiente de traballo é agradable e a acollida ás actividades que se programan desde todos os Equipos é sempre ben recibida e conta sempre cunha total participación. Cabe salientar a sensibilización que xera a biblioteca como dinamizadora da vida cultural do centro.

O nivel socioeconómico das familias é medio e en xeral pódese dicir que as relacións entre os membros da comunidade educativa son maioritariamente satisfactorias. As familias valoran a existencia da biblioteca e responden positivamente ás súas propostas. As canles de comunicación con elas establécense a través do blog, Instagram, comunicados escritos ou a través de Abalar móbil e por medio da comisión de biblioteca formada dentro do Consello Escolar.

1.2. A Biblioteca

A **Biblioteca** é un espazo con capacidade para uns corenta e cinco usuarios, suficientemente iluminado que permite traballar cun grupo-clase íntegro, co que son posibles outros usos simultáneos dependendo da actividade.

Conta, ademais, con espazos anexos ou próximos á sala de biblioteca: aseos, departamento de orientación e tres aulas. As zonas están ben identificadas e non se interfieren.

O espazo está ben aproveitado, sen dar sensación de abafío. Establécense nela unhas zonas diferenciadas:

- a. Zona de xestión técnica que conta cun ordenador.
- b. Zona para lectores de Educación Infantil e primeiros lectores. Conta cunha pantalla dixital e un proxector.
- c. Unha zona de lectura xeral.
- d. Zona de divulgación e información, onde se atopan dous ordenadores para os lectores.

O mobiliario é recente e nos últimos cursos rematáronse de incorporar novos andeis fixos que facilitan o aproveitamento do espazo para as distintas actividades.

A biblioteca conta con acceso a internet e cun espazo diferenciado para uso do alumnado. Ademais, a biblioteca ten equipamento audiovisual propio (reprodutor de CD e DVD no ordenador, cámara de fotografía, escáner, impresora, tablet ...) e durante o curso pasado adquiriuse material STEAM (mesas de luz, robots, kits de LEGO...).

Todos os documentos que compoñen a colección están directamente accesibles e en andeis abertos, incluso aqueles que non están suxeitos a préstamo.

O número de rexistros supera os 8.000 documentos.

As aulas poden tomar prestado calquera tipo de recurso da biblioteca, en función das súas necesidades concretas.

A colección está organizada utilizando como criterio a ordenación por materias segundo a CDU e establecendo subdivisións detalladas naquelas materias que o precisen, sobre todo no material divulgativo e científico. Todo o material se cataloga empregando o programa informático *Koha*, ao cal se realizou a migración no mes de outubro deste curso.

O equipo da biblioteca tenta reflectir nesta memoria, na medida do posible, o modelo de biblioteca escolar, os obxectivos que propón, as estratexias e as accións previstas, así como os procesos de avaliación. Foi elaborado pola persoa responsable en colaboración coa comisión de biblioteca.

A biblioteca enténdese como un proxecto formativo e contempla a integración curricular e coa comunidade nun sentido amplo.

Está referendado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e a comunidade escolar estivo informada do proxecto.

O centro está integrado no PLAMBE desde o ano 2005.

II. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

Os obxectivos propostos foron acadados na súa meirande parte. Detállanse a continuación os obxectivos marcados nas liñas prioritarias de actuación para o curso 2022-2023 e o seu grao de cumprimento segundo o código que se detalla a continuación:

- ▲ Obxectivo acadado
- ▶ Obxectivo en vías de acadarse
- ▼ Obxectivo non acadado

1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.

▲ Empregar o orzamento para ampliar o fondo bibliográfico e documental. ▶ Continuar coas subscricións a publicacións periódicas para uso tanto de alumnado como de profesorado e resto da comunidade educativa.

▲ Radicación deste material nun espazo propio e facilmente accesible.

▲ Difundir e ensinar o funcionamento básico da biblioteca escolar.

▲ Continuar o servizo de préstamo empregando o sistema informático.

▲ Empregar o Programa Meiga para catalogar os novos fondos. Migrar ao novo sistema Koha.

▲ Uso por quendas da biblioteca escolar, reservando no horario de cada titoría unha hora para o uso deste espazo. O alumnado estará acompañado sempre por un mestre/a e as actividades levadas a cabo poden ser desde o préstamo ata a investigación, lectura, elaboración de traballos ou as actividades propias deseñadas desde a biblioteca.

▲ Actualización dos carnés de lectores para o seu uso no curso 2022/2023.

▲ Continuar colocándolle aos libros en galego un distintivo para a súa mellor localización. Tanto para os de carácter literario como os de contido divulgativo.

▶ Continuar coa adquisición e elaboración de materiais de robótica e a súa difusión entre o profesorado.

2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA B.E. EN RELACIÓN CO CURRÍCULO E AS COMPETENCIAS CLAVE DO ALUMNADO.

▲ Continuar co blog e coa conta de Instagram da biblioteca .

▶ Potenciar e fomentar o uso dos recursos telemáticos e tecnolóxicos existentes na biblioteca.

▲ Realizar un proxecto documental que implique a todo o persoal docente. Terá carácter transversal a todas as áreas e materias do currículo.

3. FORMACIÓN DE USUARIOS E COMPETENCIA INFORMACIONAL

- ▶ Consolidar os hábitos de consulta e manexo da información.
- ▼ Organizar visitas guiadas á biblioteca onde se dará a coñecer a disposición dos fondos bibliotecarios.
- ▶ Continuar coa formación de usuarios, involucrando ao alumnado no funcionamento da BE e procurando a súa implicación no mantemento da orde.
- ▶ Orientar e elaborar materiais para a educación documental.
- ▲ Ampliar os fondos divulgativos, tanto impresos como multimedia, en relación co proxecto de centro de educación documental.

4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

- ▲ Continuar coa colaboración entre a biblioteca municipal e o colexio: exposicións, conta contos e elaboración de guías de lectura.
- ▼ Continuar coa campaña de animación á lectura a través da “hora de ler”, dos conta contos e do teatro escolar.
- ▲ Exposicións de libros novos ou relacionados con efemérides, acontecementos ou temas culturais de interese.
 - ▲ Facer recomendacións de lecturas a través de diferentes medios.
 - ▲ Promover o préstamo e recomendación de lecturas entre o alumnado.

5. OUTRAS ACTUACIÓNS

- ▲ Continuar coa contratación do persoal de mantemento dos ordenadores para facer revisión e posta a punto.
- ▲ Organizar e distribuír o traballo entre o equipo da BE para a axilización das funcións que lle competen.
- ▲ Abrir a BE polas tardes, como actividade complementaria para o alumnado do colexio.
- ▲ Abrir a biblioteca escolar durante o tempo do recreo polo menos dous días á semana.

6. AVALIACIÓN

- ▼ Analizar trimestralmente os obxectivos acadados, as dificultades xurdidas e as posibilidades de mellora. Completarase cunha valoración por parte do profesorado para coñecer o que aconteceu nas aulas.
- ▲ Elaborar, a final de curso, unha memoria das actividades realizadas, dos obxectivos acadados, e das dificultades atopadas.
- ▼ Recoller datos cuantitativos ao longo do curso que permitan comparar o funcionamento da biblioteca a través dos anos.

III. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

A biblioteca planificou as súas actividades para todo o alumnado de Educación Infantil e Primaria e os seus obxectivos procuraron relacionarse coa meirande parte das áreas do currículo e as actividades do centro.

A biblioteca tamén tentou responder a demandas dos servizos de orientación psicopedagóxica e do profesorado de apoio.

III.A. XESTIÓN TÉCNICA

Para a correcta xestión e organización dos materias seguíronse **criterios estandarizados** no ámbito bibliotecario, mediante a simplificación do sistema de Clasificación Decimal Universal (CDU) adaptándoo ao contexto da biblioteca escolar. Especial incidencia desta clasificación ten no ámbito do **material científico e divulgativo**.

Todos os libros en lingua galega están sinalados cun adhesivo lila para facilitar o acceso aos mesmos.

Existe unha **política de colección** que contempla o expurgo periódico de documentos deteriorados e obsoletos, tendo en conta, ademais, os niveis de uso e de demanda.

Adquiríronse materiais para lles dar resposta aos proxectos específicos do centro, especialmente ao proxecto documental proposto pola biblioteca, peticións dos ciclos e profesorado de apoio.

En canto ao **material de carácter literario e divulgativo**, reservouse unha parte para aqueles fondos que incorporan material sonoro ou audiovisual e que non son obxecto de empréstito. Están dispoñibles para a súa consulta en sala e empréstito para as aulas.

Hai un espazo para os **libros en inglés**, que facilita a súa localización.

TEMPORALIZACIÓN DOUTROS ASPECTOS TÉCNICOS

PRIMEIRO TRIMESTRE	SEGUNDO TRIMESTRE	TERCEIRO TRIMESTRE
Actualización dos carnés dos lectores e lectoras para iniciar o servizo de préstamo.	Revisión e actualización dos carnés para o servizo de préstamo de alumnado e de profesorado (altas, baixas).	
Revisión das normas da biblioteca para os usuarios.		

Formación de usuarios.	
Confección das listaxes de lectores para o curso 2022-2023.	Actualización de listaxes de lectores de cada aula de Ed. Infantil e Primaria.
Autorización das familias de nova incorporación para responsabilizarse dos materiais en empréstito.	
Revisión e selección de fondos (Expurgo – Restauración)	
Propostas de adquisición tendo en conta as necesidades da biblioteca e as suxestións da comunidade educativa.	Adquisición – Catalogación - Ordenación dos fondos
Realización por parte da persoa coordinadora dun curso de formación no programa de xestión KOHA.	Implementación deste programa na xestión da biblioteca.

III.B. ACTIVIDADES RELACIONADAS CO FOMENTO DA LECTURA

A biblioteca e o equipo docente planificaron as accións para desenvolver as habilidades e **competencias no uso da información e dixitais**, así como para promover a **lectura**.

A meirande parte dos profesores utilizou estratexias para **incentivar o uso da biblioteca** e os recursos documentais na súa actividade pedagóxica.

As **competencias en lectura e escritura** trabállanse con todo tipo de texto (ficción e non ficción) e sobre todo tipo de soporte (impreso e dixital).

A biblioteca intervén na preparación do **Plan de lectura** e coordínase para o logro dos obxectivos comúns.

A biblioteca permanece aberta durante todo o período lectivo, para o cal establécense quendas para que cada titoría acuda na franxa horaria establecida, tanto en E. Infantil como en E. Primaria. Tamén se abre dous días á semana no recreo, para o alumnado de Ed. Primaria.

Tamén se abre para todo o alumnado e profesorado cando se vai realizar algunha actividade de fomento e animación á lectura.

Ademais, permanece aberta en horario extraescolar de luns a xoves, ámbolos dous incluídos en horario de 16 a 17: 15. É atendida por dous mestres de garda.

Resérvase tamén un horario para a xestión técnica que facilita o traballo do Equipo de Biblioteca cando os condicionamentos horarios do centro o permiten.

A continuación detállanse as actividades levadas a cabo durante todo o curso e por trimestres.

A continuación detállanse as actividades levadas a cabo durante todo o curso e por trimestres.

O PROXECTO DOCUMENTAL

No mes de setembro, o Equipo da Biblioteca Escolar en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, tomou a decisión de realizar un proxecto que estivese relacionado co ***Bosque Animado***, libro de Wenceslao Fernández Flórez, autor que tanto representa ao noso centro e á nosa vila.

OBXECTIVOS DO PROXECTO DOCUMENTAL

1. Achegar ao alumnado á figura e á obra de Wenceslao Fernández Flórez, particularmente a través do seu o libro *O Bosque Animado*.
2. Fomentar o coñecemento o coidado dos bosques, especialmente dos autóctonos como a fraga de Cecebre.
3. Dar a coñecer elementos da contorna que aínda próximos, para moitos dos alumnos/as resultan descoñecidos.
4. Fomentar o uso da lingua galega a través da literatura.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

A información relativa á temática do proxecto foi publicada no mes de outubro no blog da biblioteca e comunicada a todas as titorías.

A información de cada unha das actividades levadas a cabo durante o curso, foi transmitida polos integrantes do Equipo de Biblioteca Escolar, nas reunións de ciclo e de nivel.

As actividades realizadas coa temática do proxecto documental descríbense detalladamente a continuación.

DURANTE TODO O CURSO

- ❖ **Deseño e posta en marcha do proxecto documental “O Bosque animado”** que se desenvolveu ao longo de todo o curso a través de diferentes actividades.
- ❖ **Exposición de libros literarios e de consulta para o traballo do proxecto.** Intercálase con outras exposicións temáticas durante as diferentes conmemoracións (Samaín, Día contra a violencia de xénero, Nadal, Día da Paz, Día de Rosalía, Letras Galegas...)
- ❖ **Servizo de empréstito.** Desenvolveuse ao longo de todo o curso co programa informático Koha. A meirande parte do alumnado respecta os materiais que levan para a casa. As familias asinan a autorización para o empréstito no primeiro curso de E.I. e será válida para todo o tempo que o alumno estea escolarizado no Centro. Tamén deberán asinala as familias dos alumnos de nova incorporación. A práctica totalidade das familias acolléronse a autorizar o préstamo e a comprometerse á súa reposición en caso de deterioro ou extravío.
- ❖ **Hora de ler.** Neste curso recuperamos o horario anterior á pandemia e volveuse a levar a cabo para todo o centro de 12:30 a 12:50 por parte dos mestres que teñen docencia directa nesa franxa horaria co alumnado. Os obxectivos marcados intentan dar cumprimento aos do Plan Lector. As lecturas poden ser a elección do alumnado ou seleccionadas polos mestres.
- ❖ **Contacontos en colaboración co Concello.** Durante o primeiro e o terceiro trimestre tivemos en colaboración co Concello dous contacontos dirixidos ao alumnado de Ed. Infantil e 1º de Primaria da *Curuxa Catuxa* e do *Moucho Leroucho*.
- ❖ **Actividades de fomento da investigación, da lectura e da expresión escrita nas diferentes titorías.** Propuxéronse diferentes actividades en colaboración coas titorías e relacionadas coas diferentes conmemoracións que se detallan máis adiante.
- ❖ **Exposición de novidades na biblioteca.** Durante todo o curso estiveron expostas e a disposición dos usuarios e usuarias todas as novidades que foron chegando.
- ❖ Continuamos co **blog** “blogvoreta”. Alí pódense atopar todas as novas relacionadas coa biblioteca así como diferentes recursos para poder traballar o proxecto documental. <http://www.blogvoreta.blogspot.com.es/>.
- ❖ **Instagram.** Continuamos coa conta de Instagram da biblioteca creada o curso pasado para axilizar a comunicación coas familias. Ao longo do curso publicáronse diferentes entradas na mesma coincidindo con celebracións ou actividades da biblioteca.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- ❖ **Preparación do proxecto “O Bosque animado”.** Este curso desenvolvemos o proxecto sobre O Bosque Animado, coñecido libro de Wenceslao Fernández Flórez, autor que da nome ao noso centro. En cada nivel traballamos aqueles aspectos máis axeitados sobre o mesmo.
- ❖ **Decoración do centro coa temática do proxecto.** Ao longo deste trimestre decorouse o centro seguindo a temática do proxecto. Cada aula elixiu unha árbore autóctona das fragas

de Galicia e decorou a súa porta con ela. Tamén se decoraron os corredores así como a porta da biblioteca.

❖ **Club de lectura.** Este curso retomouse a actividade do Club de Lectura. Foi dirixida a 6º de Ed. Primaria e levouse a cabo en sesións quincenais con dous grupos diferentes.

❖ **Mochilas viaxeiras.** As **mochilas viaxeiras** volvéronse a poñer en marcha un ano máis para o alumnado do 1º e 2º ciclo de Ed. Primaria.

❖ **Samaín.** Polo Samaín realizouse unha exposición de cabazas ambientada nun bosque terrorífico, aproveitando a decoración dos corredores sobre a temática deste curso.

❖ **Día contra a Violencia de xénero.** Na biblioteca realizouse unha exposición de libros relacionados coa temática para facilitar o traballo nas aulas. Tamén se engadiron estas lecturas recomendadas a unha publicación no blog. En colaboración con EACE decoráronse as ventás de todo o centro con lazos de cor violeta.

SEGUNDO TRIMESTRE

❖ **Entroido.** Para os disfraces do Entroido a temática elixida foi a do noso proxecto. O alumnado de Ed. Infantil disfrazouse de animais do bosque, o de 1º ciclo de árbores do bosque, o de 2º ciclo de criaturas fantásticas do bosque e o do 3º ciclo de personaxes do libro O Bosque animado. Realizouse un pasarrúas pola vila.

❖ **Día de Rosalía.** Para celebrar este día todo o centro elaborou un marcapáxinas conmemorativo. Tamén tivemos unhas “pequenas Rosalías” de 5º de Ed. Primaria que foron polas diferentes clases explicando a biografía de Rosalía de Castro e recitando algúns dos seus poemas.

❖ **Semana da Prensa.** Nesta semana o alumnado de Ed. Primaria creou noticias coa temática do Bosque Animado, que posteriormente foron colgadas no blog da biblioteca.

TERCEIRO TRIMESTRE

❖ **Día do Libro.** Realizouse un Mercado de Libros de 2º man. O alumnado podía traer da casa un libro que xa lera polo cal recibía un vale. Posteriormente ese vale servíalle para poder levar outro libro dos que trouxeran os seus compañeiros/as. Tamén se realizou esta actividade para familias e profesorado.

❖ **Encontros con autores.** O alumnado de 2º de Ed. Primaria tivo un encontro con *El Hematocrítico*, do que leron o seu libro *Agente Ricitos*. Puideron comentar o libro co autor e asinoules os seus exemplares.

❖ **Mural de Wenceslao Fernández Flórez.** O alumnado de 5º de Ed. Primaria elaborou un mural explicativo sobre o autor.

❖ **Letras Galegas.** En colaboración co EDLG realizouse a actividade final deste proxecto. Todo o centro visitou a casa de Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre. Alí fixéronse **apadriñamentos lectores** nos que o alumnado do 3º ciclo leu fragmentos do Bosque Animado ao alumnado do resto dos cursos. O alumnado de 5º de Ed, Primaria, ademais

visitou o interior da casa e o de 6º de Ed. Primaria unha exposición de fotografías antigas de Cambre. O alumnado de 3º ciclo fixo o camiño de ida ata a casa realizando unha andaina polo paseo do río Mero.

IV.AVALIACIÓN

Facemos primeiramente unha cuantificación do grao de consecución dos obxectivos propostos para este curso que se detallan no seguinte cadro e que foron avaliados no punto II desta Memoria.

	Obxectivo acadado	Obxectivo en proceso	Non acadado	TOTAL
Organización e xestión	8	1	0	9
Dinamización e promoción dos recursos da BE	2	1	0	3
Formación de usuarios e competencia informacional	1	3	1	5
Fomento da lectura e competencia informacional	4	0	1	5
Outras actuacións	4	0	0	4
Avaliación	1	0	2	3
TOTAL	20	5	4	29

Cómpre dicir á vista destes resultados que estamos bastante satisfeitos co nivel de consecución dos obxectivos que nos propuxemos, porque aproximadamente o **66 %** dos

obxectivos foron totalmente acadados e o **22 %** están en vías de lograrse, xa que son obxectivos a acadar a medio ou longo prazo.

O total xa que logo da porcentaxe de obxectivos logrados total ou parcialmente é do **88%**.

Por outra banda, queremos resaltar tamén estes aspectos avaliativos:

1. A **planificación e a avaliación** están coordinadas pola comisión de biblioteca e cóntase cos órganos de dirección e coordinación pedagóxica do centro (Dirección, xefatura de estudos, Comisión de Coordinación Pedagóxica ...). A participación destes axentes está establecida e é permanente.

2. O **equipo directivo** considera a biblioteca como unha das súas prioridades e impulsa estratexias para implantala, integrala e desenvólvela. Ademais, apoia a biblioteca en todas as súas iniciativas de mellora.

3. A biblioteca contéplase como **espazo formativo** nos documentos fundamentais do centro. A súa planificación anual incorpórase á Programación Xeral Anual e a biblioteca aparece nos documentos de promoción e difusión do centro.

4. A biblioteca ten presenza permanente nos distintos **órganos de xestión**, planificación e coordinación pedagóxica do centro. Especificamente, está integrada na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

5. A biblioteca contou cun **orzamento** anual para a adquisición de recursos que provén do PLAMBE o que garante unha actualización equilibrada do fondo.

6. A biblioteca dispón dun orzamento anual para o seu funcionamento ordinario e para organizar actividades que provén dos gastos de funcionamento do centro. As melloras de infraestruturas supeditanse á dispoñibilidade económica do centro ou do Concello de Cambre.

7. A maioría do alumnado acode á biblioteca unha vez por semana ou máis.

8. A meirande parte do alumnado utiliza os recursos da biblioteca cando acode a ela (consulta, lectura de ficción, información, usan o ordenador ...)

9. Funcionamento do blog e da conta de Instagram: Positivo.

10. As **reunións** do Equipo de Biblioteca Escolar foron periódicas. Reunímonos unha vez ao mes para planificar o traballo técnico e revisar e avaliar a marcha das nosas propostas.

11. Existe no centro unha gran demanda de uso da biblioteca como **actividade extraescolar**.

12. Destacamos a ampla acollida que tiveron as **actividades propostas** polo Equipo de Biblioteca, en concreto a participación de todas as titorías na elaboración do proxecto documental, e desde estas liñas queremos agradecer en xeral a toda a comunidade educativa e en particular ao equipo directivo polas facilidades dadas para desenvolver todas as nosas propostas, aos mestres e mestras que acolleron as actividades con entusiasmo e cunha participación total, tanto en educación infantil como en primaria.

V. PREVISIÓNS DE FUTURO

A intención do Centro é seguir participando no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

No prazo sinalado o Equipo de BE presentará o Proxecto para o curso 2023-2024 no que se sinalan as liñas prioritarias de actuación para o próximo curso.

Cómpre seguir actualizando o fondo, xa que unha porcentaxe alta dos volumes son anteriores ao ano 2003.

Asdo. A coordinadora do Equipo de Biblioteca Escolar.

12- MEMORIA DO PLAN ANUAL DE LECTURA CURSO 2022/2023.

1- FUNDAMENTACIÓN

Na nosa Comunidade Autónoma durante o presente curso tomamos como referente os seguintes decretos:

***Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 09/09/14)**

- ✓ **O artigo 3.e** dispón a obrigatoriedade do alumnado de coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- ✓ **O artigo 8.4** indica que o bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a área de Lingua Galega e literatura, que terá un tratamento no centro análogo á de Lingua Castelá e literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario.
- ✓ **O artigo 11.1** establece que sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.
- ✓ **O artigo 15.4** sinala que a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito de lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.
- ✓ **O artigo 18** “Bibliotecas escolares e lectura” dispón que:
 1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias claves.
 2. Este programa de centro será o referente para a elaboración do plan anual de lectura que se incluírá na programación xeral anual.

3. Así mesmo, os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo, ademais de estimular os intercambios culturais no centro.
 4. Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado.
- ✓ **No anexo III**, no bloque 2.6 sinálase como contido a introdución ao uso xeral das bibliotecas de aula e do centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.
- * **Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 26/09/22)**
- ✓ **O artigo 7.e** dispón como obxectivo da Ed. Primaria coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
 - ✓ **O artigo 9.4** establece que a área de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.
 - ✓ **O artigo 16.5** indica que a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular. Para facilitar esta práctica, a consellería con competencias en materia de educación promoverá plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para iso contarase, de ser o caso, coa colaboración das familias ou persoas titoras legais e do voluntariado, así como co intercambio de boas prácticas.
 - ✓ **O artigo 16.9** así mesmo sinala que sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.
 - ✓ **O artigo 33 Bibliotecas escolares a aproximación á lectura** indica:
 1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na

programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

- Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

2- OBXECTIVOS

- Fomentar no alumnado o interese pola lectura e desenvolver o hábito lector.
- Favorecer a comprensión lectora.
- Fomentar no alumnado a lectura como actividade de ocio e desfrute.
- Promover a colaboración e participación das familias e outros membros da comunidade educativa do entorno nas actividades derivadas do plan lector do centro.
- Integrar as TICS no proceso de lectura, escritura e busca de información.
- Estimular o uso de fontes documentais complementarias ao libro de texto, tanto en soportes impresos como en soporte dixital e audiovisual.
- Fomentar no alumnado una actitude reflexiva e crítica mediante o tratamento da información.
- Potenciar o uso e a dinamización da biblioteca do centro.
- Contribuír ao desenvolvemento da competencia lingüística do centro.

Actualmente no noso centro funcionan **seccións bilingües** en **Plástica** en 3º, 4º, 5º e 6º de EP. Os alumnos de 5ºe 6º participan no proxecto **EDIXGAL**.

3- ITINERARIO LECTOR

Para dar cumprimento a estes obxectivos e aos marcados no proxecto lector, as diferentes titorías de Educación Primaria estableceron como lecturas obrigatorias as seguinte

1º curso de EP	<i>Itinerarios de lectura 1x8 Ed. Santillana</i>
2º curso de EP	<i>Sete casas, sete bruxas e un ovo. Ed. SM</i> <i>El lobo Lupas 2. Ed. Anaya</i>
3º curso de EP	<i>Érase una vez Don Quijote. Ed. Vicens Vives</i> <i>Palabras de Caramelo. Ed. Anaya</i>

	<i>El mago de Oz. Ed. Vicens Vives</i>
4º curso de EP	<i>O Nicolasiño. Ed. Loqueleo Santillana</i> <i>Las Brujas Ed. Loqueleo Santillana</i>
5º curso de EP	<i>A señorita Bubble. Ed. Xerais</i> <i>Las Brujas. Ed. Loqueleo Santillana</i>
6º curso de EP	<i>Escarlatina, a cociñeira defunta. Ed. Xerais</i> <i>Formigas. Misión Rosalía. Ed. Xerais</i> <i>Alma de elefante. Ed. Anaya</i>

Para levar a cabo este itinerario lector, contamos coa colaboración das familias. Os alumnos de cada titoría compran un libro cada curso. Este libro se intercambia durante o curso coas titorías do mesmo nivel.

A biblioteca conta tamén con dotación de 25 exemplares iguais para completar as lecturas do curso. Hai 25 exemplares do Quixote adaptado para os alumnos de 3º e 4º e para os alumnos de 5º e 6º. Así asegurámonos que todos os rapaces do centro teñan una iniciación ao Quixote. Tamén contamos con 25 exemplares de varios títulos para todos os ciclos, de maneira que se reduza a compra de libros para as familias.

Neste curso contarase tamén coa plataforma E-LBE.2, que posibilita a lectura colectiva mediante empréstito dixital dun repositorio de libros. É especialmente útil nos cursos de 5º e 6º, xa que dispoñen dun dispositivo por alumno/a ao pertencer ao proxecto EDixgal.

4- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

O tempo de lectura conxunta desenvólvese diariamente de 12:30 a 12:55 para o alumnado na aula ordinaria. Ademais cada titoría dispón dunha hora semanal para préstamos e lecturas na biblioteca. O alumnado estará sempre acompañado por un mestre/a e as actividades levadas a cabo poden ser desde o préstamo ata a investigación, lectura, elaboración de traballos ou as actividades propias deseñadas desde a biblioteca.

5- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR DO CENTRO

1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Empregar o orzamento para ampliar o fondo bibliográfico e documental. Continuar coas subscricións a publicacións periódicas para uso tanto de alumnado como de profesorado e resto da comunidade educativa.
- Radicación deste material nun espazo propio e facilmente accesible.
- Difundir e ensinar o funcionamento básico da biblioteca escolar.

- Continuar o servizo de préstamo empregando o sistema informático.
- Empregar o Programa Meiga para catalogar os novos fondos. Migrar ao novo sistema Koha.
- Uso por quendas da biblioteca escolar, reservando no horario de cada titoría unha hora para o uso deste espazo. O alumnado estará acompañado sempre por un mestre/a e as actividades levadas a cabo poden ser desde o préstamo ata a investigación, lectura, elaboración de traballos ou as actividades propias deseñadas desde a biblioteca.
- Actualización dos carnés de lectores para o seu uso no curso 2022/2023.
- Continuar colocándolle aos libros en galego un distintivo para a súa mellor localización. Tanto para os de carácter literario como os de contido divulgativo.
- Continuar coa adquisición e elaboración de materiais de robótica e a súa difusión entre o profesorado.

2.DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA B. E. EN RELACIÓN CO CURRÍCULO E AS COMPETENCIAS CLAVE DO ALUMNADO

- Continuar co blog e coa conta de Instagram da biblioteca .
- Potenciar e fomentar o uso dos recursos telemáticos e tecnolóxicos existentes na biblioteca.
- Realizar un proxecto documental que implique a todo o persoal docente. Terá carácter transversal a todas as áreas e materias do currículo.

3. FORMACIÓN DE USUARIOS E COMPETENCIA INFORMACIONAL

- Consolidar os hábitos de consulta e manexo da información.
- Organizar visitas guiadas á biblioteca onde se dará a coñecer a disposición dos fondos bibliotecarios.
- Continuar coa formación de usuarios, involucrando ao alumnado no funcionamento da BE e procurando a súa implicación no mantemento da orde.
- Orientar e elaborar materiais para a educación documental.
- Ampliar os fondos divulgativos, tanto impresos como multimedia, en relación co proxecto de centro de educación documental.

4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

- Continuar coa colaboración entre a biblioteca municipal e o colexio: exposicións, conta contos e elaboración de guías de lectura.
- Continuar coa campaña de animación á lectura a través da “hora de ler”, dos conta contos e do teatro escolar.

- Exposicións de libros novos ou relacionados con efemérides, acontecementos ou temas culturais de interese.
- Facer recomendacións de lecturas a través de diferentes medios.
- Promover o préstamo e recomendación de lecturas entre o alumnado.

5. OUTRAS ACTUACIÓN

- Continuar coa contratación do persoal de mantemento dos ordenadores para facer revisión e posta a punto.
- Organizar e distribuír o traballo entre o equipo da BE para a axilización das funcións que lle competen.
- Abrir a BE polas tardes, como actividade complementaria para o alumnado do colexio.
- Abrir a biblioteca escolar durante o tempo do recreo polo menos dous días á semana.

6. ACTIVIDADES

Ao longo do curso	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Exposición de libros. ❖ Hora de ler. ❖ Conta-contos. <i>O Moucho Leroucho</i> e <i>a Curuxa Catuxa</i>. ❖ Encontros con autores. ❖ Visitas. ❖ Radio WFF
1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Selección dos axudantes da biblioteca ❖ Formación de novos usuarios. ❖ Elaboración do Plan de Lectura. ❖ Determinación do Proxecto da biblioteca. ❖ Día contra a violencia de xénero.
2º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Día da Paz. ❖ Día da Muller .
3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Día do libro. ❖ Día das Letras Galegas.

7. AVALIACIÓN

- Analizar trimestralmente os obxectivos acadados, as dificultades xurdidas e as posibilidades de mellora. Completarase cunha valoración por parte do profesorado para coñecer o que aconteceu nas aulas.
- Elaborar, a final de curso, unha memoria das actividades realizadas, dos obxectivos acadados, e das dificultades atopadas.
- Recoller datos cuantitativos ao longo do curso que permitan comparar o funcionamento da biblioteca a través dos anos.

Asdo: A coordinadora do Equipo de Biblioteca Escolar

13- MEMORIA DO EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS (EACE) CURSO 2022/2023.

1. MEMBROS DO EQUIPO

M ^a JESÚS CARRO SÁNCHEZ	Mestra de Educación Infantil.
ROCÍO IGLESIAS ARGÜELLES	Mestra de 1ºE.P
M ^a LUZ CASTELO ESPÍÑEIRA	Mestra de 4ºE.P
MONTSERRAT DOMÍNGUEZ GARCÍA	Mestra de Inglés
RICARDO RUIBAL ARMESTO	Mestre de Educación Física
M ^a SOL BARREIRA LÓPEZ	Mestra de Música e Coordinadora do equipo.

2. OBXECTIVOS.

Os obxectivos programados a principios de curso foron os seguintes:

- Propoñer ao Equipo Directivo a organización e desenvolvemento das diferentes actividades complementarias e extraescolares.
- Informar e facilitar a participación, aos equipos de coordinación docente nas actividades complementarias e extraescolares que oferta o Concello de Cambre e outras entidades.
- Programar, cos equipos de coordinación docente as diferentes saídas pedagóxicas .
- Propoñer actividades para as distintas celebracións e conmemoracións no propio centro.
- Ofrecer materiais en soporte dixital ou manipulativo para participar nas diferentes celebracións.
- Ambientar os espazos de uso común acorde ás diferentes celebracións.
- Promover actividades como contacontos, obras teatrais, actividades de divulgación, obradoiros, charlas...
- Elaborar a información para achegarlle ás familias no referente ás distintas actividades complementarias e extraescolares que se leven a cabo.
- Darlle continuidade e efectividade ao proxecto “Xogos no patio”.
- Restaurar elementos comúns (paneis, taboleiros de cortiza...)
- Colaborar ca ANPA no que se precise en relación ó EACE.
- Coordinarse cos Equipos de traballo restantes (EBE,ETIC, EDLG) para levar a cabo as diferentes actividades complementarias e extraescolares.

De todos eles, traballamos os seguintes:

Saídas pedagóxicas polo entorno, promover actividades no propio centro, busca de materiais dixitais e impresos, visitas virtuais, elaboración da información que se achegou ás familias sobre as distintas actividades, e traballo conxunto, co Equipo de Dinamización Lingüística, Biblioteca e Tics.

Queda pendente a restauración de elementos comúns (paneis, taboleiros de cortiza...) e seguir traballando no Proxecto de “xogos no patio”, pois o material facilitado para os recreos non se coidou o suficiente, por parte do alumnado e remataron o curso sen el.

É necesario organizar actividades de concienciación sobre a importancia de coidar os elementos comúns.

2. CALENDARIO DE REUNIÓN.

As reunións do equipo de actividades complementarias e extraescolares foron as seguintes:

ORDE DO DÍA	DATA
-Constitución do equipo e revisión da memoria para elaborar o novo proxecto.	2 de setembro
-Lectura e revisión do borrador da Programación do equipo EACE para incluíla na Programación Xeral Anual: obxectivos propostos, saídas... -Proposta de actividades de Outono co EDLG.SAMAÍN .	19 de setembro
-Información sobre o falado na reunión de coordinadores de Equipos. -Organización das actividades de outono ,	3 de outubro
- Propostas de actividades das seguintes conmemoracións: <ul style="list-style-type: none"> • Día Universal da Infancia (20 de nov.) • Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de nov.) • Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia (30 de nov. ao 7 de dec.) • Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 de dec.). 	7 de novembro
- Propostas de actividades das seguintes conmemoracións: <ul style="list-style-type: none"> • Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de dec.) • Proposta para a celebración da Festa de Nadal (22 de dec.) 	28 de novembro *
-Información sobre o falado na reunión de coordinadores de Equipos. -Propostas para o Día Internacional da Educación (24 de xan.) -Proposta e organización das actividades para o día da Paz (30 de xan.)	16 de xaneiro
- Proposta de actividades para a celebración do Día de Rosalía (23 de feb.) -Proposta de actividades para a celebración do Entroido (17 de febr.) -Propoñer actividades para o Día Internacional da Muller Traballadora (8 de mar.)	6 de febreiro

-Proposta de actividades para a Semana da Prensa (do 6 ao 10 de mar)	
- Propostas para o Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 de mar.). - Día das Artes Galegas (1 de abril) - Día mundial da Saúde (7 de abr.)	6 de marzo
-Colaborar nas actividades para a Semana do Libro (do 17 ao 21 de abril),en colaboración co equipo de Biblioteca.. Proposta de actividades para: -Día Internacional contra o Acoso Escolar (2 de maio) - Día de Europa (9 de maio)	17 de abril
-Organizar xunto co Equipo de Dinamización da Lingua Galega a Semanadas Letras Galegas (do 15 ao 19 de maio). -Proposta de actividades para o Día Mundial do Medio Ambiente (5 dexuño) Proposta festa de Fin de curso .	15 de maio
-Valoración das actividades realizadas durante o curso. -Propostas para elaborar a memoria final do equipo de actividades complementarias e extraescolares.	23 de xuño
-Lectura, revisión e aprobación da memoria final do equipo.	26 de xuño

Algunha data de reunión variouse respecto á Programación inicial, por motivos organizativos do Centro.

En cada unha destas reunións **elaboramos material para as diferentes celebracións** , co fin de ofrecelas a todos os titores , para a súa posible realización.

Algunha das actividades realizadas, publicáronse no blog “**Celebrandeslao**”, **blog adicado a todas as celebracións conxuntas do noso colexio**, con montaxes fotográficos, vídeos e montaxes wix con recompilación de actividades. Achegamos o enlace a dito blog:

www.celebrandeslao.blogspot.com

3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES REALIZADAS (SAÍDAS E ACTIVIDADES REALIZADAS NO PROPIO CENTRO).

Ao longo deste curso as saídas que se fixeron, quedan reflexadas no seguinte cadro:

- **SAÍDAS**

NIVEL	ACTIVIDADES	DATAS
4º E.I	- Saída á casa Wenceslao	- 23 de maio
5º E.I	- Concierto didáctico - Saída aos Bombeiros- Coruña - Saída á casa Wenceslao - Casa do Queixo	- 20 de abril - 9 de maio - 23 de maio - 5 de xuño
6º E.I	- Aquarium - Saída á casa Wenceslao - Visita a Marcelle	- 10 de marzo - 23 de maio - 12 de xuño
1º E.P	- Visita ao Museo de Belas Artes - Saída a Xanceda - Saída á casa Wenceslao - Visita a Pinteño	- 30 de novembro - 21 de abril - 23 de maio - 20 de xuño
2º E.P	- Visita ao Museo de Belas Artes - Centro ecuestre Pinteño - Saída á casa Wenceslao - Casa do Queixo	- 9 de novembro - 24 de marzo - 23 de maio - 6 de xuño
3º E.P	- Ruta polo Río Mero - Aquarium - Fundación María José Jove - Concierto didáctico - Saída á casa Wenceslao - Visita a Pinteño	- 30 de setembro - 13 de decembro - 3 de marzo - 29 de marzo - 23 de maio - 16 de xuño
4º E.P	- Ruta polo Río Mero - Fundación María José Jove - Concierto didáctico - Saída á casa Wenceslao - Ruta dos Muíños	- 30 de setembro - 14 de marzo - 29 de marzo - 23 de maio - 14 de xuño
5º E.P	- Campo a través - Casa das Ciencias e Planetario - Concierto Didáctico - Saída Enki - Saída á casa Wenceslao	- 9 e 16 de decembro. 17 de marzo. - 19 de xaneiro - 30 de marzo - 19 de abril - 23 de maio
	- Campo a través	- 9 e 16 de decembro.17 de marzo.

6º E.P	<ul style="list-style-type: none"> - Saída Cambre Histórico - Visita á Domus - Concierto didáctico - Saída á casa Wenceslao - Excursión a Marín - Saída ao IES AFONSO X 	<ul style="list-style-type: none"> -13, 14 e 15 de decembro - 1 de febreiro - 30 de marzo - 23 de maio - 5 de xuño - 8 de xuño
---------------	---	--

Outras saídas:

- **Visita ao Centro de Día “Los Olivos”, do Coro do Colexio, formado por alumnos de 4º, 5º e 6º de Primaria. Tivo lugar o martes, 20 de decembro.**
- **Participación do noso Coro no Concerto “Os Soños na Gaiola”, organizado pola Escola Sementeira de Cambre. Tivo lugar, o sábado 20 de maio.**

- **ACTIVIDADES REALIZADAS NO CENTRO**

NIVEL	ACTIVIDADES	DATAS
4º E.I	<ul style="list-style-type: none"> - Contacontos” Moucho Leroucho” - Contacontos 	<ul style="list-style-type: none"> -10 de Outubro e 8 de maio -2 de marzo
5º E.I	<ul style="list-style-type: none"> - Contacontos” Moucho Leroucho” - Contacontos 	<ul style="list-style-type: none"> -10 de Outubro e 8 de maio - 2 de marzo
6º E.I	<ul style="list-style-type: none"> - Contacontos” Moucho Leroucho” - Contacontos - Graduación 	<ul style="list-style-type: none"> - 11 de outubro e 9 de maio - 2 de marzo - 16 de xuño
1º E.P	<ul style="list-style-type: none"> - Contacontos” Moucho Leroucho” 	<ul style="list-style-type: none"> - 11 de outubro e 9 de maio
2º E.P	<ul style="list-style-type: none"> - Visita de El Hematocrítico 	<ul style="list-style-type: none"> - 21 de abril
3º E.P		
4º E.P	<ul style="list-style-type: none"> - Visita dun entomólogo 	<ul style="list-style-type: none"> -15 de novembro
5º E.P	<ul style="list-style-type: none"> -Taller Andoa - Charla Enki 	<ul style="list-style-type: none"> - 3 de outubro - 23 de marzo
6º E.P	<ul style="list-style-type: none"> - Charla Plan Director: Os Perigos de Internet - Charlas de Convivencia do Plan Director - Graduación, organizada pola ANPA, Colaborou na mesma o Coro do Centro. 	<ul style="list-style-type: none"> - 11 de outubro - 11 de xaneiro - 16 de xuño

Semana de Ed. Vial, do 7 ao 15 de novembro, dirixido a todo o alumnado de Primaria e impartido pola Policía Local de Cambre.

Sesión de Cine: “Valentina”; dirixida a todo o alumnado. Foi o día 31 de marzo, para rematar o 2º trimestre.

5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS REALIZADAS.

NIVEL	ACTIVIDADE	DATA	RESUME
TODO O CENTRO	ACTIVIDADES PRINCIPIO DE CURSO	8 e 9 de setembro	-Día 8: Circuito de xogos , un para infantil e outro para Primaria. -Día 9: Visionado de “O Bosque Animado” nas aulas. - Elaboración de chanclas que se colgaron no panel da entrada do edificio principal.
	RUTA DOS SENTIDOS (En colaboración co EDLG)	2ª Quincena de outubro	- Elaboración de postos relacionados co outono (vendima, esfolla, froitos secos, a matanza e o mundo máxico) - Degustación de produtos de outono - Decoración do Centro como se fora unha fraga , acorde co tema da Biblioteca para este curso, “O Bosque Animado”
	SAMAÍN	Do mércores 26 de outubro ao venres 28 de outubro	- Exposición de Cabazas no espazo común do segundo ciclo
	DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA	20 de novembro	-Aprendemos a canción de Unicef, “Os Dereitos dos Nenos” , na aula de música. - Caderno de Unicef sobre Dereitos e emocións, para traballar tanto en relixión como en valores.

			- Exposición dos Dereitos e Deberes dos nenos/as , no mural da entrada do Edificio Principal
	DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	25 de novembro	- Proxecto: “Nin un cristal sen un lazo Violeta” .Levou a cabo unha pegada de lazos en todos os cristais do Centro. - Cantamos: “Color Esperanza” - Proponse vir vestidos de negro ou violeta. - Colgamos globos violetas no Patio cuberto - Decoración do mural da entrada do edificio principal.
	DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE	3 de decembro	- Participamos no Concurso da faxpg:” Cantamos coas mans ”, no último trimestre do curso O vídeo está publicado no blog de música do centro.
	NADAL	Mes de nadal	- Sesión de Cine de Nadal , organizado polo equipo EACE, na última Semana lectiva de decembro. - Visita ao Poboado de Nadal , elaborado polo equipo EACE e grazas a mestra MªLuz Castelo que dirixiu este Proxecto. - Felicitacións navideñas que se repartiron nos comercios de Cambre. Actividade dirixida polo ENDL - Saída do Coro ao Centro de Día “Los Olivos”
		- 27 de xaneiro	-Carreira Solidaria “ Kilos De Paz ”, organizado polos mestres de Educación Física. Na mesma se fixo unha Campaña de recollida de alimentos en favor da

	DÍA DA PAZ	- 30 de xaneiro	<p>Despensa Municipal de alimentos de Cambre.</p> <p>Vídeo publicado na páxina web do centro e no blog Celebrandeslao.</p> <p>- Acto conxunto con actuacións musicais e lectura dun manifesto en favor da Paz (vídeos no blog de música)</p> <p>- Dossier con actividades sobre a Paz que se facilita a todos os titores.</p>
	ENTROIDO	17 de febreiro	<p>- Mandadiños do Meco (semana de entroido).</p> <p>- Pasarrúas por Cambre. Disfraces en torno ao tema “O Bosque Animado”</p> <p>- Interpretación da nosa canción de Entroido no Parque da Igrexa.</p> <p>- Montaxe de vídeo coas fotos dos alumnos disfrazados, de todas as aulas.(Publicado no blog Celebrandeslao e feito polo equipo de TICS)</p>
	DÍA DA MULLER TRABALLADORA	8 de marzo	<p>- Non fixemos o vídeo de mulleres traballadoras proposto por este equipo, pois non chegaron gravacións das familias.</p> <p>- Dossier con actividades para facer nas titorías(carteis, lecturas...)</p>
	FIN DE CURSO	21 de xuño	- Xogos no patio para todo o alumnado

A organización e planificación de todas estas actividades complementarias, extraescolares e conmemoracións, quedan reflexadas no libro de actas deste equipo.

4. OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

- **Manter a coordinación cos outros equipos de traballo:** TICS, Biblioteca e Normalización Lingüística para organizar as actividades complementarias a realizar no período escolar. Continuar traballando cun só proxecto no que colaboraremos todos.

- Retomar o Proxecto **“XOGOS NO PATIO”**, e concienciar ao alumnado de que hai que **coidar o material común**.
- **Colaborar na mellora dos espazos comúns do centro**, proponendo que se continúe coa mellora dos patios , instalando máis mobiliario neles (bancos, mesas con xogos...)

Cambre, 23 de xuño de 2023

Asdo: A Coordinadora do equipo de EACE: María Sol Barreira López

14- MEMORIA DO OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA CURSO 2022/2023.

Durante o curso 2022-2023 o clima de convivencia no centro foi complicado, tendo en conta todos os ámbitos da comunidade educativa.

Ao longo do curso producíronse condutas contrarias á convivencia escolar. Os tipos de conflito máis comúns tiveron lugar entre o propio alumnado, centrándose principalmente en faltas de respecto cara os iguais (insultos, ameazas, agresións leves e graves). Tamén se produciron condutas agresivas contra o profesorado/ Persoal Auxiliar Coidador en tres casos de alumnado con necesidades educativas especiais.

En total, durante o curso 2022-23 rexistráronse:

- **Partes de incidencias: 56**, principalmente por agresións físicas, injurias, ofensas, ameazas, desafío á autoridade, condutas disruptivas e reiteración de faltas de condutas.
- **Rexistros de conduta:** (alumnado con n.e.e) 26.
- **Procedemento corrector incoado por condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:** 1.
- **Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso:** 1.
- **Protocolo de prevención, detección e intervención e intervención do risco suicida no ámbito educativo:** 2
- **Protocolo de absentismo escolar:** ningún. Non obstante, mantivéronse reunións con catro familias por faltar os seus fillos/as bastante a clases esuperar o número de faltas sen xustificar. En todos os casos, a situación reconducise.

En canto as relacións profesorado-alumnado, estas caracterizáronse en xeral por ser cordiais, respectuosas e de colaboración. A pesar diso, nas aulas rexistráronse algunhas condutas disruptivas como falar a destempo cos compañeiros/as, levantarse sen permiso, lanzar algún obxecto de malas formas, non traer os materiais ou tarefas encargadas, etc. Por outra banda o persoal non docente encargado do comedor tivo algún problema debido a desobediencia dos nenos/as nas ordes impartidas. Na maioría das ocasións estes conflitos solucionáronse sen grandes problemas e cando se tiveron que abrir partes de incidencia a tipificación das faltas foi polo xeral leve. As sancións correctoras nestes casos foron amoestacións privadas ou por escrito, comparecencia ante o xefatura de estudo/directora ou a realización de traballos educativos específicos.

Como en cursos anteriores, seguimos observando un maior grado de conflictividade no tempo de lecer do comedor escolar onde o alumnado está baixo a vixilancia das nais colaboradoras; aínda que as zonas de patio do noso centro teñen unha superficie moito

maior da necesaria segundo a normativa vixente.

Detéctanse cada vez máis problemas relacionados cun mal uso das redes sociais e tamén referidos aos videoxogos online.

Dentro do **Plan de Convivencia**, leváronse a cabo diversas **actividades** para fomentar e mellorar dita convivencia:

- **Celebración dos días de conmemoracións** do calendario escolar relacionados coa convivencia (Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración dos Dereitos Humanos, Día Escolar de non Violencia e da Paz, Día Internacional da muller e Día Internacional contra o Acoso Escolar). Estas conmemoracións traballáronse a través de diversas actividades: programas de radio, elaboración de murais, construcións plásticas, lecturas, vídeos, elaboración de *genially* con curtametraxes, actividades solidarias...
- **Carreira solidaria**. O día 27 de xaneiro de 2023 levouse a cabo a “Carreira Solidaria” co fin de colaborar coa *Despensa de alimentos do Concello de Cambre*.
- **Programa de apoio e reforzo educativo impartido pola “Asociación Nacional Presencia Gitana”**. Estivo dirixido ao alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa, non só a nenos/as de etnia xitana senón tamén para todo aquel que precisara de reforzo escolar fóra da aula e as súas familias non podían ofrecerllo. Participaron un total de 13 alumnos/as de Educación Primaria que asistiron ás clases motivados e con regularidade. O programa desenvolveuse todos os luns en horario de 16:00-17:00 e de 17:00 a 18:00, dende o comezo ata final de curso e dentro das instalacións cedidas polo propio centro educativo. Contou con tres mestras/mestres para impartilo. Ademais de reforzar contidos curriculares (lectura, escritura, comprensión e expresión, matemáticas...) tamén traballaron aspectos como a socialización resolución pacífica dos conflitos, a autoestima, habilidades sociais, técnicas de estudo e actividades para a vida (rutinas de hixiene).
- **Plan Director da Garda Civil**. Os días 11 de outubro e 11 de xaneiro, dentro do Plan Director, unha persoa experta das forzas e corpos de Seguridade do Estado (un gardacivil), impartiu unhas charlas informativas e formativas: “Os perigos de Internet” e “Acoso escolar” a todo o alumnado de 6º de Primaria.
- A relación coas familias foi, en xeral, boa. A colaboración das familias supuxo un pilar moi importante á hora de levar a cabo o desenvolvemento da actividade docente. A maioría das familias responderon de xeito moi positivo.

Como **PROPOSTAS DE MELLORA** para a convivencia, cítanse as seguintes:

- Retomar o programa de Mediación Escolar que se desenvolvía no centro con anterioridade a COVID-19.
- Potenciar os “Xogos tradicionais” nos patios, dado que contribúen a mellorar a convivencia entre o alumnado.
- Necesidade de aumento de recursos persoais (profesorado/ Persoal Auxiliar Coidador).

Asdo. A coordinadora do observatorio de convivencia

15- MEMORIA DO PLAN DE IGUALDADE CURSO 2022/2023.

Os **membros** que compoñen a Comisión de Igualdade son os mesmos que compoñen a comisión de convivencia:

Directora: Patricia Coedo Lodeiro (coordinadora).

Xefa de estudos: Laura Casal Berdeal.

Mestras/es: Lucía Vérez Vivero, Ángel R. Villaverde Mariño.

Orientadora do centro: María Isabel García Bruzos.

Pais/nais/ representantes legais do alumnado: Noemí Fontenla Brandariz, Noelia Patricia Alves López.

Representante do persoal non docente: Ana Isabel Álvarez González.

OBXECTIVOS

1. Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
2. Previr, deter e intervir en casos de violencia de xénero.
3. Promover o respecto pola diversidade afectiva.
4. Previr, deter e intervir en casos de LGTBI fobia.

ACCIÓNS E PROPOSTAS DIDÁCTICAS

- Celebración das **conmemoracións do calendario escolar**.
 - Día internacional da Infancia (20 de novembro)
 - Día contra a Violencia de Xénero (25 de novembro)
 - Día da declaración dos dereitos humanos (10 de decembro).
 - Día escolar de non violencia e da paz (30 de xaneiro).
 - Día da muller (8 de marzo).
- **Conmemoración do 8-M**
- **Charlas sobre seguridade na rede.**

O mestre de Educación Física, Ricardo Ruibal Armesto xestionou charlas do Plan Director sobre seguridade na rede.

PROPOSTAS DE MELLORA

Quedaron pendentes una serie de actuacións:

- Reparar os bancos dos patios do colexio con palabras, frases e imaxes relativas á Igualdade.
- Solicitar de novo o **Plan director** impulsado dende a Delegación do Goberno de Galicia e Inspección educativa que ofrece aos centros docentes a posibilidade de charlas informativas/formativas impartidas por persoas expertas das forzas e

corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa sobre temáticas como: acoso escolar, violencia de xénero, novas tecnoloxías...

Sería recomendable levalas a cabo no 1º trimestre, tanto para 5º como para 6º de EP. É importante pedilas tamén para as familias.

- Desenvolver o proxecto de patios inclusivos.
- Seguir a revisar e actualizar as bibliotecas de aula con materiais que fomenten a igualdade, os dereitos e deberes das persoas e a non discriminación.

A responsable do plan de igualdade

16 – MEMORIA DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CURSO 2022/2023

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo fundamental da seguinte Memoria é expor as actividades desenvolvidas polo Departamento de Orientación (DO) ao longo do actual curso escolar, valorando a súa execución e propoñendo melloras para o vindeiro curso.

Considérase que tanto os obxectivos xerais coma os específicos foron, en maior ou menor medida, acadados. Algúns deles víronse parcialmente modificados por diversas circunstancias que ao longo da Memoria serán concretadas.

Unha das principais características a destacar neste curso escolar foi o elevado número de demandas de intervención por parte do DO e, sobre todo, en relación ao alumnado con problemas graves de conduta ou en situación de vulnerabilidade socioeducativa.

Fundamentalmente, tratouse de dar resposta axeitada ás necesidades xeradas pola comunidade escolar (alumnado, profesorado e familias), así como por outras institucións.

2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O DO do CEIP Wenceslao Fernández Flórez constitúese, ao abeiro do Decreto 120/98 do 23 de abril, o día 1 de setembro de 2022, coa seguinte composición:

EQUIPO: COMPOÑENTES		NOME E APELIDOS
Xefa do Departamento de Orientación		M ^a Isabel García Bruzos
Mestra PT definitiva		Lucía Vérez Vivero
Mestra PT de atención preferente		Ana M ^a Fernández Sánchez
Mestra AL definitiva e directora		Patricia Coedo Lodeiro
Mestra AL itinerante		Eva Valdés Aymerich
Coordinadores de ciclo/nivel	Educación Infantil	M ^a Jesús Souto Pereira
	1 ^o e 2 ^o de Educación Primaria	M ^a José Rodríguez Ramos
	3 ^o e 4 ^o de Educación Primaria	Pilar Rilo Otero
	5 ^o e 6 ^o de Educación Primaria	Ricardo Ruibal Armesto

No presente curso 2022/2023 o equipo de Departamento de Orientación estivo formado por unha PT definitiva, unha mestra de atención preferente (PT afín AL), unha AL definitiva con cargo de directora, unha AL itinerante compartida co CEIP Plurinlingüe Graxal, a cal asiste ao noso centro os luns, martes e a metade dos mércores (os martes asiste dúas horas á EEI San Bartolomeu-Pravio), e a orientadora.

Ademais, dentro dos Contratos-Programa Recupera-T, a mestra de PROA+ con perfil de PT (Jéssica Casal Arcas) levou a cabo durante o curso, reforzo e apoio educativo nas tres áreas instrumentais co alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.

No centro contouse tamén con dúas Auxiliares Técnico Educativo a horario completo.

A orientadora acudiu á EEI San Bartolomeu de Pravio unha vez ó trimestre segundo ás súas necesidades xurdidas durante o curso, e para facer seguemento.

3. VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NO PLAN DE ORIENTACIÓN

En xeral, os obxectivos que desde o DO se propuxo ao principio de curso no Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación, fóronse cumprindo en boa medida, aínda que algúns se priorizaron en función das necesidades do centro.

* **A**=Acadado, **AP**=Acadado parcialmente, **NA**= Non acadado

Grao de consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación			
Actuacións	A	AP	NA
Constitución do Departamento de Orientación.	X		
Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do DO.	X		
Revisión do Plan de Orientación.			X
Revisión do Plan de Acción Tutorial.			X
Revisión do Plan xeral de Atención á Diversidade.			X
Revisión do Programa de habilidades e competencias sociais.			X
Revisión da previsión do alumnado co NEAE.	X		
Elaboración dos informes para as Bolsas NEAE do Ministerio.	X		
Elaboración dos horarios dos apoios de PT e AL.	X		
Proposta para organizar e elaborar os apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria.	X		

Grao de consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación			
Actuacións	A	AP	NA
Proposta para organizar e elaborar os horarios do persoal auxiliar coidador.	X		
Colaboración na acollida do alumnado de nova incorporación ao centro educativo.		X	
Realización de avaliacións psicopedagóxicas e informes.		X	
Actualización e seguimento dos informes psicopedagóxicos.		X	
Realización dos ditames de escolarización.	X		
Realización da parte psicopedagóxica das AC propostas.	X		
Asesoramento ao profesorado na realización das AC.	X		
Seguimento das AC por parte do profesorado.		X	
Elaboración dos programas de intervención de PT e AL.	X		
Elaboración dos informes individuais finais de curso de PT e AL.	X		
Informes de altas das intervencións PT e AL.	X		
Elaboración dos informes individuais finais de curso sobre as medidas de reforzo educativo por parte do profesorado.	X		
Revisión dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio.	X		
Proposta de apoios e AC para o vindeiro curso.	X		
Participación nas reunións de avaliación, recollendo información do alumnado atendido polo DO así como de novos casos.	X		
Colaborar co profesorado na cumplimentación de documentos de avaliación.	X		
Asesoramento xeral na acción titorial.		X	
Elaboración e actualización de documentos protocolos para o DO.	X		
Asesoramento e colaboración na elaboración ou revisión de documentos do centro.		X	
Participar na información ás novas familias do funcionamento do centro e do período de adaptación.		X	
Participación na dinamización da Convivencia.		X	

Grao de consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación			
Actuacións	A	AP	NA
Elaboración e aprobación das convocatorias e das actas para as reunións do Departamento de Orientación.	X		
Reunións mensuais do Departamento de Orientación.	X		
Reunións semanais de coordinación coas PT e AL.		X	
Asesoramento á comunidade educativa	X		
Manter actualizado o inventario do material de DO.		X	
Proposta e adquisición de material para o DO.	X		
Colaboración e coordinación cos servizos externos que atenden ao alumnado NEAE.	X		
Aplicación do Programa de Transición á ESO.	X		
Coordinación e reunión co DO do IES.	X		
Visita ao IES do alumnado de 6º de Educación Primaria.	X		
Elaboración dos informes do alumnado que remata a etapa de Primaria e foi obxecto de avaliación psicopedagóxica.	X		
Propostas para a exención de 2ª Lingua Estranxeira (Francés) para o alumnado que vai para 1º da ESO.	X		
Avaliación do Plan Anual de Actividades do DO.	X		
Avaliación do Plan de Orientación.			X
Avaliación do Plan de Acción Titorial.			X
Avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.			X
Elaboración da Memoria do DO.	X		

Das actividades programadas ao comezo do curso, houbo algunhas que non se levaron a cabo ou se realizaron parcialmente por diversos motivos, como por exemplo a revisión dos diversos documentos do centro e do Departamento de Orientación, debido basicamente á falta de tempo por parte da orientadora.

4. VALORACIÓN DA IMPLICACIÓN E PARTICIPACIÓN COS DIFERENTES PROFESIONAIS

Orientación para a organización e funcionamento do centro

Entre os diversos obxectivos acadados en relación ao Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación:

- Coordinación con distintos **axentes externos e institucións**:
 - **Especialistas do EOE**: para o asesoramento e a intervención con alumnado NEAE. Entre o CEIP Wenceslao e a EEI de San Bartolomeu, solicitouse a súa intervención para seis casos de NEE (dous deles por cambio na modalidade de escolarización). O EOE interveu en catro casos.
 - **Departamento de Orientación do IES Afonso X O Sabio (A Barcala)**: mantivéronse reunións (telefónicas e presenciais) para intercambiar información. Coordináronse accións para facilitar o tránsito do alumnado de 6º de EP ao IES e proporcionouse información ao DO do instituto. A final de curso, no mes de xuño, fíxose entrega da previsión do alumnado con NEAE comentando as súas dificultades e necesidades máis relevantes, realizándose os correspondentes informes do alumnado con NEAE que pasa á ESO. Tamén se mantivo contacto telefónico coa orientadora do IES David Buján (Cambre) para facilitar o tránsito do alumnado NEAE á ESO.
 - **Centro de Saúde (Pediatria)**: deriváronse nenos/as co informe psicopedagóxico correspondente. Non houbo ningunha reunión de coordinación co centro de Saúde, algo que sería moi necesario.
 - **Servizos médicos especializados**: realizáronse derivacións de casos e emitíronse informes de seguimento para Atención Temperá do Materno Infantil de Coruña e a Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil.
 - **Especialista de logopedia do Materno Infantil**: levouse a cabo unha reunión por un alumno escolarizado en 4º de EP.
 - **Atención temperá de Sada**: tiveron lugar dúas reunións telefónicas por un alumno de Educación Infantil que asiste a ese servizo.
 - **Por primeira vez tamén se levaron tres reunións presenciais con diversos especialistas dos servizos médicos do Materno Infantil**: dúas delas con Atención Temperá e unha con Saúde Mental. Propúxose un modelo de protocolo para informar dun xeito moito máis rápido que un informe psicopedagóxico.
 - **Servizos Sociais**: houbo unha moi boa coordinación e colaboración dos Servizos Sociais de Cambre co DO. Mantivéronse frecuentes chamadas telefónicas e contacto

por correo para intercambiar información e realizar seguimento dos casos que se teñen no centro. Tamén se mantiveron reunións presenciais con estes servizos para varias intervencións concreta.

- **ASPANAES:** realizouse varias reunións de coordinación por videoconferencia e varias chamadas telefónicas cos profesionais de ASPANAES (directora, orientadora e titora) que tratan e interveñen co alumnado TEA escolarizado no nosos centro na modalidade de escolaridade combinada.
- **ASPRONAGA:** mantívose contacto telefónico para facilitar a transición dun estudante que rematou a etapa de Educación Primaria o curso pasado e foi para ese centro.
- **ASPERGA:** colaborouse no seguimento de dous casos, xunto co profesorado titor.
- **“Asociación Nacional Presencia Gitana”:** coordinámonos con esta asociación que foi a encargada de levar a cabo un programa de apoio e reforzo educativo para o alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa desde outubro ata xuño. O programa desenvolveuse dentro do propio centro educativo, todos os luns en horario de 16:00-18:00. Participaron un total de 13 alumnos/as en situación de vulnerabilidade sociocultural: 1 alumna de 1º EP, 3 alumnos/as de 2º EP, 2 de 4º EP, 1 de 5º EP e 5 de 6º EP.
- **AMARÍ:** Esta asociación traballa coa poboación de etnia xitana. Tivemos dúas reunións por diverso alumnado escolarizado no noso centro.
- **Forzas e corpos de seguridade do Estado:** dentro do Plan Director, leváronse varias charlas informativas. Unha foi a de “Seguridade en internet” e outra de “Acoso Escolar” para o alumnado de 6º de EP, e dúas sesións de educación vial para o alumnado de EP.
- **Concello de Cambre:** neste curso non houbo participación en actividades propostas polo Concello para traballar diversos de temas de Educación en Valores.
- **Profesionais de gabinetes psicopedagóxicos externos** que atenderon a nenos/as dos distintos cursos. Este alumnado na maioría dos casos foi receptor da Bolsa NEAE. Houbo coordinación con varios gabinetes.
- **RAOGAL:** O especialista asignado ao centro foi Eduardo Rodríguez Machado, o cal comezou o servizo no centro no terceiro trimestre. Atendeu a 11 alumnos/as e a dúas nais deste alumnado. É necesario seguir con este servizo por toda a axuda prestada.
- **Psicólogos privados:** mantivéronse varias reunións presenciais e telefónicas por diferente alumnado e diversas casuísticas.

- Realizáronse poucas reunións do departamento co fin de realizar a coordinación e seguimento do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.
- Compra dalgún material para o alumnado NEAE, así como para o DO.
- Cumprimentouse a principio e a final do curso escolar os cuestionarios de recollida de datos estatísticos de atención á diversidade (**DRDADI**) e de orientación (**DRDORIENTA**) mediante a aplicación informática, a través dos enderezo <https://www.edu.xunta.es/drdadie> <https://www.edu.xunta.es/drdorienta>.
- Elaborouse a Memoria do DO a finais de xuño.

Orientación e colaboración co profesorado

- Non foi posible manter as reunións semanais de coordinación coas especialistas en PT e AL (luns de 16:00-17:00) nas que se podían realizar o seguimento do alumnado con NEAE e se propuxeron novas directrices de intervención. Este feito non foi posible pola asistencia da orientadora e das propias especialistas a diversas reunións con distintas familias do alumnado do centro.
- As reunións mensuais do DO cos coordinadores de ciclo e niveis desenvolvéronse con regularidade e respectando as datas fixadas previamente segundo o calendario de reunións elaborado polo Equipo Directivo.
- Coordinámonos co persoal auxiliar coidador para atender o alumnado NEE que precisaba da súa axuda na adquisición de autonomías.
- Houbo unha coordinación continua da orientadora coa directora, a xefa de estudos e a secretaria.
- Asistiuse ás sesións de avaliación e toma de decisións cara aos seguintes trimestres e curso.
- En colaboración coas especialistas de PT e AL, elaboráronse e reelaboráronse (despois de cada avaliación), os horarios de apoio ao alumnado con NEAE.
- Colaborouse na detección das NEAE e no tratamento das mesmas, aínda que faltou moito tempo para poder atender todos os casos.
- Participouse puntualmente na procura de metodoloxías e materiais específicos para contribuír a facilitar certas aprendizaxes ao alumnado: materiais adaptados, libros especializados, estratexias de estimulación da linguaxe, estratexias de modificación de conduta, etc.
- Realizáronse reunións coas persoas titoras que demandaron unha avaliación psicopedagóxica, para recoller información e para informarlles dos resultados.

- No terceiro trimestre reunímonos co profesorado de 6º para preparar a transición á seguinte etapa educativa. Realizouse unha reunión cos titores/as e coas dúas orientadoras do IES de A Barcala para transmitir información relevante sobre o alumnado en xeral (tamén das NEAE) e facilitarles a organización dos grupos para o curso 2023-24 no IES.

Orientación ao alumnado

- Realizáronse avaliacións psicopedagóxicas do alumnado e tamén se revisaron e ampliaron informes, se ben quedou bastante traballo pendente para o vindeiro curso por falta de tempo.
- Fixéronse intervencións individuais con algúns alumnos/as por diversas dificultades (emocionais, condutuais, familiares, rendemento académico...).
- No terceiro trimestre, levouse a cabo o **Programa de Tránsito de 6º de EP á ESO**, coordinándonos coas orientadoras do Instituto adscrito.

Orientación ás familias

- Mantivéronse entrevistas coas familias dalgúns alumnos/as, ás veces por petición da familia, e outras por petición dos/as titores/as, aos que se lles realizou unha avaliación psicopedagóxica, e unha vez rematado a avaliación, informóuselles sobre seus os resultados.
- Colaborouse cos Servizos Sociais do Concello nas actuacións que se desenvolven con algunhas familias do alumnado. Mantivéronse frecuentes contactos entre a orientadora e as traballadoras e educadoras sociais para informar sobre nenos/as en situación de risco de exclusión social.
- Individualmente, nos casos que se valorou oportuno, mantivéronse entrevistas titor/a-orientadora coa familia para tratar cuestións concretas relacionadas coa educación dos seus fillos e fillas, ofrecéronse pautas específicas de actuación, e orientóuselle no uso de recursos e servizos do contorno que deben complementar a acción educativa desenvolvida no centro.
- Mantivéronse reunións de asesoramento e orientación con determinadas familias.
- Informouse e asesorouse ás familias sobre Bolsas NEAE, elaborando os informes xustificativo das necesidades educativas correspondentes.
- Por parte do equipo directivo, levouse a cabo a Xornada de Portas Abertas para que as familias do novo alumnado de 3 anos (curso 2023-24) coñecese o centro.

5. DATOS ESTADÍSTICOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (CURSO 2022-2023)		
INDICADORES		Nº total
Alumnos/as que recibiron apoio de PT		17
Alumnos/as que recibiron apoio de AL		34
Informes psicopedagóxicos		10
Informes de PT		17
Informes de AL		34
Informe de previsión de alumando NEE (2023-24)	Para a Inspectora de zona	1
	Para IES adscrito	1
Informes para Servizos Médicos		10
Informes de fin de etapa de EP para o IES do alumnado con NEAE		13
Informes para Servizos Sociais		0
Informes para Menores		0
Informes para o Xulgado		0
Informes Bolsas NEAE 2022-23		19
Informes de avaliación psicopedagóxica inicial para admisión de alumnado		0
Informe do DO de alumnado NEAE por cambio de centro.		0
Ditames de escolarización		1
Adaptacións curriculares elaboradas e aprobadas		3
Informes de Flexibilización da duración do período de escolarización (EI e EP)		0
Solicitudes de intervención do EOE		6
Reunións con familias de alumnado NEAE por parte da orientadora		67
Reunións con diversos axentes	Inspector da zona	1
	Servizos sociais	2
	EOE	4
	ASPANAES, ASPERGA, ASPRONAGA	4

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA A ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS PT/AL

Os criterios que se seguiron para atender ao alumnado NEAE foron:

- 1) Alumnado con NEE (con informe psicopedagógico e/ou informe médico), derivadas de: discapacidade (intelectual, motora, sensorial), TEA, trastorno grave de conduta, trastorno grave da comunicación e da linguaxe, diversas Síndromes e pluridiscapacidade.
- 2) Retraso madurativo.
- 3) TDAH.
- 4) Alumnado con Adaptacións Curriculares.
- 5) Alumnado con dificultades na adquisición e desenvolvemento da linguaxe oral: TEL (trastorno específico da linguaxe), mutismo, retraso simple da linguaxe/fala. Problemas da fala (diglosia, disartria, dislalia, disfemia).
- 6) Alumnado con necesidades educativas transitorias (alteracións funcionais no eido da lingua oral e /ou escrita, matemáticas...)
 - Alteracións da lectura-escritura.
 - Alteracións nos procesos lóxicos e matemáticos.
 - Desfase curricular.
 - Ritmos lentos de aprendizaxe e dificultades de aprendizaxe.
- 7) Alumnado repetidor.

7. MEMORIAS DAS ESPECIALISTAS DE PT E AL

7.1. Memoria da PT definitiva

Alumnado atendido

Durante o curso 2022/23 recibiron apoio un total de 14 alumnos/as por parte da mestra definitiva de Pedagogía Terapéutica.

A modalidade de atención deste alumnado foi dentro e fóra da aula ordinaria en función das necesidades e características individuais. Houbo cambios de modalidade, froito de decisións pedagógicas que foron xurdindo ao longo do curso. O horario de PT cambiou ao longo dos trimestres, afectando ao nº de sesións asignadas a cada alumno, priorizando necesidades asociadas a TEA e problemas de conduta. Isto repercutiu negativamente en outros alumnos que recibiron menos apoios dos desexables ou recibiron apoio por distintos mestres sendo máis complexa a coordinación entre o profesorado.

A distribución do alumnado atendido por etapas e niveis é a seguinte:

EDUCACIÓN INFANTIL	
Nivel	Nº de alumnado
4º EI	2
5º EI	1
6º EI	0

EDUCACIÓN PRIMARIA	
Nivel	Nº de alumnado
1º EP	0
2º EP	3
3º EP	2
4º EP	4
5º EP	0
6º EP	2

A casuística atendida responde a necesidades asociadas a: TEA, TEL, TDAH, retraso madurativo, retraso na aprendizaxe por situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural, dificultades específicas de aprendizaxe (lectura, escritura e matemáticas).

Na valoración da coordinación, como cursos anteriores, bótase en falta dispoñer dun tempo específico para manter reunións, fundamentalmente cos titores e outros mestres implicados e co propio departamento. As reunións coas familias solápanse coas do D.O. O desexable sería buscar outro horario para o D.O. que permitira manter unha reunión semanal.

A coordinación cos distintos membros consistiu:

- Cos titores/as: establecendo as prioridades a traballar, pautas metodolóxicas, adaptación de materiais e intercambio de información sobre a evolución e necesidades xurdidas.
- Coa mestra de AL con alumnado en común: intercambiando información sobre a evolución e pautas metodolóxicas, e o establecendo dunha liña común de traballo.
- Coas coidadoras: para seguir as mesmas liñas a nivel condutual e comunicativo.
- Coa Xefatura do DO: intercambiando a información pertinente sobre necesidades e evolución.
- Coas familias: proporcionando información sobre a evolución e pautas de actuación, facilitando algúns materiais e recibindo deles información do ámbito externo ao centro e das súas inxerencias.
- Cos axentes externos, procurando traballar nunha mesma liña de actuación.

Valoración da repercusión das medidas de apoio

O apoio ofrecido valórase como positivo, variando o grao de consecución de obxectivos duns casos a outros (detallado no informe correspondente de cada alumno). Todos beneficiáronse do mesmo, pero a falta de horario fixo que moitos recibiran menos sesión das desexables para falar dun apoio de calidade :

- Con dous casos empezouse a intervir a finais de abril, sendo máis unha toma de contacto e coñecemento mutuo. Aínda que observase que son dous alumnos que poden avanzar moito cun apoio constante na aula.
- Un caso foi flutuante durante os distintos trimestres. Houbo avances, aínda que obsérvanse condutas que alertan de dificultades futuras, sendo outro caso que necesitaría un apoio continuado na aula. A evolución debe valorarse sempre respecto a si mesmo, xa que hai un desfase importante respecto ao seu grupo clase.
- Hai dous alumnos que avanzaron considerablemente, conseguindo bastantes obxectivos dos propostos.
- Hai tres casos que evolucionaron bastante, pero debido as súas necesidades, requiren dunha figura de referencia na aula, que xunto ao titor/a, poidan minimizar as dificultades condutuais que xorden no día a día e permitir un avance na súa aprendizaxe, así como facilitar un clima de aula axeitado para o resto de compañeiros/as destes alumnos. Un deles precisa AC para o vindeiro curso.
- Catro alumnos conseguiron moitos obxectivos marcados pero precisan automatizar e xeneralizar as ferramentas aprendidas para que sexan efectivas na aula.
- Do alumnado atendido, hai dous casos onde se observa unha baixa tolerancia á frustración, sendo un gran hándicap para a súa aprendizaxe.
- Hai outros dos alumnos que rematan a escolarización no noso centro e van a precisar moita axuda polas súas circunstancias persoais. Sendo moi importante a parte emocional e motivacional.

7.2. Memoria da mestra de Atención Preferente (PT afín AL)

Durante o curso 2022/23 recibiron apoio 5 alumnos por parte da mestra especialista de pedagogía terapéutica afín en audición e linguaxe que está no centro en réxime de comisión de servizos (atención preferente coa denominación TEA). Dita mestra tivo un período de baixa laboral comprendido entre o 24 de abril e o 22 de xuño, por mor dun accidente de traballo acontecido pola acción dun alumno con NEE que atende no seu horario de traballo,

feito posto en coñecemento á administración educativa. A descrición desta memoria vai referida á data antes do período mencionado no tocante á evolución do alumnado atendido.

A modalidade de atención deste alumnado é fóra da aula ordinaria en sesións individuais de 50 minutos ou ben de carácter mixto (dentro e fóra da aula) cunha frecuencia semanal variable segundo as características, a severidade da casuística presentada e o número de sesións dispoñibles no horario. Un alumno ten adaptación curricular significativa cunha modalidade de escolarización combinada con ASPANAES e neste curso flexibilizou o seu período de escolarización como medida de carácter extraordinario.

A distribución do alumnado atendido por etapas e niveis é a seguinte:

EDUCACIÓN INFANTIL	
4º nivel	1 alumno
5º nivel	2 alumnos

EDUCACIÓN PRIMARIA	
2º nivel	1 alumno
6º nivel	1 alumno

A casuística atendida responde a necesidades asociadas a TEA ou trastorno do neurodesenvolvemento con afectación considerable na área da comunicación, linguaxe e relación social.

A coordinación establécese cos seguintes axentes:

-Os titores/as, en relación á información da natureza das alteracións, á evolución do alumnado na intervención e ao asesoramento na elaboración da AC, así como nas pautas de actuación e nas estratexias metodolóxicas.

-As familias, en coordinación cos titores/as e coa xefatura do DO.

-A mestra de PT, no caso de dous alumnos compartidos, e unha mestra de apoio con dispoñibilidade horaria, no caso dun alumno compartido na atención docente.

-A xefatura do DO, con respecto ao intercambio de información referido ás familias e á evolución da intervención educativa do alumnado.

-O profesorado do CEE, a través da xefatura do DO, no caso do alumno con escolarización combinada.

-Os especialistas externos no ámbito privado que realizan unha labor de apoio.

Cómpre indicar que segue a estar presente durante este curso a dificultade, na xornada matinal ou na tarde dos luns, para atopar tempo para realizar as sesións de coordinación

cos titores/as, mestra de PT e profesorado de apoio por mor do solapamento das gardas de recreo e outras reunións de diversa índole pautadas na planificación do horario de traballo na organización do centro escolar.

A nivel xeral **a evolución do alumnado atendido**, así como a colaboración e a motivación en relación ás tarefas propostas nas sesións de intervención é positiva durante o curso. Non obstante, con respecto ao grado de consecución dos obxectivos da intervención hai que subliñar a dificultade atopada en tres alumnos por mor da severidade da súa afectación que interferiu a súa evolución. En dous destes casos é característica a lentitude da aprendizaxe e noutro caso a existencia de comportamentos disruptivos de alta frecuencia no eido da conduta impediron o aproveitamento óptimo dun número importante das sesións.

No presente curso prodúcese a alta no centro escolar do alumno de 6º EP que flexibilizou o período de escolarización. O resto do alumnado continuará coa atención recibida de parte do DO dada a severidade e persistencia no tempo das súas dificultades.

A mestra substituta de pedagogía terapéutica, que estivo atendendo a este alumnado dende o 26 de abril ata o 22 de xuño, coincide coa mestra na lenta evolución do alumnado. No caso do alumno con comportamentos disruptivos, puideron aproveitarse moi poucas sesións debido a un número importante de ausencias do alumno xunto coas súas condutas que estropeaban o desenvolvemento das sesións.

7.3. Memoria da AL definitiva

a) Cantidade de alumnado ao que se apoiou ao longo do curso (ensinanza e nivel educativo.

Durante o presente **curso escolar 2022-2023**, na **aula de Audición e Linguaxe** atendéronse un total de 15 alumnos/as por parte da mestra de AL definitiva no centro con redución horaria ao compatibilizalo coa dirección do centro educativo.

A **modalidade de atención** ao alumnado foi fóra da aula de referencia en sesións de 25-30 minutos ou 50 minutos dependendo da casuística do alumnado.

A **distribución do alumnado por etapa e niveis** é a seguinte:

EDUCACIÓN INFANTIL	
Nivel	Nº de alumnado
4º EI	2

EDUCACIÓN PRIMARIA	
Nivel	Nº de alumnado
1º EP	4
2º EP	5
3º EP	4

A **casuística atendida** responde a: dificultades na linguaxe (en todos os ámbitos do mesmo: forma, contido e uso) e de fala (dislalias múltiples, rotacismos) e trastornos no desenvolvemento.

Do alumnado atendido no presente curso 22/23, causou alta: 1 alumna.

Para levar a cabo ditas actuacións desenvolvéronse as seguintes **estratexias metodolóxicas**, partindo sempre dun enfoque globalizado, no que se pretendeu que as aprendizaxes acadadas foran significativas, polo que se tivo en conta:

- As aprendizaxes previas do alumnado.
- O traballo na zona de desenvolvemento próximo.
- As habilidades do neno/a, para non centrarse só nas dificultades.
- Unha aprendizaxe por observación-imitación ou moldeado.
- O principio do xogo.
- O feedback correctivo.
- Comprobar a comprensión dos contidos traballados.
- Proporcionar as axudas visuais, auditivas, táctiles que se precisaron e que se retiraron progresivamente.
- Empregar expansións sintácticas e semánticas durante os períodos de intervención.
- Xeneralizar as aprendizaxes a contextos cada vez máis naturais de interacción.
- Primar a comunicación sobre a linguaxe e dentro da linguaxe contido sobre forma.

Tamén se deben de ter en conta outro conxunto de **estratexias metodolóxicas** que se empregaron nas **outras facetas do traballo dentro do centro educativo** e que permitiron organizar/planificar a atención educativa ao alumnado coma son as referidas a:

- Realizar reunións periódicas dos Departamentos, Equipos, de xeito que se tivo un seguimento do alumnado e se levaron a cabo actuacións educativas coordinadas e coherentes.

- Tomar decisións nos órganos de coordinación que repercutían na vida diaria do centro.
- Desenvolver protocolos unificados para demandar axudas, avaliar, facer un seguimento do alumnado, etc.
- Manter un contacto periódico co profesorado do alumnado que recibía atención educativa por parte da AL para coordinarse, asesorar, resolver dúbidas, comprobar progresos ou estancamentos....

Así coma as que teñen que ver coa **orientación ás familias** entre as que se poden destacar:

- Reunións informativas individuais coa familia do alumnado que recibe apoio da especialista de AL, onde se lles mostrou o traballo realizado polos/as seus/súas fillos/as e os seus progresos.
- Pedirlles a súa colaboración en determinados momentos da intervención para facilitar a xeneralización do aprendido a outros contextos distintos dos de aula.

b) Valoración da coordinación co profesor – titor e co profesorado das áreas ou materias.

As coordinacións producíronse en determinados momentos do curso e informouse dos progresos nas diferentes avaliacións.

Debe mellorarse este aspecto, este ano ao asumir a dirección do centro resultoume máis difícil exercer esa labor coa continuidade requirida.

c) Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.

Positivas, houbo unha progresión en todos os casos. Se ben nalgúns, débese valorar ao inicio do curso seguinte (23/24) se están totalmente afianzados os aspectos traballados, e noutros casos débese seguir a intervir ata acadar os obxectos programados nos seus respectivos programas de intervención.

d) Previsión para o curso seguinte e propostas de mellora.

Do alumnado co que se traballou este curso débese seguir a intervir con 12 alumn@s e valorar ao inicio do curso a evolución de 2. Ademais das necesidades que poidan xurdir no curso 22/23.

Propostas de mellora:

- Mellorar a coordinación co profesorado titor ou o que imparte a materia ao alumnado, tendo unha reunión canda menos unha vez ao mes os luns pola tarde, dentro do horario de permanencia no centro.

- Seguir a optimizar os tempos de intervención a fin de desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado.

7.4. Mestra AL itinerante

Durante o curso 2022/2023 impartíronse as sesións de AL2 de maneira itinerante, co CEIP Graxal. Ademais, debido a que a EEI de San Bartolomeu comparte Departamento de Orientación co noso centro, atendéronse alumnos alí un día á semana.

A) DETALLE DO ALUMNADO QUE RECIBIU APOIO EDUCATIVO

Este curso recibiron apoio un total de 17 alumnos/as (10 alumnos/as de EI e 7 alumnos/as de EP) con NEAE. A modalidade de atención ao alumnado foi fóra da aula de referencia en sesións de 25-30 minutos ou 50 minutos, dependendo da casuística do alumnado.

5º A EI: 1 alumno que presenta dificultades na expresión oral (dislalias).

5º B EI: 1 alumno que presenta dificultades na expresión oral (dislalias).

6º A EI: 4 alumnos/as que presentan dificultades na expresión oral (dislalias).

6º B EI: 4 alumnos/as que presentan dificultades na expresión oral (dislalias).

3º B EP: 3 alumnos/as que presentan dificultades na expresión oral (dislalias).

4º A EP: 1 alumno que presenta dificultades na adquisición do galego.

4º B EP: 1 alumno que presenta dificultades na fluidez verbal (disfemia).

6º B EP: 2 alumnos que presentan dificultades na lectoescritura.

Na EEI de San Bartolomeu foron atendidos 2 alumnos. Ambos presentan dificultades na expresión oral pero a distintos niveis.

Durante este curso deuse unha alta e valóranse 3 altas de cara ao curso que vén.

A **metodoloxía** que se utilizou na aula de audición e linguaxe baseouse nos seguintes principios de intervención:

- Partir do nivel de competencia curricular e de desenvolvemento dos alumnos/as.
- Axudar ao alumnado a descubrir, interiorizar e transferir novas e mellores estratexias cognitivas, coa conseguinte repercusión emocional.
- Axudar a que o alumno/a sexa o precursor/a da súa propia aprendizaxe.
- Procurar que as aprendizaxes sexan significativas e funcionais.

- Organizar os contidos mediante un enfoque globalizador.
- Considerar o xogo como recurso.

Partimos da concepción da linguaxe como comunicación, e do xogo como estratexia de intervención e elemento motivador formulando, polo tanto, actividades lúdicas, variadas e divertidas para que os nenos e as nenas aprendan mentres se divirten.

A técnica de aprendizaxe que se empregou fundamentalmente para o desenvolvemento da capacidade articulatoria foi a imitación.

Todos os exercicios que se propuxeron teñen unha finalidade educativa e requiren participación e esforzo por parte dos alumnos/as. É necesaria a constancia e a participación dos mesmos, para chegar a formar hábitos correctos que eliminen os defectuosos. As actividades tiveron un carácter progresivo.

A maiores, sinalar que se creou un clima motivador dentro da aula para favorecer situacións comunicativas e para elo empregaremos unha linguaxe rica e precisa, presentando en todo momento modelos correctos de articulación.

B) VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO.

Non houbo un horario establecido como tal para manter reunións de coordinación co profesorado titor ou especialista, pero a comunicación foi fluída e continua sobre as áreas nas que se realizou intervención de apoio, intercambiando informacións sobre o alumnado e establecendo obxectivos, valorando a súa consecución e liñas metodolóxicas comúns de actuación.

C) VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO NO ALUMNADO.

Dadas as necesidades e casuísticas do centro, non se puideron adicar as sesións necesarias a cada alumno/a e quedou alumnado por atender. De cara ao curso que vén sería conveniente ter en conta a este alumnado para evitar que os erros da fala se transfiran á linguaxe escrita, circunstancia que xa se está a dar en algúns dos casos.

D) PREVISIÓNS CARA O SEGUINTE CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA.

Tendo en conta o alumnado atendido durante este curso, débese dar continuidade ao apoio a 13 alumnos/as e valorar ao inicio do seguinte curso a evolución de 3 nenos/as.

Propostas de mellora:

Aumentar e mellorar a coordinación co profesorado titor, establecendo un horario concreto para ditas reunións.

8. CURSOS DE FORMACIÓN REALIZADOS POLOS COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Formación de coordinación entre os equipos de orientación específicos e os departamentos de orientación, celebrado o 26/04/23 no CFR da Coruña.
- A adición aos videoxogos, da asociación Agalure celebrado o 20/01/23.
- Atención educativa ao alumnado TEA na aula ordinaria, celebrado desde o 24/01/23 ata o 14/02/23 no CFR da Coruña.
- Formación sobre a realización do PEM (en Santiago de Compostela).
- PFPP de Polos Creativos, celebrado no propio centro escolar durante o curso.
- Curso sobre o apego na escola.
- Abordaxe das condutas desafiantes en Tea, impartido pola federación de autismo de Galiza, en setembro do 2022.
- Congreso de convivencia e benestar emocional, Xunta de Galiza, celebrado en marzo do 2023.
- Alumnado con TEA na túa aula, modalidade en rede impartido polo CAFI, do 24/10/22 ata o 12/12/2022.
- Formación para a acreditación da competencia dixital docente nas áreas 5 e 6 do nivel A2, impartido polo CAFI do 20/03/23 ao 19/04/2023.
- Formación para a acreditación da competencia dixital docente nas áreas 3 e 4 do nivel A2, impartido polo CAFI do 21/03/23 ao 19/04/2023.

9. DIFICULTADES ATOPADAS NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN ANUAL

Entre as principais dificultades para desenvolver o Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación ao longo deste curso, sinálanse as seguintes:

- A maior dificultade coa que nos atopamos neste curso foi atender ao alumnado con graves problemas condutuais e socioemocionais que supuxo moita carga de traballo e esixiu un elevado grao de coordinación entre os distintos axentes (familias, Servizos Médicos, EOE, Inspección, Servizos Sociais, Unidade de Acompañamento e Orientación -UACO-, gabinetes privados, etc.). Isto impediu sobre todo que puidésemos cumprir con todas as

avaliacións psicopedagógicas e intervencións solicitadas polo profesorado titor, quedando pendentes para o próximo curso.

- O Servizo de Atención Temperá do Concello, tan necesario para a contorna, non chegou a arrancar como é debido e paralizouse ao pouco tempo de poñerse en marcha o curso pasado. Houbo nenos/as que deixaron de estar atendidos e puxeron problemas desde o Materno Infantil, debido a que tardou en facerse oficial que ese servizo xa non existía no concello.
- Realizáronse varias modificacións nos horarios dos apoios (PT, AL e profesorado con dispoñibilidade horaria) debido á aparición de novos casos e tamén por precisar máis apoio sobre todo co alumnado con NEE.
- Outro dos maiores problemas foi o elevado número de alumnos/as que tiveron que atender as especialistas tanto de PT como de AL. O curso pasado había unha PT máis, e este ano quedaron moitos nenos/as sen atender por contar cunha PT menos.
- Houbo bastantes alumnos/as con NEAE que precisaban recibir maior número de sesións para que a intervención fose máis efectiva e poder así atender adecuadamente ás súas necesidades educativas, pero que non as tiveron por falta de dispoñibilidade horaria das PT e AL.
- Resultou moi complicado realizar as reunións semanais de coordinación da orientadora coas PT e AL. Dentro do horario dos luns pola tarde (16:00-17:00), a maioría das veces tivemos que asistir a reunións importantes coas familias e o profesorado titor. Pola contra, sí se puideron levar a cabo sen ningunha dificultade as reunións mensuais do DO e coordinadores/as de ciclo.
- Tendo en conta a situación de pandemia e o elevado número de problemas emocionais do alumnado, botouse moito en falta unha coordinación estreita e directa dos Servizos de Pediatría e de Saúde Mental Infanto-Xuvenil cos Departamentos de Orientación da zona para poder actuar con maior rapidez e eficacia.
- Houbo actitudes pouco colaboradoras nun número moi reducido de familias en relación a intervención educativa dos fillos/as.

10. PROPOSTAS DE MELLORA

- Novo horario para a reunión do DO, xa que coincide co horario de atención ás familias. Moitas veces non se realizaron esas reunións por acudir ás titorías. Podería utilizarse un día xuntando a hora de ler e o recreo, implicando a liberación de gardas, nese día en concreto, para as mestras de apoio e a xefatura do DO. Outra proposta sería pedir una

modificación de horarios dos luns pola tarde, pasando as reunións coas familias a última hora da tarde.

- Máis dotación de recursos humanos (PT e AL). Hai moitos casos do centro que requiren una atención constante por parte do profesorado de apoio. Cando se abra o prazo, solicitar unha praza de atención preferente de trastornos graves de conduta. Este curso non saíu a convocatoria para dita solicitude.
- Adecuar un espazo do centro para crear unha aula sensorial, dado que temos unha casuística que se beneficiaría deste recurso.
- Establecer pautas de actuacións comúns para todo o profesorado ante problemas de conduta concretos.
- Establecer pautas de actuacións comúns para todo o profesorado en relación ao alumnado TEA.
- Insistir na importancia das reunións de coordinación desde o 1º trimestre que afectan a distintos mestres/as na intervención respecto a un mesmo alumno/a, fundamentalmente co alumnado NEE en EI e EP, co fin de acordar criterios de actuación e proposta de actividades (involucrando tamén a profesorado de apoio na aula e ao persoal coidador de ser o caso).
- Realizar un grupo de traballo ou solicitar asesoramento e formación en relación aos trastornos de apego e a súa intervención.
- Organizar os apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria para que, na medida do posible, os docentes fagan os apoios no mesmo nivel/ciclo no que imparten.
- Necesidade de actualizar todos os Plans do Departamento de Orientación conforme á nova normativa en materia de atención á diversidade (Orde do 8 de setembro de 2021).

En Cambre, a 26 de xuño de 2023.

Xefatura do Departamento de Orientación,

María Isabel García Bruzos

17 – MEMORIA PROA+ CURSO 2022/2023

1.IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Código do centro: 15002165

- Nome do centro: CEIP Wenceslao Fernández Flórez
- Concello: Cambre
- Provincia: A Coruña

2.- ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA (ALUMNADO BENEFICIARIO DO REFORZO, DISTRIBUCIÓN HORARIA, COORDINACIÓN CO EQUIPO DOCENTE, PARTICIPACIÓN DA FAMILIA...).

O reforzo realizouse principalmente fóra da aula, agás na aula de 4ºB que levouse a cabo dentro da mesma.

O alumnado beneficiario de reforzo foi o alumnado con dificultades comprendido entre os cursos de 3º a 6º da etapa de educación primaria.

A distribución horaria das sesións asignadas a cada grupo foron as seguintes:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ªh		4ºA	3ºC	4ºB	
2ªh		5ºA	3ºA	3ºB	
3ªh	6ºC	5ºB	3ºB	6ºA+B+C	6ºB
R	Acompañamento				
4ªh	6ºB				3ºB

5 ^ª h	6 ^º A				
------------------	------------------	--	--	--	--

A coordinación co equipo docente levouse a cabo co Equipo Directivo, cos titores e titoras e co Departamento de Orientación. Este desenvolveuse de xeito semanal segundo as diferentes necesidades.

En canto á participación da familia, a maioría foron moi receptivas en canto a comezar co programa e nalgunha titoría manifestaron que estaban moi contentos coa atención individualizada así como que observaban progresos no proceso de ensinanza aprendizaxe dos seus fillos/as. Asemade, a maioría queixábase das poucas horas nas que recibían apoio os seus fillos/as.

3.- METODOLOXÍA EMPREGADA.

A continuación, neste apartado, detallarase como foi a metodoloxía levada a cabo durante a posta en marcha do reforzo PROA+.

Seguindo o especificado no *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, a metodoloxía didáctica empregada foi fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

Así mesmo, a metodoloxía empregada variou segundo o momento de traballo, utilizando: o traballo colaborativo e cooperativo, agrupamentos en gran grupo, parellas ou individual e tendo en conta os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, así como, partindo dos seus intereses. A continuación detallarase máis especificamente:

- Traballo cooperativo: utilizando estruturas como 1-2-4, que consiste en que o alumnado fai a tarefa de maneira individual, a continuación a corrixe e complementa

en parellas e por último en equipo.

- Traballo manipulativo: co emprego de diñeiro, imaxes, palillos...
- Gráfico: co emprego da ortografía visual, esquemas, mapas conceptuais, comprensión de problemas matemáticos...
- Encadeamento cara atrás: quitando apoios progresivamente, por exemplo na división.
- Apoio no traballo aula coa axuda de esquemas e mapas conceptuais.
- Actividades significativas: empregando o diñeiro e simulando un mercado.
- Traballo de caligrafía: apoio no cambio de letra enlazada a letra de imprenta.
- Rutinas de pensamento: que me piden, que sei, como podo resolver o que me piden...

4.- GRAO DE DESENVOLVEMENTO E CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS, ATENDENDO AOS SEGUINTES INDICADORES:

a) Porcentaxe de alumnado implicado que mellora o seu rendemento académico nas materias obxecto do reforzo (1-100).

Un 35% do alumnado implicado mellora o seu rendemento.

b) Porcentaxe de alumnado implicado que aproba as materias obxecto do reforzo na avaliación final (1-100).

Aproximadamente un 88% do alumnado implicado aproba a materia de lingua castelá y literatura, un 76% a de lingua galega e literatura e un 73% a área de matemáticas.

c) Grao de satisfacción do centro educativo e docentes co proxecto e traballo desenvolto.

En base as enquisas realizadas, o 100% dos docentes manifestaron sentirse moi satisfeitos co desenvolvemento do programa.

d) Grao de satisfacción do alumnado e familias co programa desenvolto.

Baseándome novamente nas enquisas realizadas, en canto ao grao de satisfacción do alumnado, o 50% manifestou estar moi satisfeito co reforzo educativo realizado durante o presente curso, o 34% manifestou estar bastante satisfeito, o 4% manifestou estar medianamente satisfeito, o 10% manifestou estar pouco satisfeito e o 2% nada satisfeito.

En canto ao grao de satisfacción das familias, as que contestaron as enquisas declararon estar moi satisfeitos co desenvolvemento do programa un 26%, un 24% manifestou estar bastante satisfeito, un 10% medianamente satisfeito, un 6% pouco satisfeito e os restantes, un 34% non devolveron a enquisa.

5.- AVALIACIÓN. FERRAMENTAS EMPREGADAS E RESULTADOS OBTIDOS.

Para valorar o programa basearémonos nos seguintes items:

- Valoración do programa por parte do profesorado, alumnado e familias.
- Mellora do nivel do alumnado nas materias impartidas.

Para a valoración do programa empregáronse as seguintes técnicas e instrumentos de avaliación: observación, escalas de valoración e cuestionarios. A totalidade do profesorado móstrase moi satisfeito co desenvolvemento do programa, aínda que unha das propostas de mellora é o aumento de horas, o cal poderíase conseguir cunha xornada completa.

En canto á resposta do alumnado foi boa, a maioría móstranse entre moi satisfeitos e bastante satisfeitos nas enquisas realizadas. Asemade, na maioría do alumnado mostráronse avances grazas a súa implicación na aula e na casa. Cómpre reflexar o caso dun par de alumnos que, a pesar de traballar nas clases de apoio, había pouco traballo na casa, polo que a súa melloría é pouco apreciable.

Por último, en canto ás familias, como xa mencionei en apartados anteriores, a súa opinión

sobre a participación do centro no programa PROA+ foi boa.

De cara a avaliar o desenvolvemento do programa e como proposta de mellora, considero que ao abarcar tantos cursos (dende 3º ata 6º de EP), o profesorado implicado no desenvolvemento deste programa debería estar a xornada completa, posto que a xornada reducida atopámonos con moitos grupos que só dispoñen dunha sesión de reforzo semanal, que é moi pouco para manter unha continuidade e lograr un reforzo ou apoio efectivo.

En Cambre, a 17 de xuño de 2023

Asdo: A docente PROA+: Beatriz Lage Viariño

18 – MEMORIA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR CURSO 2022/2023

No presente curso 2022/2023, o comedor escolar funcionou dende o 8 de setembro de 2022 ao 21 de xuño de 2023, coincidindo co total de días lectivos do curso escolar.

Fixeron uso do servizo de comedor:

TOTAL USUARIOS

Total comensais alumnado EI e EP	332
Total comensais persoal cociña	4
Total comensais persoal colaborador	15
Total comensais persoal profesorado	2
<u>TOTAL COMENSAIS.....</u>	<u>353</u>

TIPO DE USUARIOS COMEDOR

Total con axuda (0,00€)	166
Total con axuda (1,00€)	51
Total con axuda (2,50€)	16
Total sen axuda (4,50€)	94
<u>TOTAL alumnado usuario</u>	<u>327</u>

O servizo funcionou segundo a organización establecida no Protocolo de Funcionamento do Comedor Escolar aprobado polo consello escolar e publicado na páxina web do centro.

- Atendéronse as intolerancias previamente xustificadas con informe médico.
- Atendéronse as solicitudes puntuais de dieta branda solicitadas e xustificadas previamente.

- A inspección sanitaria anual non se levou a cabo neste curso escolar como ven sendo habitual.
- Leváronse a cabo a cargo dos fondos da conta de comedor as reparacións e melloras das instalacións que foron detectadas e as que solicitou o equipo de cociña.
- Os menús foron aprobados pola comisión de comedor do consello escolar cada trimestre e publicados no taboleiro do centro e na páxina web.
- As instalacións foron compartidas pola empresa que xestiona o servizo de Mañanceiros previa solicitude á Consellería de Educación.
- A asistencia ao comedor escolar foi controlada segundo o protocolo de funcionamento.
- Seguiuse co mesmo número de persoal colaborar que aumentou o curso 20/21 debido a pandemia e o cal é altamente necesario.
- Na zona de Primaria hai dúas quendas de comedor. Na primeira quenda come 3º e 4º de Educación Primaria, os cales, atopan a comida servida nas bandexas e no seu sitio; e, nunha segunda quenda xanta 5º e 6º de Educación Primaria que empregan o servizo de bufete, servindo desde as dúas mesas de servir coas que conta o centro por persoal do comedor. O alumnado de 2º de Educación Primaria que tamén come nesta zona do comedor dispón de todo o tempo para comer, empregando o mesmo tempo que ten Educación Infantil e 1º de Educación Primaria.

Dificultades atopadas:

- O comedor está funcionando co número de persoal de cociña que marca a normativa vixente. (Comedor tipo D: 4 persoas de cociña para 350 comensais). Se ben dende a metade de curso pasamos a ter autorizados 353 comensais, polo que seríamos un Comedor tipo E, pero non nos cambiaron de categoría polo que non houbo incremento de persoal.
- Durante todo o curso tivemos dificultades para poder contar co número de colaboradores autorizado pola Consellería, houbo moitas baixas e ausencias prolongadas sen ter os repostos para o persoal

autorizado nalgúns momentos. Polo que houbo que solicitar persoal durante o curso.

- Dado que a meirande parte das familias precisan o servizo de comedor por incompatibilidade cos seus horarios laborais, é moi difícil conseguir persoal colaborador suficiente. Solicitamos que non se reduza para o próximo curso o número de colaboradores autorizados neste, 15 colaboradores.
- A norma que obriga a nomear a persoal novo cada curso resulta prexudicial para o funcionamento do servizo, impide que se poida aproveitar a formación e a experiencia do ano anterior.
- O tempo de lecer do comedor é onde se producen máis conflitos entre o alumnado, sendo este tema tratado na comisión de convivencia.

Propostas de mellora:

- Dar continuidade á “Volta ao Mundo Gastronómica”.
- Organizar actividades de formación en convivencia e atención ao alumnado no tempo de lecer para as persoas colaboradoras do comedor escolar.
- Diseñar procedementos, normas,...para mellorar o clima de ruído no momento do xantar.
- Seguir co plan de actividades e distribución de espazos para o tempo de lecer do comedor escolar.

Asdo, A responsable do comedor

19 – MEMORIA ANPA FENDETESTAS CURSO 2022/2023

1. PROGRAMA DAS ACTIVIDADES

1.1 INTRODUCCIÓN

As actividades extraescolares desenrólanse dende o 12 de setembro ata o remate do curso o 21 de xuño.

1.2 CADRO DE ACTIVIDADES / HORARIOS / PRAZAS OFERTADAS

Neste apartado, recollemos de maneira esquemática, tódalas actividades, horarios e prazas que ofertamos, e a súa ocupación ao longo do curso.

EDUCACIÓN INFANTIL

EDUCACIÓN INFANTIL					OCUPACIÓN			
DIA	ACTIVIDADE	Horario	Cursos	Prazas Ofertadas	Setembro	Xaneiro	Abril	Xuño
LUNS	Patinaxe	16 a 17:15	Ed. Infantil	14	15	15	15	14
	Xogos-Ludoteca	16 a 17:15	Ed. Infantil	12	12	11	10	10
MARTES	Playing English Infantil I	16 a 17:15	Ed. Infantil	10	10	10	10	10
	Zumba infantil	16 a 17:15	Ed. Infantil	12	12	14	11	11
MERCORES	Talleres infantis-Feito a man	16 a 17:15	Ed. Infantil	12	24	24	22	21
XOVES	Música	16 a 17:15	Ed. Infantil	12	13	14	15	15
	Xogos Predeportivos	16 a 17:15	Ed. Infantil	12	12	12	11	11

EDUCACIÓN INFANTIL/PRIMARIA

EDUCACIÓN INFANTIL/PRIMARIA					OCUPACIÓN			
DIA	ACTIVIDADE	Horario	Cursos	Prazas Ofertadas	Setembro	Xaneiro	Abril	Xuño
MERCORES	Ximnasia Ritmica	16 a 17:15	6º E.I - 2º E-P	15	17	16	14	14

EDUCACIÓN PRIMARIA

DIA	ACTIVIDADE	Horario	Cursos	Prazas Ofertadas	OCUPACIÓN			
					Setembro	Xaneiro	Abril	Xuño
LUNS	Informática II	16 A 17:15	3º E.P – 4º E.P	12	14	14	14	14
	Patinaxe II	16 A 17:15	1º E.P – 2º E.P	15	15	15	16	16
	Xadrez	16 a 17:15	Ed. Primaria	12	16	16	16	16
	Playing in English IV	16 a 17:15	5º E.P - 6º E.P	10	10	10	8	8
	Ximnasia Ritmica II	16 a 17:15	3º E.P – 6 E.P	15	18	17	16	16
MARTES	Capoeira	16 a 17:15	Ed. Primaria	15	22	21	20	20
	Ciencia Divertida	16 a 17:15	Ed. Primaria	12	12	12	12	12
	Fútbol	16 a 17:15	Ed. Primaria	25	28	30	30	30
	Informática IV	16 A 17:15	4º E.P – 6º E.P	10	10	10	10	8
	Pintura I	16 A 17:15	1º E.P. – 3º E.P	24	23	24	23	23
	Pintura III	17:15 a 18:30	Ed. Primaria	12	13	12	11	11
MERCORES	Informática III	16 a 17:15	4º E.P – 6º E.P	10	10	10	12	12
	Patinaxe II	16 a 17:15	Ed. Primaria	15	20	20	18	19
	Playing in English	16 a 17:15	1º E.P – 2 E.P	10	11	12	11	11
	Teatro	16 A 17:15	Ed. Primaria	12	15	15	15	13
	Zumba Kids III	16 a 17:15	3º E.P – 6º E.P	12	13	11	10	9
XOVES	Baloncesto	16 a 17:15	Ed. Primaria	25	29	29	31	31
	Informática II	16 A 17:15	1º E.P	10	12	11	12	11
	Judo	16 a 17:15	ED. Primaria	15	25	26	24	23
	Pintura II	16 A 17:15	4º E.P. – 6º E.P	12	25	25	25	25
	Playing in English III	16 a 17:15	3º E.P – 4 E.P	10	12	12	13	13
	Zumba Kids II	16 A 17:15	1º E.P – 2º E.P	12	13	13	11	11

VENRES	Natación II	16:15 a 17	Ed. Primaria	40	40	40	40	40
				Prazas	Setembro	Xaneiro	Abril	Xuño
TOTAL				444	521	521	506	498

1.3 OBXECTIVOS DAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Obxectivos xerais, comúns a tódalas actividades deportivas:

- Buscar unha familiarización con tódalas actividades deportivas
- Adquirir unha técnica básica de cada unha das actividades deportivas
- Coñecer as regras básicas de cada unha das actividades
- Mellorar as capacidades psicomotoras fundamentais
- Participar nas actividades establecendo relacións equilibradas cos demais
- Buscar a mellora integral do individuo
- Proporcionar unha formación educativa mediante as actividades deportivas
- Buscar unha continuidade no xogo, que permita disfrutar da actividade

ACTIVIDADES CULTURAI

Obxectivos xerais, comúns a tódalas actividades culturais:

- Buscar unha familiarización con tódalas actividades
- Adquirir unha técnica básica de cada unha das actividades
- Adquirir novos coñecementos
- Participar nas actividades establecendo relacións equilibradas cos demais
- Buscar a mellora integral do individuo
- Proporcionar unha formación educativa

Os contidos que se imparten en cada actividade estarán adaptados ao nivel e necesidades do grupo. Cada monitor/educador realizará unha avaliación inicial adecuando os contidos á diversidade do grupo. Xa que o intervalo de idades é amplo. Ó tratarse de actividades

extraescolares e de iniciación deportiva, levarase a cabo dándolle moita importancia ao aspecto lúdico-recreativo, a través dunha metodoloxía centrada no xogo.

1.4 ACTIVIDADES DEPORTIVAS

BALONCESTO			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Ed. Primaria. Dividido en 2 grupos	Xoves	16:00 a 17:15	Pavillón Sofía Toro
CONTIDOS			
<input type="checkbox"/> Control e recepción <input type="checkbox"/> Pases e conducción <input type="checkbox"/> Tiros, regates e fintas <input type="checkbox"/> Defensa <input type="checkbox"/> Situacións: 1x1, 2x1, 2x2, 3x2, 3x3, 4x3, 4x4, 5x4, 5x5			

CAPOEIRA			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Ed. Primaria	Martes	16:00 a 17:15	Ximnasio colexio
CONTIDOS			
<input type="checkbox"/> Coñecemento das regras básicas da capoeira <input type="checkbox"/> Identificación e familiarización cos diferentes instrumentos musicais que se utilizan. <input type="checkbox"/> Coñecemento dos movementos básicos da capoeira: ginga, esquivas, patadas... <input type="checkbox"/> Coñecemento do ritmo e danza na capoeira <input type="checkbox"/> Coñecemento sobre a historia e filosofía da capoeira (respecto, colaboración, valores, coeducación...)			

FÚTBOL SALA			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Ed. Primaria. Dividido en 2 grupos	Martes	16:00 a 17:15	Pavillón Sofía Toro
CONTIDOS			
<input type="checkbox"/> Control e recepción <input type="checkbox"/> Pases e conducción <input type="checkbox"/> Tiros, regates e fintas <input type="checkbox"/> Defensa <input type="checkbox"/> Situacións: 1x1, 2x1, 2x2, 3x2, 3x3, 4x3, 4x4, 5x4, 5x5			

Os participantes participaron na seguinte exhibicións:
 ✓ Domingo 23 abril: Exhibición Concello de Cambre. Cada grupo coa súa coreografía.

XADREZ			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Ed. Primaria	Luns	16:00 a 17:15	Aula da ANPA
CONTIDOS			
<input type="checkbox"/> O taboleiro e as pezas <input type="checkbox"/> O movemento das pezas e o valor das pezas <input type="checkbox"/> O vocabulario de xadrez <input type="checkbox"/> O xaque e o xaque mate, os mates básicos <input type="checkbox"/> O enroque <input type="checkbox"/> As táboas <input type="checkbox"/> A anotación das xogadas			
COMPETICIÓNS/EXHIBICIÓNS			
<p>Os participantes puideron inscribirse no Campionato de Xadrez que se celebra tódolos anos no Concello de Cambre, pertencente ao Deporte Escolar zona comarcal. 7 foron os participantes que acudiron as seguintes xornadas::</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Domingo 12 marzo no pavillón Sofía Toro de Cambre ✓ Domingo 26 de abril no pavillón Sofía Toro de Cambre <p>Os 7 participantes da actividade (xa que xuntos non facían grupo mínimo), xogaron co equipo do Consorcio das Mariñas, xa que xuntos non facían grupo.</p>			

XIMNASIA RÍTMICA			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
6º E.I.º a 2º Ed. Primaria	Luns	16:00 a 17:15	Ximnasio colexio
3º a 6º Ed. Primaria	Mércores	16:00 a 17:15	
CONTIDOS			
<input type="checkbox"/> Movementsos de brazos, tronco, pernas, cabeza, ombros <input type="checkbox"/> Traballo da expresión corporal e ritmo <input type="checkbox"/> Movementsos de salto, equilibrios e xiros. <input type="checkbox"/> Desenvolvemento da flexibilidade. <input type="checkbox"/> Elementos técnicos. Enlaces básicos <input type="checkbox"/> Familiarización e manexo dos aparatos: Aro, Mazas, Cinta, Pelota e corda. <input type="checkbox"/> Montaxe de coreografías			
COMPETICIÓNS/EXHIBICIÓNS			
<p>As participantes participaron na seguinte exhibicións: ✓ Sábado 22 abril: Exhibición Concello de Cambre. Con 4 grupos de coreografías.</p>			

XOGOS PREDEPORTIVOS			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Educación Infantil	xoves	16:00 a 17:15	Aula Psicomotricidade
CONTIDOS			
<input type="checkbox"/> Estruturación do esquema corporal <ul style="list-style-type: none"> - Orientación do esquema corporal - Afirmación da lateralidade - Representación e toma de conciencia do propio corpo <input type="checkbox"/> Coordinación motora <ul style="list-style-type: none"> - Coordinación dinámica xeral - Coordinación visomotora <input type="checkbox"/> Estruturación espacial e temporal			
Os contidos desta actividade traballarase a través do xogo e de maneira global			

1.5 ACTIVIDADES CULTURAIS

CIENCIA			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Primaria	Martes	16:00 a 17:15	Aula Teatro
CONTIDOS			
Realización de experimentos, fomentando o facer práctico (tocar, manipular permite comprender conceptos). Reforzo de coñecementos sobre o entorno. Fomento da observación, análise e reflexión (pensar por si mesmos, habilidades comunicativas).			

INFORMÁTICA			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Informática II 3º e 4º Ed. Primaria	Luns	16:00 a 17:15	Aula informática colexio
Informática IV 5º e 6º Ed. Primaria	Martes		
Informática III 4º e 6º Ed. Primaria	Mércores		
Informática I 1º e 3º Ed. Primaria	Xoves		
CONTIDOS			
<ul style="list-style-type: none"> • Teclado, rato e memorias extraíbles • Mecanografía • Word, Excel, scratch, Internet 			

MÚSICA E MOVEMENTO			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Educación infantil	Xoves	16:00 a 17:15	Aula música
CONTIDOS			
Canto, expresión vocal e instrumental Xogos motores e musicais.			

Aproximación aos elementos e parámetros musicais (linguaxe musical).
 Xogos rítmicos con percusións corporais e con obxectos.
 Expresión corporal de estados anímicos, emocións, sons, patróns rítmicos, etc.
 Representacións musicais (concursos de música, musicais, esqueches).
 Improvisacións vocais e instrumentais.

PINTURA			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
I: 1º a 3º ed. Primaria.	Martes	16:00 a 17:15	Aula ANPA
II: 4º a 6º educación primaria.	Xoves		
III: Educación primaria:.	Martes	17:15 a 18:30	
CONTIDOS			
Carbón: debuxo, manexo dos carbóns, luces e sombras			
Óleo: coñecemento do material, manexo do pincel, coñecemento da cor (escala de cores)			
Acuarela: coñecemento dos materiais, a aguada, as cores, os fondos, as formas			

PLAY ENGLISH			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Educación infantil	Martes	16:00 a 17:15	Aula Psicomotricidade
1º e 2º de educa. Primaria	Mércores		Aula colexio
3º e 4º educación primaria	Xoves		Aula Teatro
5º e 6º educación primaria	Luns		
CONTIDOS			
<input type="checkbox"/> Comprensión do inglés falado <input type="checkbox"/> Conversación no idioma <input type="checkbox"/> Aprendizaxe de vocabulario			

TALLERES- FEITO A MAN			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Educación infantil: dividido en dous grupos	mércores	16:00 a 17:15	Aula ANPA / Aula M
CONTIDOS			
Habilidades e destreza manuais (praxia fina)			
Expresión artística			

TEATRO			
GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Educación primaria	Martes	16:00 a 17:15	Aula teatro
CONTIDOS			
<ul style="list-style-type: none"> • Diferentes tipos de baile moderno • O corpo en movemento 			

- Expresión corporal:
- Respiración, declamación
- Improvisación
- Traballo sobre un texto determinado e ensaios escénicos
- Preparación dun Traballo e exposición

COMPETICIÓNS/EXHIBICIÓNS

Ao final do curso os participantes fixerón a representación da obra "O museo encantado"

XOGOS-LUDOTECA

GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Grupo luns:	Luns	16:00 a 17:15	Aula M

CONTIDOS

- Coñecemento e práctica de xogos populares e tradicionais.
- Mellora das habilidades e destrezas físicas.
- Respecto polas normas, regras e polos compañeiros.

ZUMBA KIDS

GRUPOS	DÍA	HORARIO	INSTALACIÓN
Grupo: Ed infantil	Martes	16:00 a 17:15	Pasillo Ed. Infantil
Grupo: Ed primaria 3º a 6:	Mércores		
Grupo: Ed. primaria 1º a 2º	Xoves		

CONTIDOS

Aprendizaxe de diferentes bailes de zumba
 Expresión corporal a través da música e xogos musicais.
 Traballo da memoria motriz e capacidade creativa na execución e deseño dos bailes.
 Traballo do ritmo e a danza

COMPETICIÓNS/EXHIBICIÓNS

As participantes participaron na seguinte exhibicións:

- ✓ Sábado 3 maio: Master Class, xunto coas ANPAS dos CEIPs, de Portofaro, Emilio González López de Brexolema e Gonzalo Torrente Ballester de Sigras..

Asdo: ANPA FENDESTESTAS